

# PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA 2000-2006

# PEDEGA



XUNTA DE GALICIA



# PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA 2000-2006

# PEDEGA



A edición desta publicación está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)

Edición: Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda
Elaboración: D. X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios
Edición coordinada polo equipo técnico formado por:
José Andrés Faiña Medín
Juan José Lirón Lago
Pilar García Quince
Juan Conde Fontao
Julia Ribao López
Jesús Fernando Fernández Munín
I.S.B.N.: 84-453-3200-7
D.L.: C-2311-01
Imprime: GRAFISANT, S.L.

# Índice xeral

Presentación ........ 15

PARTE I

1. Análise e diagnóstico: tendencias recentes, situación actual e perspectivas do sistema socioeconómico de Galicia ........ 21
1.1. Análise da evolución socioeconómica ........ 22
1.1.1. A evolución dos factores de desenvolvemento de carácter estructural........ 22
1.1.2. Evolución e situación actual dos factores de localización industrial, as actitudes industriais fronte á innovación e a demanda de servicios avanzados ás empresas. ........ 29
a) Os factores de localización industrial de Galicia en 1998 e os cambios producidos na última década ........ 30
b) A demanda de servicios avanzados por parte das empresas industriais galegas en 1998 ........ 32
c) As perspectivas de innovación e as preferencias tecnolóxicas das empresas industriais de Galicia en 1998........ 34
d) Unha síntese dos factores clave da base empresarial de Galicia en 1998: os perfís das empresas innovadoras e exportadoras........ 36
1.1.3. A evolución do mercado de traballo........ 38
a) Os cambios globais........ 38
b) A situación da muller no mercado de traballo ........ 43
c) O cambio cualificativo........ 47
1.1.4. A evolución da producción e da converxencia real de Galicia con España........ 53
1.2. Análise da evolución territorial en Galicia ........ 67
1.2.1. O actual modelo de desenvolvemento económico de Galicia: a combinación do espacio co sistema económico e social........ 67
1.2.2 A proxección transnacional das tendencias territoriais de Galicia: A oportunidade de consolida-la Euro-rexión Galicia/Norte de Portugal ........ 94
1.3. Reflexión sobre as actuacións recentes en favor do desenvolvemento rexional ........ 102
1.3.1. Análise da estratexia formulada para o período 1994-1999 ........ 103
1.3.2. O desenvolvemento da estratexia durante o período 1994-1998 ........ 107
a) A execución do gasto........ 108
b) Os resultados obtidos durante o período 1994-1998........ 109
c) A relación coas outras políticas comunitarias........ 113
d) Os impactos das intervencións ........ 114
1.3.3. Balance final das intervencións........ 122

PARTE II

1. Proposta estratéxica xeral ........ 127
1.1. Os escenarios de referencia: as condicións do contorno e o papel da programación no desenvolvemento rexional ........ 127
1.2. Fundamentos da estratexia xeral: os problemas que hai que resolver á luz da experiencia recente ........ 132
1.3. Enfoque estratéxico xeral: fins, obxectivos e instrumentos ........ 139
a) Fins económicos e políticos........ 141
b) Obxectivos finais........ 141
1.3.1. Obxectivo final 1.A: Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial........ 144
1.3.2. Obxectivo final 1.B: Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia ........ 144
1.3.3. Obxectivo final 2.A: Mellora-la accesibilidade do territorio........ 144

1.3.4. Obxectivo final 2.B: Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento ..................... 145
1.3.5. Obxectivo final 2.C: Protexer e mellora-lo medio ambiente ............................................. 145
1.3.6. Obxectivo final 3.A: Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano ..................................................................................................... 146
1.3.7. Obxectivo final 3.B: Aumenta-los recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade ..................................................................................................... 146
1.3.8. Ámbito de actuación nº 4: Aumenta-la eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo ......................................................................................... 147

2. Proposta operativa da estratexia: Obxectivos intermedios e programas de actuación.................................... 148

2.1. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 1.A: Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial ............................................... 148
2.1.1. Obxectivo intermedio 1.A.1: Promove-lo xurdimento de estratexias empresariais competitivas ....................................................................................................... 150
2.1.2. Obxectivo intermedio 1.A.2: Incrementa-la proxección exterior do tecido productivo........ 151
2.1.3. Obxectivo intermedio 1.A.3: Diferencia-la producción e aumenta-la súa calidade............. 152
2.1.4. Obxectivo intermedio 1.A.4: Mellora-la accesibilidade ó financiamento empresarial......... 152
2.1.5. Obxectivo intermedio 1.A.5: Desenvolve-los servicios avanzados ás empresas................. 153
2.2. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 1.B: Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia.......................................................... 157
2.2.1. Obxectivo intermedio 1.B.1: Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agrogandeiro ........................................................................................ 161
2.2.2. Obxectivo intermedio 1.B.2: Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo da madeira ......................................................................................................... 165
2.2.3. Obxectivo intermedio 1.B.3: Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar/industria ..................................................................................................... 168
2.2.4. Obxectivo intermedio 1.B.4: Potencia-lo desenvolvemento integrado dos complexos industriais de singular importancia.......................................................................... 173
2.2.5. Obxectivo intermedio 1.B.5: Potencia-lo desenvolvemento selectivo do turismo............... 180
2.3. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 2.A: Mellora-la accesibilidade do territorio ................................................................................................ 183
2.3.1. Obxectivo intermedio 2.A.1: Conecta-las estradas de alta capacidade coas áreas metropolitanas e o interior de Galicia ................................................................... 186
2.3.2. Obxectivo intermedio 2.A.2: Mellora-la rede de estradas convencionais........................... 187
2.3.3. Obxectivo intermedio 2.A.3: Moderniza-lo ferrocarril .................................................... 188
2.3.4. Obxectivo intermedio 2.A.4: Promove-la diversificación funcional dos portos.................. 189
2.3.5. Obxectivo intermedio 2.A.5: Desenvolver unha rede intermodal de centros loxísticos ...... 190
2.3.6. Obxectivo intermedio 2.A.6: Potencia-las infraestructuras de acceso á información.......... 190
2.3.7. Obxectivo intermedio 2.A.7: Desenvolver novas aplicacións das tecnoloxías da información ......................................................................................................... 191
2.3.8. Obxectivo intermedio 2.A.8: Mellora-la accesibilidade ós recursos enerxéticos ................ 192
2.3.9. Obxectivo intermedio 2.A.9: Mellora-la accesibilidade ós recursos hídricos...................... 194
2.3.10. Obxectivo intermedio 2.A.10: Habilitar espacios acondicionados para a instalación de empresas e mellora-las infraestructuras industriais ....................................................... 194
2.4. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 2.B: Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento............................................................................ 195
2.4.1. Obxectivo intermedio 2.B.1: Promove-lo desenvolvemento integrado do hábitat rural....... 195
2.4.2. Obxectivo intermedio 2.B.2: Consolida-la Euro-rexión Galicia / Norte de Portugal e promove-la cooperación con outros espacios rexionais.................................................. 197
2.5. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 2.C: Protexer e mellora-lo medio ambiente ............................................................................................................ 198
2.5.1. Obxectivo intermedio 2.C.1: Preserva-la calidade das augas............................................. 198
2.5.2. Obxectivo intermedio 2.C.2: Reduci-lo volume de residuos e mellora-los sistemas de tratamento............................................................................................................... 199
2.5.3. Obxectivo intermedio 2.C.3: Preserva-lo patrimonio natural............................................ 200

2.5.4. Obxectivo intermedio 2.C.4: Potencia-lo uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética ..... 201
2.6. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 3.A: Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano ..... 201
2.6.1. Obxectivo intermedio 3.A.1: Mellora-lo sistema de saúde..... 202
2.6.2. Obxectivo intermedio 3.A.2: Conserva-lo patrimonio cultural e a identidade rexional da poboación residente ..... 203
2.6.3. Obxectivo intermedio 3.A.3: Facilita-lo acceso á vivenda e mellora-las súas condicións de habitabilidade ..... 204
2.6.4. Obxectivo intermedio 3.A.4: Aumenta-las dotacións de equipamentos sociais para a infancia e a terceira idade ..... 205
2.7. Obxectivos intermedios dirixidos ó cumprimento do obxectivo final 3.B: Aumenta-los recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade ..... 205
2.7.1. Obxectivo intermedio 3.B.1: Mellora-lo sistema educativo e conectalo co tecido productivo ..... 206
2.7.2. Obxectivo intermedio 3.B.2: Aumenta-la capacidade de innovación de Galicia e conectala co tecido productivo ..... 207
2.7.3. Obxectivo intermedio 3.B.3: Mellora-la cualificación da poboación activa..... 209
2.7.4. Obxectivo intermedio 3.B.4: Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo e impulsa-la igualdade de oportunidades ..... 211
2.7.5. Obxectivo intermedio 3.B.5: Impulsa-lo xurdimento de iniciativas de emprego ..... 212
2.8. Obxectivos finais dirixidos ó cumprimento do ámbito 4: Aumenta-la eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo ..... 213
2.8.1. Obxectivo final 4.A : Mellora-los mecanismos de articulación institucional. En tres ámbitos: comercio exterior, incentivos financeiros e formación /I+D..... 214
2.8.2. Obxectivo final 4.B: Potencia-los mecanismos de difusión, seguimento e avaliación do PEDEGA ..... 217

3. Marco financeiro do plan ..... 219

4. Medidas de concertación social adoptadas e previstas no PEDEGA ..... 222

## PARTE III

1. Proposta operativa da estratexia: Eixes de intervención e programas de actuación..... 227
1.1. Eixe 1: Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo..... 228
1.1.1. Liñas de actuación de carácter horizontal..... 228
1.1.2. Liñas de actuación de carácter sectorial ..... 229
1.2. Eixe 2: Sociedade do coñecemento (innovación, I+D, Sociedade da Información) e telecomunicacións ..... 232
1.3. Eixe 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos ..... 236
1.4. Eixe 4: Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades..... 239
1.5. Eixe 5: Desenvolvemento local e urbano..... 241
1.6. Eixe 6: Redes de transporte e enerxía ..... 242
1.7. Eixe 7: Agricultura e desenvolvemento rural ..... 244
1.8. Eixe 8. Estructuras pesqueiras e acuicultura..... 246
1.9. Eixe 9: Turismo e patrimonio cultural..... 248
1.10. Eixe 10: Construcción e equipamentos colectivos e de benestar social . ..... 249

2. Análise financeira do plan por eixes ..... 251

## PARTE IV

1. Avaliación "ex - ante" do PEDEGA ... 255

1.1. Coherencia interna ... 256

1.1.1. Coherencia da estratexia co diagnóstico da situación socioeconómica ... 256
1.1.2. Sinerxías e interrelacións entre obxectivos ... 260
1.1.3. Coherencia financeira ... 265

1.2. Coherencia externa ... 266

1.2.1. Adecuación do plan ás orientacións e políticas comunitarias ... 266
1.2.2. Coherencia co Plan de Acción para o Emprego do Reino de España ... 269
1.2.3. Coherencia co principio de igualdade de oportunidades laborais entre homes e mulleres ... 271

1.3. Impactos macroeconómicos do plan ... 273

1.4. Avaliación ambiental ... 278

1.4.1. Trazos básicos do medio físico e natural de Galicia: situación actual do patrimonio ambiental ... 278
1.4.2. Valoración ambiental do PEDEGA ... 291
a) Metodoloxía: fundamento e aplicación ... 291
b) A situación de partida do sistema socioeconómico de Galicia: comentarios da autoridade ambiental á análise incluída no plan ... 297
c) Integración ambiental da estratexia xeral do plan ... 299
d) Integración dos principios ambientais propiamente ditos: efectos beneficiosos do plan sobre o medio ambiente ... 301
e) Efectos ambientais significativos das medidas do plan: análise por eixes e subeixes do PDR de España 2000-2006 ... 304
f) Recomendacións para asegura-la integración ambiental e a corrección dos impactos potencialmente adversos ... 310
g) Conclusións da avaliación ambiental "ex - ante" ... 313

2. Estimación dos obxectivos intermedios ... 315

3. Debate do PEDEGA ... 317

# Índice de cadros

## PARTE I


Cadro 1. Índices de especialización sectorial de Galicia respecto a España en VEB p.m. e emprego. Situación en 1993 ... 21
Cadro 2. Evolución da rede de estradas en Galicia. Comparación co total nacional ... 22
Cadro 3. Evolución das liñas telefónicas instaladas en Galicia e do grao de dixitalización ... 23
Cadro 4. Evolución do tráfico nos portos galegos (rede de portos do Estado). Comparación co total nacional...23
Cadro 5. Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia... 24
Cadro 6. Evolución do beneficio, facturación e inmobilizado das empresas galegas. Media en miles de pesetas por empresa rexistrada ... 25
Cadro 7. Evolución do número de empresas e Pemes en Galicia e España... 25
Cadro 8. Tipo de cliente ó que se destina a producción ... 29
Cadro 9. Uso e demanda externa de servicios avanzados por parte da industria galega. 1998 ... 33
Cadro 10. Causas polas que non se demandan servicios de forma externa. Porcentaxes respecto ó número total de enquisados ... 34
Cadro 11. Cruzamento entre previsión de introducción de innovación co nivel tecnolóxico considerado en comparación cos seus competidores (superior, igual ou inferior)... 34
Cadro 12. Causas polas que non se van a introducir innovacións para o total de Galicia, provincias e tamaños de empresas. Porcentaxes sobre total de enquisados. ... 35
Cadro 13. Resultados da análise discriminante da empresa innovadora de Galicia ... 36
Cadro 14. Resultados da análise discriminante da empresa exportadora de Galicia ... 37
Cadro 15. Oferta de servicios tecnolóxicos en Galicia e dotación de titulados superiores. 1998... 38
Cadro 16. Evolución das principais variables laborais de Galicia... 39
Cadro 17. Evolución da ocupación en Galicia por ramas de actividade (1994-1998)... 40
Cadro 18. Ocupados en Galicia por ramas de actividade e sexo en 1997 e variacións 1994-1997 ... 40
Cadro 19. Evolución da ocupación en Galicia por nivel de estudios ... 42
Cadro 20. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes do mercado de traballo de Galicia respecto ás de España. 1994-1998... 43
Cadro 21. Evolución en Galicia da poboación activa, ocupada e parada por sexos (1994-1998). Medias anuais, miles de persoas... 44
Cadro 22. Evolución dos ocupados por sexo e nivel de estudios (1994-1998). Medias anuais, miles de persoas.. 44
Cadro 23. Ocupados por sexo e ocupación. Medias anuais, miles de persoas ... 44
Cadro 24. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia respecto ás mulleres do conxunto de España. 1994-1998... 46
Cadro 25. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia respecto ós homes de Galicia. 1994-1998 ... 47
Cadro 26. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia por nivel de estudios respecto ós homes de Galicia. 1994-1997 ... 47
Cadro 27. Cambio cualificativo na poboación ocupada de Galicia. Porcentaxe do cambio debido a diferentes efectos (1994-1997)... 49
Cadro 28. Cambio educacional en Galicia. Porcentaxe do cambio imputable a diversos efectos (1994-1997) ..... 49
Cadro 29. Distribución da mostra utilizada para analiza-las tendencias ocupacionais de Galicia... 50
Cadro 30. Trazos das principais ocupacións crecentes en Galicia ... 52
Cadro 31. As 15 ocupacións coa maior porcentaxe de persoal con lagoas formativas e dispoñibilidade de oferta formativa próxima... 53
Cadro 32. Comparación das taxas de crecemento do VEB per cápita segundo as diferentes fontes tanto para o VEB p.m. como para a poboación... 55
Cadro 33. Índice da evolución da renda per cápita relativa de Galicia respecto a España (=100) ... 55
Cadro 34. Evolución do PIB per cápita de Galicia respecto á UE(15), UE(12), España e rexións Obxectivo 1 entre os anos 1980 e 1994. Ecus en PPA ... 56
Cadro 35. Evolución do VEB por habitante en Galicia e España. Miles de ptas. por habitante. Período 1980-1996 ... 58

Cadro 36. Evolución do PIB por habitante nas provincias galegas e España. Miles de ptas. por habitante. Período 1980-1995 ..... 58
Cadro 37. Evolución do VEB p.m. por $km^2$ en Galicia e España. Millóns de ptas. por $km^2$. Período 1980-1996.. 58
Cadro 38. Evolución do PIB por $km^2$ nas provincias galegas e España en millóns de ptas. por $km^2$. Período 1980-1995 ..... 59
Cadro 39. Converxencia beta non condicionada e condicionada no VEB por habitante a escala rexional e provincial para o período 1980-1996..... 61
Cadro 40. Converxencia beta en España no VEB por habitante a escala rexional e provincial. Períodos 1986-1990 e 1991-1996..... 61
Cadro 41. Converxencia beta en España no VEB por $km^2$ a escala rexional e provincial. Período 1980-1996 ..... 62
Cadro 42. Evolución da densidade de poboación en Galicia e España. Habitantes por $km^2$ ..... 64
Cadro 43. Evolución da especialización sectorial de Galicia respecto a España..... 66
Cadro 44. Relacións entre obxectivos finais e intermedios das principais accións do MCA 1994-1999 aplicadas en Galicia..... 105
Cadro 45. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por eixes.Programacións iniciais..... 106
Cadro 46. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por programas / fondos. Programacións iniciais ..... 107
Cadro 47. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por órgano xestor. Programacións iniciais ..... 107
Cadro 48. Distribución do gasto total previsto 1994-1999 segundo obxectivos finais. Programacións iniciais ..... 107
Cadro 49. Grao de execución, por obxectivos finais, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998 ..... 108
Cadro 50. Grao de execución, por eixes, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998 ..... 108
Cadro 51. Grao de execución, por programas operativos / fondos, do gasto total do MCA 1994-1999, executado en Galicia durante o período 1994-1998 ..... 109
Cadro 52. Grao de execución, por tipo de órgano xestor, do gasto total do MCA 1994-1999, executado en Galicia durante o período 1994-1998 ..... 109
Cadro 53. Principais indicadores de resultados físicos da execución 1994-1998 do MCA 1994-1999 en Galicia ..... 110
Cadro 54. Porcentaxes medias de subvención bruta equivalente acadadas polos incentivos financeiros canalizados a través da Subvención Global FEDER-Igape durante o período 1994-1996 ..... 113
Cadro 55. Participación feminina durante o período 1994-1998 nas accións do P.O. FSE-Galicia 1994-1999... 114
Cadro 56. Ratios de dimensión relativa dos medios financeiros mobilizados en Galicia (1994-1998) con cargo ó MCA 1994-1999..... 115
Cadro 57. Impactos específicos dalgunhas actuacións do MCA en Galicia no ámbito das políticas activas de emprego..... 115
Cadro 58. Impactos específicos dalgunhas actuacións do MCA en Galicia no ámbito da promoción do investimento privado..... 115
Cadro 59. Impacto de demanda derivado do gasto público executado no período correspondente ó MCA 1994-1996. Millóns de ptas. correntes e número de persoas ..... 116
Cadro 60. Resumo dos principais datos e indicadores obtidos da análise Input-Output. Miles de millóns de ptas. e persoas..... 116
Cadro 61. Avaliación do impacto do MCA en Galicia: Renda en economía con MCA en porcentaxe da renda (VEB p.m. non agrario) na correspondente economía de referencia..... 117
Cadro 62. Valoración cualitativa do desenvolvemento do MCA 1994-1999 en Galicia..... 124

## PARTE II

Cadro 1. Síntese das disparidades de desenvolvemento entre Galicia e España .......... 135
Cadro 2. Árbore de obxectivos do PEDEGA .......... 149
Cadro 3. Complexos productivos da economía de Galicia: situación en 1994 e evolución 1990-1994 .......... 159
Cadro 4. Previsións de evolución macroeconómica de Galicia .......... 219
Cadro 5. Previsións de ingresos non financeiros durante o período 2000-2006. Millóns de ptas. .......... 220
Cadro 6. Previsións de gastos non financeiros para o período 2000-2006. Millóns de ptas. .......... 220
Cadro 7. Financiamento do investimento público Cap. VI e VII. Millóns de ptas. .......... 220
Cadro 8. Cadro financeiro indicativo por ámbitos e obxectivos finais do PEDEGA. Millóns de ptas. .......... 221

## PARTE III

Cadro 1. Eixes do PDR de España, 2000-2006 .......... 227
Cadro 2. Matriz de interrelacións entre eixes do PDR de España e obxectivos finais PEDEGA .......... 227
Cadro 3. Cadro financeiro por Eixes PDR 2000-2006 e anualidades. Millóns de ptas. .......... 251

## PARTE IV

Cadro 1. Árbore de ámbitos, obxectivos finais e intermedios do PEDEGA .......... 256
Cadro 2. Síntese das principais fortalezas e debilidades da economía galega .......... 258
Cadro 3. Debilidades da estructura social e económica de Galicia e obxectivos intermedios que as afrontan .......... 258
Cadro 4. Fortalezas da estructura social e económica de Galicia e obxectivos intermedios que as aproveitan .......... 259
Cadro 5. Grao de atención das recomendacións comunitarias por parte do PEDEGA .......... 267
Cadro 6. Grao de adecuación global do PEDEGA ós ámbitos de actuación recomendados pola Comisión. Detalle por obxectivos finais .......... 268
Cadro 7. Relacións dos obxectivos intermedios do PEDEGA coas principais políticas e principios comunitarios .......... 268
Cadro 8. Relación entre os piares do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España e os obxectivos intermedios do PEDEGA .......... 269
Cadro 9. Taxa de cobertura e grao de sinerxías do PEDEGA respecto ó Plan de Acción para o Emprego do Reino de España .......... 270
Cadro 10. Distribución porcentual das propostas do PEDEGA relacionadas coas directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España .......... 271
Cadro 11. Número de relacións específicas e horizontais entre o PEDEGA e as directrices do Plan de Acción polo Emprego do Reino de España por obxectivos finais do PEDEGA, relacionado coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. .......... 273
Cadro 12. Avaliación do impacto de oferta do PEDEGA sobre o VEB p.m. privado non agrario de Galicia .......... 274
Cadro 13. Avaliación do impacto do PEDEGA sobre o emprego privado non agrario de Galicia .......... 274
Cadro 14. Avaliación do impacto total do PEDEGA desagregado en impacto de oferta e demanda sobre o VEB p.m. privado non agrario de Galicia. .......... 278
Cadro 15. Avaliación do impacto total do PEDEGA desagregado en impactos de oferta e demanda sobre o emprego privado non agrario de Galicia. .......... 278
Cadro 16. O patrimonio natural de Galicia .......... 280
Cadro 17. Valoración da situación ambiental de Galicia e orientacións estratéxicas .......... 287
Cadro 18. Principios ambientais de integración .......... 293
Cadro 19. Indicadores ambientais prioritarios .......... 312
Cadro 20. Estimación dos obxectivos intermedios do PEDEGA 2000-2006 .......... 316

# *Índice de gráficos*

## PARTE I

Gráfico 1. Evolución da participación de Galicia no total de autoestradas españolas ........ 23
Gráfico 2. Evolución do grao de dixitalización da rede telefónica de Galicia respecto ó de España ........ 23
Gráfico 3. Evolución do peso da actividade portuaria de Galicia (mercancías) respecto ó total de España ........ 24
Gráfico 4. Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia. ........ 24
Gráfico 5. Comparación da evolución da relación exportacións/VEB en Galicia e España. ........ 25
Gráfico 6. Variacións 1994-1998 no nivel de estudios da poboación ocupada en Galicia ........ 26
Gráfico 7. Variacións 1994-1998 no nivel de estudios da poboación ocupada en Galicia segundo sexos ........ 26
Gráfico 8. Comparación da relación entre o gasto en I+D e o VEB c.f. en España e Galicia. ........ 27
Gráfico 9. Participación do gasto empresarial en I+D no total (%). ........ 27
Gráfico 10. Índice de especialización de Galicia en procesos de certificación de calidade ........ 28
Gráfico 11. Comparación das taxas de variación do nº de certificados de calidade (ISO-9000, AENOR) de Galicia respecto ás de España e as rexións españolas Obxectivo 1 ........ 28
Gráfico 12. Penetración de Internet (usuarios en porcentaxe da poboación total) ........ 29
Gráfico 13. Evolución da poboación de Galicia por grupos de idade ........ 39
Gráfico 14. Evolución da ocupación agraria e non agraria de Galicia ........ 39
Gráfico 15. Evolución das taxas de variación do VEB p.m. non agrario de Galicia en termos reais e da ocupación non agraria ........ 41
Gráfico 16. Evolución das taxas de variación do VEB p.m. de Galicia en termos reais e da ocupación total ........ 41
Gráfico 17. Evolución dos diferenciais Galicia-España nos principais indicadores laborais femininos ........ 45
Gráfico 18. Comparación por sexos dos principais indicadores do mercado laboral de Galicia ........ 45
Gráfico 19. Cambio cualificativo na poboación ocupada de Galicia. Porcentaxe do cambio debido a diferentes efectos (1994-1997) ........ 48
Gráfico 20. Cambio educacional en Galicia. Porcentaxe do cambio imputable a diversos efectos (1994-1997) ... 49
Gráfico 21 .Taxas interanuais de crecemento real do VEB p.m. 1981-1998. Galicia e España ........ 53
Gráfico 22. Taxas interanuais de crecemento real do VEB p.m. non agrario 1981-1998. Galicia e España ........ 54
Gráfico 23. Crecemento real do VEB p.m. 1994-1998. Galicia e España. ........ 54
Gráfico 24. Evolución do VEB p.m. per cápita de Galicia respecto á media de España ........ 54
Gráfico 25. Evolución do PIB per cápita (PPA) relativo de Galicia respecto á UE-15, UE-12, España e rexións Obxectivo 1 entre 1980 e 1994. ........ 56
Gráfico 26. Taxas anuais de crecemento do PIB p.m. en ptas. constantes de 1986. Galicia e España ........ 57
Gráfico 27. Taxas anuais de crecemento do VEB p.m. en ptas. constantes de 1986. Galicia e España ........ 57
Gráfico 28. Evolución das diferencias no VEB por habitante de Galicia con respecto á media de España. Miles de ptas. por habitante ........ 59
Gráfico 29. Evolución das diferencias en VEB por $km^2$ de Galicia con respecto á media de España. Millóns de ptas. por $km^2$ ........ 59
Gráfico 30. Disparidades en renda por habitante das rexións españolas. Desviación típica da renda relativa. Períodos (1802 a 1983) e (1983 a 1996) ........ 60
Gráfico 31. Coeficiente de variación ponderado do PIB por habitante das provincias españolas ........ 60
Gráfico 32. Coeficiente de variación ponderado entre as provincias galegas no PIB por habitante con respecto á media ponderada de Galicia ........ 62
Gráfico 33. Contribución á converxencia intrarrexional medida en renda relativa de cada provincia menos a media rexional (Galicia=1) ........ 63
Gráfico 34. Evolución do coeficiente de variación ponderado entre as provincias galegas no PIB por $km^2$ ........ 63
Gráfico 35. Coeficiente de variación ponderado provincial en España no PIB por $km^2$ ........ 64
Gráfico 36. Dinámica territorial e demográfica da renda relativa das rexións españolas respecto á de España durante o período 1990-1996 ........ 65
Gráfico 37. Dinámica territorial e demográfica da renda de Galicia en termos absolutos respecto á de España durante o período 1990-1996 ........ 65
Gráfico 38. Dinámica territorial e demográfica da renda de Galicia en termos relativos respecto á de España durante o período 1990-1996 ........ 66

Gráfico 39. Posición dos obxectivos intermedios en función das sinerxías potenciais da estratexia de desenvolvemento rexional. 106
Gráfico 40. Estimación dos impactos de oferta do MCA sobre o VEB p.m. non agrario de Galicia 118
Gráfico 41. Estimación dos impactos do MCA sobre o emprego non agrario de Galicia 119
Gráfico 42. Estimación dos efectos do MCA sobre o capital privado de Galicia. 120
Gráfico 43. Estimación dos impactos de oferta do MCA sobre o stock de capital público de Galicia 121
Gráfico 44. Estimación dos efectos do MCA sobre o capital humano de Galicia 122

## PARTE IV

Gráfico 1. Porcentaxe de obxectivos intermedios e medidas que interveñen sobre as debilidades da economía galega 259
Gráfico 2. Porcentaxe de obxectivos intermedios e medidas que interveñen sobre as fortalezas da economía galega 259
Gráfico 3. Sinerxías entre obxectivos intermedios do PEDEGA: influencia e sensibilidade 262
Gráfico 4. Sinerxías entre obxectivos intermedios do PEDEGA. Detalle dos complexos industriais 262
Gráfico 5. Sinerxías entre obxectivos intermedios do PEDEGA ordenadas por grao de influencia 263
Gráfico 6. Valoración da igualdade de oportunidades. Relacións entre obxectivos intermedios e directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España. 273
Gráfico 7. Estimación do impacto de oferta do MCA 2000-2006 sobre o VEB p.m. e emprego privado non agrario de Galicia 275
Gráfico 8. Puntos porcentuais de crecemento do VEB p.m. debidos ós efectos de oferta do PEDEGA 275
Gráfico 9. Evolución dos impactos de oferta do PEDEGA 276
Gráfico 10. Estimación dos impactos de oferta, demanda e total do PEDEGA sobre o VEB p.m. privado non agrario de Galicia 277
Gráfico 11. Estimación dos impactos de oferta, demanda e total de PEDEGA sobre o emprego privado non agrario de Galicia 277

# PRESENTACIÓN

Desde a integración de España na Comunidade Europea avanzouse de maneira apreciable na programación das políticas de desenvolvemento rexional. No caso concreto de Galicia, as primeiras propostas dos programas de desenvolvemento rexional foron conducindo paulatinamente a un enfoque estratéxico, que se manifestou con claridade no Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996, o Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia 1994-1999 e, máis recentemente, no Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 1998-2001. Este enfoque foi o que inspirou as propostas a partir das cales se concibiu e preparou este novo *Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 (PEDEGA)*.

Tanto o enfoque do PEDEGA como o seu contido responden ós principios da *planificación estratéxica* que foi atinadamente calificada como unha "aventura calculada" de cara ó futuro que trata de facer fronte ó azar, á incerteza e á improvisación.

Esta nova "aventura calculada" que representa o PEDEGA supuxo ter en conta as seguintes cuestións:

- As análises de base realizadas orientáronse á exploración sistemática das diferentes oportunidades abertas ó desenvolvemento económico de Galicia, xunto á análise das debilidades e restriccións que limitan a capacidade de aproveitamento das ditas *potencialidades de desenvolvemento*. Neste exercicio de análise, trátase de combina-lo realismo cunha actitude positiva á hora de identificar posibles traxectorias estratéxicas na formulación do PEDEGA.

- A elaboración do PEDEGA coidou de forma especial a consistencia entre os diversos obxectivos e liñas de actuación incorporadas nel. No enfoque primouse o *carácter integrado*, concibindo o sistema rexional como un todo articulado no que as interrelacións dos seus diversos compoñentes e as vinculacións co contorno exterior foron obxecto dunha atención preferente.

- Un plan estratéxico é un exercicio de afirmación de *vontade para orienta-lo futuro*: a análise das tendencias e experiencias máis recentes xunto á exploración prospectiva dos escenarios de futuro definen o ámbito do posible, que debe ser confrontado cos intereses e necesidades da sociedade de Galicia co fin de marca-los obxectivos a alcanzar e as estratexias a seguir.

- Finalmente, o Plan Estratéxico non se concibe só como un exercicio de análise, senón que está deseñado, sobre todo, coa aspiración de chegar a se converter no *Plan da Comunidade Autónoma*, implicando ás distintas institucións e axentes sociais (públicos e privados) na "aventura calculada" que supón a dinamización dos comportamentos e a ilusión social arredor dun proxecto compartido de desenvolvemento.

De acordo con estes principios xerais *o PEDEGA articulouse en catro partes*: Análise e Diagnóstico (I), Proposta Estratéxica e Marco Financeiro (II), Formulación da Estratexia Operativa por Eixes do Plan de Desarrollo Regional de España 2000-2006 (III) e, finalmente, Avaliación "ex-ante" (IV).

*O diagnóstico da situación de partida de Galicia* pretende proporcionar unha imaxe de base da estructura e funcionamento do sistema socioeconómico da nosa comunidade, que defina os principais problemas e retos a afrontar no futuro. Con este obxectivo de referencia, esta sección do PEDEGA comportou as seguintes tarefas:

- Analiza-la evolución recente do sistema económico de Galicia nos seus ámbitos clave (producción e renda, infraestructuras, base empresarial, emprego e mercado de traballo), dirixido a detecta-las tendencias imperantes e a acota-los retos e principais problemas a resolver no futuro.

- Unha análise do proceso de converxencia de Galicia cos outros espacios territoriais de referencia (as outras rexións españolas incluídas dentro do obxectivo 1 da política rexional europea, o conxunto de España e o conxunto europeo), co obxectivo de ilustrar sobre as diverxencias existentes de cara ó proceso de cohesión económico e social.

- Unha análise do marco territorial do sistema socioeconómico de Galicia, entendendo que o proceso de desenvolvemento está condicionado pola estructura territorial e que, ó mesmo tempo, un dos seus obxectivos debe dirixirse necesariamente a reforza-la cohesión intrarrexional de Galicia e a asegurar uns mínimos de calidade de vida no conxunto do territorio rexional.

- Un exercicio de avaliación da experiencia recente das políticas de desenvolvemento rexional en termos de coherencia, eficacia e impacto socioeconómico, coa finalidade de revisa-las actuacións de desenvolvemento á luz da experiencia máis recente.

Este primeiro bloque de análise do sistema económico de Galicia xustifícase, en definitiva, pola súa contribución ó *esbozo dos obxectivos finais e ás estratexias de actuación do PEDEGA.* Con iso non se pretendeu desenvolver un exercicio detallado de descrición da nosa realidade socioeconómica, senón senta-las bases da programación estratéxica a partir da análise global da evolución e situación do sistema rexional**.**

O segundo bloque do documento do PEDEGA -*a proposta estratéxica xeral*- recolle o que pode considerarse o núcleo xeral e operativo da estratexia. De maneira sintética, este punto construíuse sobre as seguintes bases:

- Un exercicio de *reflexión prospectiva dos escenarios razoables do contorno* en que se moverá o sistema económico galego no futuro. Este exercicio centrouse naqueles referentes e condicionantes externos estimados como máis relevantes, explorando o curso da evolución plausible destes, coa finalidade de contar cunha imaxe cualitativa dos escenarios en que encadra-la estratexia de desenvolvemento para Galicia.

- Un exercicio de definición do núcleo do *PEDEGA*, articulado arredor dos grandes fins socioeconómicos para Galicia, e a súa traducción en obxectivos finais para o plan, buscando a *consistencia* interna, a *adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e a capacidade operativa* para poñelos en marcha. Ó mesmo tempo, tívose moi presente a necesaria continuidade coas accións acometidas ata o momento e o seu enlace coherente con outros programas de actuación en curso, como é o caso das medidas acordadas cos axentes económicos e sociais no marco do recente *Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 1998-2001.*

O *núcleo estratéxico do PEDEGA* sitúa nunha posición prioritaria as accións en favor do *desenvolvemento da base productiva de Galicia*, que se considera a condición necesaria para un crecemento sólido e sostible. A iso engádenselle-las accións de mellora, os recursos do coñecemento, a mellora do grao de accesibilidade territorial e a dotación de equipamentos colectivos compatibles coa conservación e rexeneración do medio ambiente. Por último, este conxunto de accións integradas débense de acompañar de actuacións de mellora do marco operativo e institucional que garantan un maior grao de eficiencia e unha adecuación ó obxectivo de cohesión intrarrexional.

A partir do esquema central definido anteriormente, o PEDEGA recolle os pasos dados na definición dos obxectivos intermedios e as posibles medidas ou programas a poñer en marcha para darlle contido operativo á estratexia de desenvolvemento económico. A preparación desta parte do PEDEGA desenvolveuse mediante as seguintes tarefas:

- Unha recompilación sistemática da *"carteira" de accións e medidas* en curso ou programadas polos diferentes axentes e centros de decisión implicados no desenvolvemento de Galicia.

- Un exercicio de análise da idoneidade e *adecuación de tales accións* ós grandes fins e obxectivos finais formulados con anterioridade.

- Un exercicio de encadramento das accións arredor dun conxunto de medidas e *obxectivos intermedios* que desenvolven e concretan os obxectivos finais do plan, tendo en conta as sinerxías e o reforzo mutuo deles.

- Unha formulación do *marco institucional e operativo* necesario para asegura-la eficiencia na posta en marcha do conxunto de actuacións recollidas no PEDEGA.

A finalidade desta estructura operativa incluída no plan é contar cun *cadro de referencia* o suficientemente detallado como para poder discuti-lo encaixe das diferentes actuacións específicas que se vaian formular, tanto daquelas que terán cabida no futuro Marco de Apoio Comunitario para as rexións españolas do obxectivo 1, 2000-2006, como das que, aínda quedando á marxe do cofinanciamento comunitario, deberán asegura-la coherencia da estratexia de desenvolvemento e a súa viabilidade global.

Esta última é, precisamente, a finalidade que trata de cubri-la terceira parte do PEDEGA, da que se ofrece unha versión resumida da presentada na Comisión Europea. Trátase de *asegura-la consistencia entre as prioridades formuladas no PEDEGA e os contidos do Plan de Desarrollo Regional de España 2000-2006*, no que o PEDEGA representará a contribución de Galicia, simplificando o complexo panorama de programación que caracteriza o desenvolvemento da política rexional comunitaria.

Finalmente, a última parte do PEDEGA *constitúe unha análise da coherencia global do Plan*, co fin de asegura-la súa capacidade coordinadora respecto a outros instrumentos, orientacións e prioridades vixentes nos ámbitos nacional e comunitario. Ó mesmo tempo, os diferentes capítulos que integran este último tomo levan a cabo unha reflexión prospectiva sobre a adecuación da nova estratexia ás necesidades de Galicia e sobre a súa capacidade para xerar impactos relevantes.

Antes de concluír esta presentación, resulta oportuno subliñar que o PEDEGA está concibido cunha clara *vontade operativa*, principio que se tratou de asegurar cos *criterios* seguidos no proceso de elaboración deste e que deberán servir de guía para os seus futuros desenvolvementos específicos:

- *Enfoque selectivo.* O Plan centra a atención nos problemas máis relevantes para o desenvolvemento de Galicia. Este criterio xustifícase pola necesidade de concentra-los esforzos nas claves que definirán a evolución socioeconómica de Galicia no futuro. Por este motivo, o núcleo da estratexia do PEDEGA apóiase nun conxunto reducido de elementos que definen con claridade o camiño a seguir a medio prazo.

- *Enfoque integrado.* A planificación estratéxica ten unha das súas claves principais no principio de coherencia, o que implica a harmonización e integración dos plans de actuación dos diversos axentes e centros de decisión que inciden na evolución e desenvolvemento do sistema económico. Así pois, unha prioridade estratéxica é ensamblar de maneira consistente os programas e proxectos dos distintos axentes (públicos e privados) arredor dos obxectivos estratéxicos, de forma que se eviten solapamentos e se reforcen as sinerxías entre as accións que se vaian desenvolver.

- *Adecuación ás liñas de actuación nacionais e europeas.* Asumindo que unha parte fundamental dos recursos necesarios para a posta en marcha do PEDEGA debe provir dos fondos financeiros nacionais ou comunitarios, as accións recollidas nel non só deben axustarse ás necesidades de Galicia, senón tamén ás directrices e políticas xerais deseñadas naqueles ámbitos. O enfoque integrado con que se deseñou o PEDEGA responde a este principio, ó que se engade a atención prestada ás prioridades e orientacións de futuro marcadas pola Unión Europea, así como ó respecto das directivas correspondentes ás distintas políticas comunitarias.

- *Viabilidade operativa.* Como se sinalou anteriormente, a formulación do PEDEGA está guiada por un principio de *realismo*, traducido en que a selección dos obxectivos e medidas tivo en conta a dispoñibilidade dos fondos e recursos financeiros adecuados, a capacidade de execución operativa e o grao de preparación dos proxectos. Naqueles casos en que se considerou necesaria a posta en marcha de programas aínda pouco maduros, programouse unha secuencia de actuacións para poñer a punto un marco de execución que garanta a súa efectividade.

- *Capacidade de seguimento e avaliación de resultados.* Finalmente, no deseño do PEDEGA prestóuselles unha especial atención ás posibilidades de seguimento dos resultados, asumindo a necesidade de ir revisándoo e adecuándoo ós cambios que se produzan no contorno. Esta é unha preocupación crecente na procura do principio de *utilidade das accións públicas*, o que levou a encadra-las intervencións nun esquema articulado de fins, estratexias e medios, coidando ó máximo a identificación precisa de obxectivos e prioridades, co obxecto de facilita-los procedementos de execución, seguimento e avaliación das accións concretas que dean lugar no futuro ó desenvolvemento operativo do plan.

- *Implicación das institucións e axentes sociais de Galicia.* O Plan Estratéxico que se somete a debate concíbese non só como un instrumento técnico de racionalización das decisións sobre o desenvolvemento económico, senón, sobre todo, como un ámbito de encontro e confluencia das vontades dos diversos axentes sociais: o éxito ou fracaso do Plan non depende só do seu grao de perfección técnica, senón, mais ben, da súa capacidade para mobilizar á sociedade arredor dun proxecto ilusionante de futuro. A divulgación do PEDEGA entre a sociedade e o conseguinte debate arredor das súas directrices constitúen, pois, un imperativo para garanti-lo obxectivo funcional de servir de base á dinamización social de cara ó desenvolvemento.

En resumo, o documento que se presenta a continuación propón as liñas mestras de actuación que se consideran adecuadas para lles facer fronte ós problemas máis relevantes para o desenvolvemento económico de Galicia, baixo unhas formulacións estratéxicas que significan a *vontade de perseveranza no tempo* e de articula-las accións dos diversos axentes e institucións arredor dun proxecto integrado de futuro.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda



PARTE I

# PEDEGA

2000-2006

## Análise e diagnóstico:

## Tendencias recentes, situación actual e perspectivas do sistema socioeconómico de Galicia



# 1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO: TENDENCIAS RECENTES, SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS DO SISTEMA SOCIOECONÓMICO DE GALICIA

O *Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996,* que deu lugar ó comezo da etapa máis recente da planificación estratéxica rexional, identificou cinco *problemas prioritarios para o desenvolvemento de Galicia*:

- Unha situación xeográfica periférica, agravada por unha baixa accesibilidade e unha deficiente dotación de infraestructuras de todo tipo.
- Un volume importante de poboación envellecida, cunha formación débil e unha limitada capacidade para emprender e innovar.
- Unha poboación e unha base empresarial moi atomizadas.
- Unha estructura productiva excesivamente dependente de actividades primarias de carácter tradicional, especializada en actividades de demanda madura e moi sometidas, por un lado, á competencia internacional de países emerxentes e, por outro, a fortes regulacións e restriccións económico-administrativas de orde internacional.
- Un reducido nivel de articulación productiva, tanto interindustrial como entre a industria e os servicios.

O Cadro 1 permite apreciar cómo se concretaban estes problemas na estructura productiva e ocupacional que presentaba Galicia en 1993: unha elevada especialización en actividades primarias e, en contrapartida, unha notable debilidade nas actividades industriais e, sobre todo, terciarias. Os ditos trazos resultaban bastante evidentes, tanto desde a perspectiva da producción (valor engadido) como desde a do emprego, que revelaba unha especialización rexional en actividades primarias[1] tres veces superior á media española, xa de por si elevada dentro do contexto europeo.

**Cadro 1. Índices de especialización sectorial de Galicia respecto a España en VEB p.m. e emprego. Situación en 1993**

| | VEB p.m. (España = 100) | Ocupados (España = 100) |
|---|---|---|
| Agricultura, gandería, pesca, silvicultura | 188 | 295 |
| Industria | 101 | 70 |
| Construcción | 110 | 102 |
| Servicios | 90 | 77 |

*Fonte: Elaboración propia a partir da contabilidade trimestral de Galicia (IGE); contabilidad trimestral de España (INE) e EPA (INE)*

Esta desfavorable estructura sectorial, unida ás debilidades que presentaban outros factores estructurais (cualificación da man de obra, infraestructuras, tecnoloxía, capacidade para innovar e emprender) explican que a evolución económica estivese condicionada pola existencia de factores estructurais negativos que podían retarda-lo proceso de converxencia real de Galicia con España, a diferencia doutras rexións, que contaban con elementos que potenciaban as súas vantaxes de cara ó crecemento da renda per cápita ou da productividade.

Este capítulo inicial do PEDEGA ten como obxecto valorar cómo afrontou Galicia os ditos problemas durante os últimos anos, analizando a evolución socioeconómica e territorial da Comunidade Autónoma, así como os esforzos, resultados e impactos alcanzados polas actuacións emprendidas durante os últimos anos en favor da corrección dos ditos problemas.

[1] 283.000 ocupados dun total de 947.000, é dicir, case un 30% do emprego total rexional

## 1.1. *Análise da evolución socioeconómica*

A análise que se elaborou para reflecti-la actual situación socioeconómica de Galicia persegue, en última instancia, ofrecer un *diagnóstico dos* problemas actuais do contorno socioeconómico rexional. Non obstante a análise procurou non limitarse a constituír unha "foto fixa" destas cuestións senón que pretende ofrecer unha *valoración dinámica* delas, é dicir, proporcionar unha perspectiva temporal relativamente dilatada, que permita apreciar tanto a situación de partida na que se encontra Galicia á altura de 1998 como os cambios que experimentou ó longo dos últimos anos nos ámbitos macroeconómico, empresarial e laboral, así como os efectos dos ditos cambios sobre o proceso de converxencia real de Galicia con España.

De cara a alcanzar este obxectivo, o epígrafe estructúrase en catro apartados:

- Evolución dos factores de desenvolvemento de carácter estructural .
- Evolución e situación actual dos factores de localización industrial, as actitudes industriais fronte á innovación e a demanda de servicios avanzados ás empresas.
- Evolución do mercado de traballo.
- Evolución da producción e da converxencia real de Galicia con España.

### 1.1.1. A evolución dos factores de desenvolvemento de carácter estructural

Tradicionalmente, a política rexional centrou a súa atención nun conxunto relativamente reducido de ámbitos preferentes de intervención. A maior parte dos esforzos realizados ata o momento concentráronse na corrección dos desequilibrios estructurais que presentaban as Autonomías menos avanzadas en dotación de infraestructuras, dinamismo e investimento empresarial, intensidade exportadora, capacidade innovadora, dotación de servicios avanzados e reforzamento dos factores territoriais de localización, sen esquece-la mellora do capital humano.

Este primeiro epígrafe do diagnóstico socioeconómico persegue, precisamente, ofrecer unha valoración da posición actual que ocupa Galicia nos ditos factores, así como dos avances producidos nos últimos anos. Para lograr este obxectivo, optouse por presentar unha serie de cadros e gráficos que ó reflectir directamente a evolución de Galicia en cada un destes ámbitos, non requirirán excesivos comentarios adicionais.

Como valoración global destas cuestións, cabe sinalar que un bo número destas variables de carácter estructural reflicten a apreciable melloría que experimentou a economía galega durante os últimos anos.

En xeral, a dinámica das ditas magnitudes permite aprecia-la débil situación da que se partía a comezos dos noventa, así como unha evolución máis rápida cá de España. Non obstante, o nivel actual é inferior ó que lle correspondería en función da súa dimensión industrial ou socioeconómica.

Esta valoración xeral é aplicable ó ámbito das infraestructuras de comunicación por estrada, especialmente por autovía (Cadro 2 e Gráfico 1), pois a súa evolución máis recente reflicte a mellora da posición de Galicia, en termos absolutos, e tamén en relación ó conxunto de España. As dotacións de infraestructuras básicas de telecomunicacións merecen un comentario similar (Cadro 3 e Gráfico 2), xa que en 1995 se chegou ó punto de supera-la situación media de España.

**Cadro 2. Evolución da rede de estradas en Galicia. Comparación co total nacional**

| | 1970 | 1980 | 1990 | 1993 | 1994 | 1995 | 1996 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Km de estradas en Galicia | 12.201 | 14.514 | 15.853 | 16.469 | 16.619 | 16.658 | 16.760 |
| % respecto a España | 8,76 | 9,70 | 10,15 | 10,32 | 10,25 | 10,24 | 10,34 |
| Km de autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada en Galicia | 0 | 63 | 138 | 214 | 241 | 262 | 367 |
| % respecto a España | 0,00 | 3,26 | 3,54 | 3,75 | 4,02 | 4,18 | 5,62 |

*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

**Gráfico 1. Evolución da participación de Galicia no total de autoestradas españolas**




*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

**Cadro 3. Evolución das liñas telefónicas instaladas en Galicia e do grao de dixitalización**

| | 1990 | 1992 | 1993 | 1994 | 1995 | 1996 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Liñas instaladas (miles) | 766,9 | 844,2 | 871,7 | 895,3 | 915,5 | 932,9 |
| % respecto ó total nacional | 5,3 | 5,5 | 5,5 | 5,6 | 5,7 | 5,7 |
| Grao de dixitalización Galicia | 25,6 | 33,5 | 40,2 | 44,8 | 61,0 | 75,0 |
| % respecto o grao de dixitalización nacional | 90,5 | 92,8 | 97,2 | 93,7 | 107,6 | 111,3 |

*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

**Gráfico 2. Evolución do grao de dixitalización da rede telefónica de Galicia respecto ó de España**




*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

En contrapartida, os avances no ámbito do ferrocarril rexistraron logros significativamente inferiores. De feito, a deficiente situación das conexións externas de Galicia por ferrocarril non experimentou variacións dignas de mención desde hai décadas. Pola súa parte a actividade dos portos (Cadro 4 e Gráfico 3) segue unha difícil tendencia para evita-la perda de peso específico no contexto nacional, gracias ós investimentos realizados nos últimos anos

**Cadro 4. Evolución do tráfico nos portos galegos (rede de portos do Estado). Comparación co total nacional**

| | 1980 | 1990 | 1993 | 1994 | 1995 | 1996 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Tráfico de mercancías por portos (miles de Tm) Galicia | 14.471 | 18.294 | 21.418 | 22.825 | 24.640 | 23.329 |
| % respecto a España | 6,38 | 7,38 | 8,75 | 8,71 | 8,46 | 8,26 |

*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

**Gráfico 3. Evolución do peso da actividade portuaria de Galicia (mercancías) respecto ó total de España**




*Fonte: Anuario estadístico, Ministerio de Fomento*

En conxunto, as dotacións de infraestructuras productivas de Galicia melloraron de forma apreciable durante a última década (Gráfico 4 e Cadro 5). O índice sintético de dotacións globais reflicte un incremento superior ó 50% entre 1985 e 1995. Sen embargo, este ascenso produciuse de forma practicamente paralela á renovación do capital público do conxunto de España de maneira que en 1995 as disparidades respecto a España continuaban sendo importantes. Aínda que o recente peche das autovías de conexión de Galicia co resto de España deberon contribuír a pechar unha parte desta tradicional brecha estructural, as diferencias aínda son considerables, o que reflicte a necesidade de proseguir realizando esforzos por reduci-los límites á mobilidade das persoas, ós bens e á información.

**Gráfico 4. Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia**




*Nota: Indicador sintético (autoestradas, aeroportos, estradas, telecomunicacións, ferrocarril, portos e enerxía) relativizado por superficie e poboación*
*Fonte: Elaboración propia a partir de Delgado, M.J. y Álvarez, I. (1999)*

**Cadro 5. Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia**

| | 1.985 | 1.986 | 1.987 | 1.988 | 1.989 | 1.990 | 1.991 | 1.992 | 1.993 | 1.994 | 1.995 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Galicia (1985=100) | 100,0 | 106,3 | 107,9 | 109,6 | 115,0 | 117,3 | 120,8 | 134,4 | 135,4 | 146,0 | 151,5 |
| Galicia / España(=100) | 72,2 | 77,3 | 74,3 | 72,7 | 73,3 | 69,4 | 71,4 | 76,8 | 75,1 | 78,6 | 76,3 |
| Galicia / rexión con máxima dotación (=100) | 31,3 | 36,1 | 32,0 | 32,4 | 33,5 | 30,2 | 30,4 | 32,0 | 31,5 | 32,5 | 32,1 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de Delgado, M.J. e Álvarez, I. (1999)*

No terreo das variables empresariais beneficio, facturación e investimento (Cadro 6), as variacións dos últimos anos reflicten os efectos da crise dos primeiros noventa e, o que é máis relevante, a recuperación que se produciu a partir de 1994 e que aínda continúa. Neste ámbito, cabe destaca-la continuidade do dinamismo empresarial, reflectido polo crecemento do número de empresas e Pemes e pola práctica estabilización do peso específico de Galicia respecto a España neste ámbito (Cadro 7).

**Cadro 6. Evolución do beneficio, facturación e inmobilizado das empresas galegas. Media en miles de pesetas por empresa rexistrada**

| Exercicio | Beneficio | Facturación | Inmobilizado |
|---|---|---|---|
| 1.990 | 44.270 | 1.069.469 | 231.687 |
| 1.991 | 29.792 | 1.020.777 | 200.338 |
| 1.992 | 25.272 | 979.344 | 186.582 |
| 1.993 | 25.151 | 968.356 | 177.627 |
| 1.994 | 33.386 | 1.026.111 | 186.415 |
| 1.995 | 35.050 | 1.143.380 | 215.710 |
| 1.996 | 38.031 | 1.229.793 | 245.006 |

*Fonte: elaboración propia a partir da Base de Datos Ardán-Galicia (Rexistro Mercantil)*

**Cadro 7. Evolución do número de empresas e Pemes en Galicia e España**

| | 1995 | 1996 | 1997 |
|---|---|---|---|
| nº de empresas España | 2.301.559 | 2.384.711 | 2.438.830 |
| nº de empresas Galicia | 147.390 | 152.495 | 155.061 |
| Peso do nº de empresas galegas no nº de empresas en España | 6,40% | 6,39% | 6,36% |
| nº de pemes España | 2.298.249 | 2.381.268 | 2.435.415 |
| nº de pemes Galicia | 147.265 | 152.364 | 154.934 |
| Peso do nº de pemes galegas no nº de pemes en España | 6,41% | 6,40% | 6,36% |

*Fonte: Directorio Central de Empresas 1995,1996 y 1997. INE*

O Gráfico 5 permite aprecia-los avances logrados no campo da exportación, un dos obxectivos máis relevantes da política rexional e aínda máis importante nun contexto económico integrado como o actual. Desde a perspectiva macroeconómica, o negativo diferencial que tiña Galicia respecto a España en intensidade exportadora comézase a corrixir en 1992 e avanzou ata o punto de terse invertida a desvantaxe de partida.

**Gráfico 5. Comparación da evolución da relación exportacións/VEB en Galicia e España**




*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística. (IGE)*

Finalmente, nos ámbitos que marcarán sen dúbida o devir económico, Galicia tamén experimentou melloras relevantes. O caso máis salientable é en efecto, o cambio cualificativo que experimentou a poboación ocupada (Gráfico 6 e Gráfico 7), a magnitude desta é apreciable mesmo no curto período transcorrido no último quinquenio debido ó ascenso xeral do nivel educativo da poboación, ós cambios demográficos en marcha e ós investimentos en capital humano. Neste mesmo ámbito *dos recursos do coñecemento*, o investimento galego en I+D tamén rexistrou unha certa melloría, aínda que de menor intensidade relativa cás rexistradas nos aspectos comentados anteriormente. Neste sentido, tanto a evolución do gasto en I+D (Gráfico 9) coma a extensión da cultura de certificados de calidade (Gráfico 10 e Gráfico 11) ou o uso das novas tecnoloxías da información (Gráfico 12) reflicten os avances que se produciron respecto a un punto de partida que se situaba en niveis moi reducidos. Non obstante, os ditos logros producíronse de forma paralela ó sucedido no conxunto de España, de forma que algunha das debilidades rexionais de partida máis relevantes, como o limitado peso dos gastos I+D no VEB ou a baixa participación empresarial nos ditos gastos (Gráfico 8) continúan sendo unha realidade, xa que mostran unha singularidade rexional respecto ó xa de por sí descompensado panorama que caracteriza a media española dentro do contexto internacional.

**Gráfico 6. Variacións 1994-1998 no nivel de estudios da poboación ocupada en Galicia**




*Fonte: elaboración IGE a partir de datos EPA (INE)*

**Gráfico 7. Variacións 1994-1998 no nivel de estudios da poboación ocupada en Galicia segundo sexos**




*Fonte: elaboración IGE a partir de datos EPA (INE)*

**Gráfico 8 .Comparación da relación entre o gasto en I+D e o VEB c.f. en España e Galicia**




*Fonte: Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico (INE)*

**Gráfico 9. Participación do gasto empresarial en I+D no total (%)**




*Fonte: Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico (INE)*

**Gráfico 10. Índice de especialización de Galicia en procesos de certificación de calidade**




*Fonte: elaboración propia a partir de AENOR, CRE (INE) e FIES*

**Gráfico 11. Comparación das taxas de variación do nº de certificados de calidade (ISO-9000, AENOR) de Galicia respecto ás de España e ás rexións españolas Obxectivo 1**




*Fonte: elaboración propia a partir de AENOR*

Gráfico 12. Penetración de Internet (usuarios en porcentaxe da poboación total)




*Fonte: EGM / ODEC /AIMO*

### 1.1.2. Evolución e situación actual dos factores de localización industrial, as actitudes industriais fronte á innovación e a demanda de servicios avanzados ás empresas

Malia as valoracións apuntadas no epígrafe anterior, a evolución dos factores de base da competitividade do tecido productivo merece unha análise máis detallada que permita trazar con claridade os avances rexistrados e as debilidades que aínda persisten. Con este fin, no marco da elaboración deste diagnóstico estratéxico desenvolveuse unha consulta a unha mostra de 609 empresas industriais de Galicia (Cadro 8), a distribución da cal por antigüidade, tamaños, provincias e agrupamentos sectoriais que foi especialmente coidada, co obxecto de obter unha visión non sesgada da actual situación do tecido industrial en tres aspectos que constitúen os piares da política de promoción económica: factores de localización industrial, demanda de servicios avanzados e perfil innovador e tecnolóxico da empresa industrial.

O primeiro resultado da enquisa que require unha certa atención é a limitada propensión exportadora da base industrial: case o 50% das empresas (o 47,13%) orientan toda a súa producción cara ós mercados locais ou rexionais e a facturación media destinada ó estranxeiro só acada o 7,18% das vendas das empresas exportadoras (un 85,17% destas empresas destinan ó mercado internacional menos do 49% da súa facturación total). A ampliación do ámbito da exportación ó resto de España equilibra parcialmente este desfavorable trazo, xa que a media de facturación con destino ó mercado nacional acada o 24,8% das vendas.

O segundo aspecto que cómpre destacar do perfil económico da mostra enquisada é a súa preferente orientación intermedia. Algo máis dun 86% das empresas destinan a súa producción cara a outras empresas, ben en número reducido (un 41,05%) ou elevado (o restante 45,16%). Este trazo destaca a oportunidade dunha estratexia que articule estas ligazóns industriais arredor de redes empresariais integradas de carácter cooperativo.

Cadro 8. Tipo de cliente ó que se destina a producción

| | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Consumidor final | 237 | 38,92 |
| Reducido nº de empresas clientes | 250 | 41,05 |
| Elevado nº de empresas clientes | 275 | 45,16 |
| Total enquisados | 609 | 100% |

*Fonte: Enquisa a empresas industriais de Galicia (1998). D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda*

A relativamente ampla extensión do resto de comentarios da enquisa aconsella dividi-la exposición destas conclusións en tres apartados diferenciados, organizados en función das finalidades

específicas perseguidas en cada bloque da enquisa, é dicir, factores de localización, uso de servicios avanzados e capacidade de innovación.

***a) Os factores de localización industrial de Galicia en 1998 e os cambios producidos na última década***

Os estudios de localización industrial realizados en 1989 revelaban que en Galicia a localización industrial respondía, como na maior parte de España, a factores persoais do empresario (*empresa autóctona; residencia do propietario*) e ás vantaxes derivadas das economías de localización e aglomeración de determinadas zonas (*tradición sectorial; tradición industrial; proximidade a gran empresa transformadora; proximidade a materias primas*). Aínda que estes últimos factores ocupaban tamén un peso importante no conxunto de España, a súa incidencia resultaba ser apreciablemente superior na nosa Comunidade, como reflexo das singularidades factoriais e productivas de Galicia.

En contrapartida, os factores obxectivos do territorio ou do sistema económico rexional (*custo e cualificación da man de obra, dotación de infraestructuras, accesibilidade,* etc.), así como aqueloutros ligados ós instrumentos públicos de promoción económica (*incentivos financeiros e crediticios, subvencións á creación de emprego*, etc.) exercían unha influencia moi moderada nas decisións de localización e dispoñían dunha capacidade para determinalas aínda máis reducida. Non obstante, o peso das infraestructuras (*accesibilidade a mercados e materias primas; dotacións de solo industrial*) resultaba ser significativamente superior en Galicia, como reflexo das carencias existentes no dito ámbito ó comezo dos noventa.

A nova enquisa realizada a finais de 1998 tratou de valorar en qué medida cambiaron estas cuestións, unha vez que a política rexional emprendida desde 1989 e especialmente desde 1994, concentrou boa parte dos seus esforzos na superación dos problemas relacionados cos factores de localización industrial e empresarial.

Os resultados xerais da consulta permitiron verificar sobre o terreo os ditos cambios. Aínda que a maior parte das empresas constituídas con posterioridade a 1994 continúan manifestando que os *factores persoais* son o principal aspecto incidente e determinante da localización (un 30,8% e un 24,7% das respostas, respectivamente), o aumento da potencia de certos factores respecto á situación precedente e, sobre todo, a aparición doutros novos, revelan os avances que rexistrou Galicia cara a un modelo de localización relativamente máis maduro có anterior, onde as características obxectivas do territorio e da economía aumentaron a súa capacidade de atracción. Entre estes novos factores de localización tamén paga a pena subliñar:

- A *existencia dunhas boas perspectivas no mercado local ou rexional*, a incidencia do cal presentou unha valoración positiva por parte do 43% das novas empresas, fronte ó 35% das constituídas antes de 1994.
- A *existencia dun contorno ambiental e social agradable de calidade,* que chegou a incidir nun 11% das novas empresas e a ser determinante para un 4,2% delas.
- A *existencia dunha imaxe galega diferenciada* (6,9% de incidencia e 4,2% de determinación).
- A *existencia dunha boa oferta privada de servicios avanzados* (4,9% e 2,1%), de *servicios financeiros* (13,9% e 9,0%) e, en moita menor medida, de *centros públicos de investigación* (2,8% e 0,7%).
- A *existencia de man de obra cualificada* (11,1% e 7,6%).
- Ó ter gozado de *subvencións ó investimento* (11,8% e 5,6%), que tradicionalmente recibiran unha valoración moi reducida e cun ascenso que parece coherente co aumento das capacidades financeiras habilitado polos dous últimos marcos comunitarios de apoio e, o que é mais importante, por unha xestión máis eficiente destes incentivos.

Malia o ascenso destes factores, as cuestións clave que orientan e determinan a localización industrial de Galicia seguen sendo as tradicionais; ás circunstancias persoais de vinculación á zona xa mencionadas, habería que engadi-las economías de localización (en especial a tradición industrial da zona no sector, cun 20,8% e un 9% de incidencia e determinación, respectivamente), e ás economías de urbanización e aglomeración, en xeral, entre as que destaca especialmente a proximidade a grandes núcleos urbanos (30,6% e 16,7%).

Os factores estratéxicos ligados á dotación de infraestructuras tamén parecen terse potenciado, xa que a súa incidencia e a súa capacidade determinante recibiron, por media, unha resposta positiva do 10,4% e o 5,0% das empresas, respectivamente. Dentro deste conxunto destacan, en sentido positivo, a *estrada* (arredor dun 25% e un 10%) e, en lado oposto, o *ferrocarril* (3,5% e 1,4%), o que denota a súa mala situación actual. Os *portos*, pola súa parte, parecen dispoñer dunha capacidade de localización relativamente elevada (7,6% e 4,9%), en consonancia coas características territoriais, productivas e exportadoras de Galicia.

Detrás deste avance poderíanse encontra-los esforzos realizados durante os últimos anos na mellora das dotacións de infraestructuras de todo tipo. As respostas das empresas constituídas con anterioridade a 1994 parecen confirmar esta hipótese, xa que valoraron como especialmente intensas as melloras que se produciron nos seguintes factores:

- As infraestructuras de estrada, a mellora das cales recibiu unha valoración media superior ós 2 puntos sobre os 5 posibles.
- As infrastructuras de comunicación, que se encontran no mesmo caso que as anteriores.
- A proximidade a núcleos de aglomeración ou centros urbanos.
- A oferta privada de servicios avanzados.
- A abundancia de servicios financieros.

A dinámica do resto dos factores obxectivos tamén recibiu unha valoración xeralmente positiva, incluídos os portos e a cualificación da man de obra. Polo contrario, os aspectos que a xuízo das empresas experimentaron un empeoramento relativo son relativamente reducidos, o que non deixa lugar a dúbidas sobre a súa situación. Entre estes últimos encóntranse:

- O custo da man de obra, o prezo do solo e a cesión de solo público, como reflexo da gradual difusión das vantaxes de baixo custo que acompañan ós procesos de crecemento, o que referenda a difícil viabilidade das estratexias baseadas unicamente no reducido custo dos factores.
- O abastecemento e/ou envío de mercancías por ferrocarril.

A satisfacción das empresas coas ubicacións elixidas reforza a positiva valoración global dos factores de localización de Galicia. Neste sentido, as respostas das empresas permiten afirmar que os riscos de que se produzan potenciais procesos de deslocalización industrial son reducidos, xa que o 86,5% das empresas volvería a se localizar no lugar elixido, sen que existan grandes variacións entre a mostra de empresas anteriores a 1994 e as posteriores. Por outro lado, das 82 empresas que manifestaron o seu descontento coa decisión inicial, a maior parte (un 52,5%) trasladaríase a outras provincias galegas, sendo unha parte relativamente reducida (35,7%) a que se cambiaría a outra zona do resto de España ou ó Norte de Portugal (21,4%). Por outro lado, as posibles relacións que se manteñen con este último espacio parecen ser máis un indicador das oportunidades que se abren, que un signo de ameazas cara ó futuro. Neste sentido, convén subliñar que para unha parte das empresas localizadas en Galicia (un 5,62% das anteriores a 1994 e un 2,1% das posteriores) a proximidade ó Norte de Portugal supuxo un incentivo á hora de decidi-la súa localización.

A pesar dos positivos avances comentados nos parágrafos anteriores, a actitude das empresas galegas á hora de adopta-las decisións de localización e investimento revela a continuidade de debilidades xa tradicionais no terreo da cultura empresarial, o que sinala un ámbito de actuación preferente para a futura política rexional: a información e a difusión das iniciativas.

Neste sentido, tan só un 17,12% das novas empresas realizou algún tipo de estudio (formal ou informal) ou de análise para decidi-la súa localización e unicamente un 4,7% considerou localizacións alternativas. Aínda que a dita actitude se encontra normalmente moi ligada ó estreito coñecemento que dispoñen as empresas máis pequenas do mercado local no que se insiren (un 18% das empresas cualifican este factor como determinante), o feito de que máis dun 47% das empresas declarasen que non dispuxeron de suficiente información para adoptaren a decisión revela a necesidade de ir corrixindo no futuro estes aspectos ligados ó que en termos moi amplos se adoita denominar como "cultura empresarial".

En resumo, aínda que os factores que impulsaron a localización das novas empresas industriais confirman a potencia dos factores clásicos, os feitos tamén revelan cambios e ascensos de importancia

que parecen reflectir un certo avance cara a un modelo de localización máis obxectivo e, por tanto, máis influenciable desde o ámbito da política rexional como indica a maior complexidade das decisións adoptadas polas novas empresas (que consideraron de media 5,3 factores incidentes) respecto ás máis antigas (4,65 factores). Non obstante, aínda persisten lagoas en aspectos concretos moi relacionados coa cultura empresarial do tecido industrial galego.

En calquera caso, o elevado peso que continúan mantendo as circunstancias persoais do empresario á hora de decidi-la localización avala a oportunidade de desenvolver unha estratexia de promoción de capacidades empresariais no propio tecido social, por enriba das posibles estratexias de captación de investimento exterior.

### *b) A demanda de servicios avanzados por parte das empresas industriais galegas en 1998*

Neste importante ámbito da política rexional tamén se conta coa referencia do pasado recente, proporcionada polos estudios realizados a comezos dos anos noventa.

Os ditos diagnósticos situaban a demanda de servicios avanzados en niveis moi reducidos, especialmente no que se refire á súa externalización e, sobre todo, ó uso daqueles de carácter menos tradicional. Dúas das principais causas explicativas desta situación encontrábanse no descoñecemento por parte das Pemes galegas da oferta dispoñible e nunha cultura empresarial moi reacia a introducir este tipo de servicios nas súas actividades.

Durante a última década, tanto a oferta privada de servicios avanzados a empresas como a institucional rexistraron progresos apreciables en canto á extensión da súa capacidade e ó aumento no número de servicios ofertados.

Nembargantes, estes avances na oferta non parecen ter sido respondidos con igual intensidade desde o lado da demanda, tal e como revelan os principais resultados da enquisa realizada en 1998, que non ofreceu cambios substanciais respecto á situación precedente, en contraste co sucedido cos factores de localización industrial de Galicia.

Das respostas outorgadas ós 27 tipos de servicios avanzados sometidos a consulta dedúcese que en Galicia continúa primando a provisión interna dos servicios por parte das propias empresas, aínda que a niveis moi reducidos (Cadro 9).

Os maiores niveis de externalización aparecen nos servicios de carácter máis estandarizado, como a *asesoría financeira* (que é demandada de forma externa polo 51% das empresas), a *publicidade* (47,7%) e o *transporte nacional* (40,4%).

Polo contrario, os servicios de contido máis innovador continúan rexistrando taxas de utilización e externalización moi reducidas. Este é o caso da *enxeñería e o deseño industrial* (utilizado polo 35% das empresas e externalizado por tan só o 9%), o *asesoramento ou desenvolvemento de proxectos de I+D* (27,8% de uso e 8,5% de externalización), o *control de calidade* (63,22% e 11,17%), os *estudios de mercado* (23,8% e 7,7%), a *consultoría estratéxica* (22,8% e 7,7%), os *servicios informáticos* (76% e 14,8%), os *servicios electrónicos* (as taxas de utilización dos cales oscilan entre o 18% e o 23% e as de externalización entre o 5,5% e o 14%), as *auditorías ambientais* (17,2% e 12,6%) ou a xe*stión de residuos e o asesoramento ambiental* (34,6% e 22,3%).

Estes resultados revelan que a moderna cultura empresarial, entendida como o uso e, sobre todo, a externalización de servicios avanzados, é aínda débil en Galicia. Esta debilidade non presenta diferencias especialmente importantes segundo o tamaño das empresas, xa que a taxa media de externalización de servicios é do 31,5% nas empresas con menos de 20 traballadores e do 36% nas de máis de 100.

A provisión externa dos servicios procede, basicamente, de empresas ou centros de servicios de natureza privada. En contraste, a posición pública (institucións, universidades, etc.) é, en xeral, inapreciable, sen que se alcance en ningún caso o límite do 5% do total de empresas, agás nun caso que merece ser destacado polo seu alto valor estratéxico cara ó futuro: a xestión de residuos e o asesoramento ambiental, que encabeza a lista de provisión institucional cunha taxa de utilización externa do 6,40%.

A localización das empresas ou centros ofertantes de servicios é basicamente local ou rexional, de forma coherente coas pautas de localización destas actividades. En concreto, para o conxunto dos servicios, o 42,4% das empresas ofertantes sitúanse no ámbito local no que operan as empresas

demandantes; o 31,8% no resto de Galicia e o 23,1% no resto de España, destacando neste último caso a realización de estudios de mercado, os informes comerciais, a homologación e normalización, a comercialización interior e exterior e o comercio electrónico e Internet.

A valoración que as empresas demandantes realizan da oferta dispoñible de servicios (Cadro 10) permite afirmar que os principais obstáculos obxectivos á ampliación da demanda externa encóntranse na ausencia de información sobre a oferta dispoñible (aludido por un 12,05% das empresas) e no excesivo prezo dos servicios (10,89%).

Sen embargo, son outro tipo de causas vinculadas coa cultura empresarial as que permiten explica-la débil situación da externalización de servicios. Neste sentido, un 81,52% das empresas manifestan non necesitar recorrer á demanda externa dun gran número de servicios, resposta moi vinculada co escaso avance que experimentou a cultura empresarial das Pemes galegas, como se comentou anteriormente.

**Cadro 9. Uso e demanda externa de servicios avanzados por parte da industria galega. 1998**

| Servicio | Total uso | Taxa de externalización | Uso externo exclusivamente |
|---|---|---|---|
| Asesores financeiros (investimentos) | 78,33% | 64,99% | 50,90% |
| Selección de persoal | 90,31% | 5,45% | 4,93% |
| Formación de persoal | 88,18% | 8,38% | 7,39% |
| Enxeñería/deseño industrial | 34,98% | 25,82% | 9,03% |
| Asesoramento ou desenvolvemento de proxectos I+D | 27,75% | 30,77% | 8,54% |
| Deseño/fabricación asistida por ordenador | 30,38% | 11,35% | 3,45% |
| Aluguer de maquinaria | 24,14% | 52,38% | 12,64% |
| Laboratorios /ensaios | 31,20% | 39,47% | 12,32% |
| Homologación e normalización | 34,48% | 56,67% | 19,54% |
| Control de calidade | 63,22% | 17,66% | 11,17% |
| Informes comerciais | 43,19% | 49,43% | 21,35% |
| Estudios de mercado, enquisas | 23,81% | 32,41% | 7,72% |
| Consultoría estratéxica, estudios económicos | 22,82% | 41,01% | 9,36% |
| Publicidade | 68,14% | 64,10% | 43,68% |
| Relacións públicas, imaxe corporativa | 33,17% | 15,84% | 5,25% |
| Deseño comercial | 33,99% | 20,29% | 6,90% |
| Comercialización interior | 62,40% | 7,37% | 4,60% |
| Comercialización exterior | 37,44% | 15,79% | 5,91% |
| Transporte nacional | 77,18% | 52,34% | 40,39% |
| Transporte internacional | 31,86% | 80,93% | 25,78% |
| Servicios informáticos | 76,03% | 19,44% | 14,78% |
| Correo electrónico | 39,74% | 14,05% | 5,58% |
| Consulta de bases de datos electrónicas | 23,48% | 27,27% | 6,40% |
| Deseño e mantemento de páxinas Web | 18,72% | 40,35% | 7,55% |
| Outros servicios vía Internet (comercio,..) | 18,72% | 36,84% | 6,90% |
| Auditorías ambientais | 17,24% | 73,33% | 12,64% |
| Xestión de residuos, asesoría ambiental | 34,65% | 64,45% | 22,33% |

*Fonte: Enquisa a empresas industriais de Galicia (1998). D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda*

**Cadro 10. Causas polas que non se demandan servicios de forma externa. Porcentaxes respecto ó número total de enquisados**

| | Non necesita | Non existe oferta próxima | Non ten información de oferta | Baixa calidade da oferta | Prezo elevado |
|---|---|---|---|---|---|
| Menos de 20 empregados | 83,06% | 5,91% | 9,95% | 2,69% | 10,22% |
| De 20 a 100 empregados | 76,57% | 7,43% | 17,71% | 5,71% | 10,86% |
| Máis de 100 empregados | 86,44% | 5,08% | 8,47% | 8,47% | 15,25% |
| Total | 81,52% | 6,27% | 12,05% | 4,13% | 10,89% |

*Fonte: Enquisa a empresas industriais de Galicia (1998). D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda*

Con respecto ás expectativas de futuro que presenta a demanda en Galicia, os servicios con maiores perspectivas de crecemento, dentro dunha tónica de moderado incremento e escasas diferencias, son a formación de persoal, o control de calidade, a publicidade e os servicios informáticos. Fronte a estes, os que teñen ante si perspectivas menos favorables son os servicios de consultoría estratéxica, auditorías ambientais, relacións públicas, estudios de mercado, deseño comercial e consulta de bases de datos electrónicas.

En resumo, o diagnóstico da situación actual da demanda de servicios a empresas en Galicia non presenta cambios importantes respecto ás notables debilidades que se detectaron a inicios dos anos noventa. En termos xerais, as causas que están detrás desta atonía non poden relacionarse con deficiencias na cantidade, calidade ou o prezo dos servicios ofertados, senón que gardan máis relación coa falta de percepción da súa utilidade por parte das potenciais empresas demandantes e coa existencia de certas lagoas na información sobre as posibilidades existentes.

### *c) As perspectivas de innovación e as preferencias tecnolóxicas das empresas industriais de Galicia en 1998*

Unha boa parte das empresas industriais consultadas considera que o seu nivel tecnolóxico actual resulta adecuado ás condicións do seu mercado. Tan só un 14,14% das empresas séntese nun chanzo tecnolóxico inferior ós seus competidores nacionais. Non obstante, a dita porcentaxe duplícase (32,75%) cando os termos de comparación pasan ós competidores internacionais. En calquera caso, o trazo máis destacable é que case un 70% das empresas se considera tecnoloxicamente en igualdade ou superioridade (11,43%) de condicións respecto ós seus competidores internacionais, diminuíndo a dita porcentaxe a medida que se reduce o tamaño da empresa e sen que se rexistren variacións territoriais dignas de destacar, agás no caso de Lugo, onde as empresas son relativamente menos optimistas.

Esta tranquilidade en canto ás inquietudes tecnolóxicas e innovadoras tradúcese de forma coherente nas expectativas de introducción de cambios durante os próximos anos (Cadro 11). Un 41,4% das empresas non ten previsto acometer ningún tipo de renovación tecnolóxica ou innovadora a curto ou medio prazo. Tendo en conta a amplitude concedida na enquisa ó concepto de innovación (adquisición de nova maquinaria, hardware, cambios nos procesos de xestión, producción ou envasado, entre outras posibilidades), a taxa de empresas "inertes" desde o punto de vista tecnolóxico debe considerarse relativamente elevada.

Neste sentido, quizais paga a pena comenta-lo carácter acumulativo dos procesos de innovación, xa que son as empresas que se definiron en mellor situación tecnolóxica cá dos seus competidores as que teñen previsto acometer en maior grao procesos de innovación: un 73% fronte ó 42% das que se consideraron en igual ou peor situación respecto á competencia.

**Cadro 11. Cruzamento entre previsión de introducción de innovación co nivel tecnolóxico considerado en comparación cos seus competidores (superior, igual ou inferior)**

| | Nivel tecnolóxico en comparación ós seus competidores | | | |
|---|---|---|---|---|
| ¿Ten previsto introducir algunha innovación? | Superior | Igual | Inferior | Total Galicia |
| Sí | 73,0% | 57,5% | 58,0% | 58,6% |
| Non | 27,0% | 42,5% | 42,0% | 41,4% |

*Fonte: Enquisa a empresas industriais de Galicia (1998). D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda*

Ó centrar polo momento a atención nas empresas que non prevén introducir cambios (Cadro 12), as causas da dita actitude concéntranse de forma especialmente intensa en tres factores: a non necesidade (un 43,65% das causas), os custos excesivos das innovacións (un 23,41%), o feito de acometer recentemente tódolos cambios (un 29,37%) e a falta de rendibilidade empresarial (un 16,27%). Entre tódalas causas, a máis significativa é, sen dúbida, a consideración de que non existe necesidade de introducir cambios, resposta que pode estar ligada, en boa medida, ás carencias de cultura empresarial que se comentaron. Precisamente, o cruzamento da non necesidade dos cambios tecnolóxicos coa non necesidade dos servicios avanzados revela que un 86,11% das empresas que manifestaron non necesita-lo uso externo de servicios tamén manifesta a súa suficiencia tecnolóxica e innovadora, o que reforza considerablemente a hipótese formulada.

Pasando ó terreo das empresas que declararon a súa intención de innovar, a maior parte dos cambios declarados concéntranse en tres ámbitos: os procesos de producción (76,27% das respostas), os novos productos (43,5%) e os cambios organizativos (un 41,8%). No lado oposto situáronse os cambios nas materias primas (11%), nos procesos de envasado ou embalaxe (17%), o tratamento de residuos (13,8%) ou o reciclado de residuos e subproductos (14,1%).

**Cadro 12. Causas polas que non se van a introducir innovacións para o total de Galicia, provincias e tamaños de empresas. Porcentaxes sobre total de enquisados**

| | Menos de 20 empregados | De 20 a 100 empregados | Máis de 100 empregados | Total |
|---|---|---|---|---|
| Custos excesivos da innovación ou a nova tecnoloxía | 29,61% | 10,34% | 0,00% | 23,41% |
| Falla de rendibilidade empresarial | 20,11% | 8,62% | 0,00% | 16,27% |
| Falla de información sobre a oferta tecnolóxica | 2,79% | 5,17% | 0,00% | 3,17% |
| Falla de capacidade técnica no persoal da empresa | 3,35% | 3,45% | 0,00% | 3,17% |
| Non ten necesidade | 43,58% | 44,83% | 40,00% | 43,65% |
| Xa acometeu recentemente tódolos cambios | 20,67% | 43,10% | 80,00% | 29,37% |

*Fonte: Enquisa a empresas industriais de Galicia (1998). D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda*

As tecnoloxías concretas que se pensan introducir no futuro e a forma de acometelas reduce considerablemente o potencial innovador deste núcleo empresarial que se manifestou activo neste terreo. Neste sentido, as tecnoloxías e innovacións que se van introducir poden cualificarse como *adaptativas*, xa que a maior parte delas concéntranse na adquisición de maquinaria, licencias ou patentes de informática (hardware, 40,11%; software, 38%, ou de robótica ou automatización, 46,13%). No lado oposto sitúanse as innovacións en tecnoloxías da información (19,2% mediante adquisición de licencias ou maquinaria), a electrónica e o deseño ou a fabricación asistida por ordenador. A escasa presencia que se lles pensa conceder ós centros públicos e universitarios de investigación no desenvolvemento destes cambios (a taxa máis elevada acádase no ámbito do software informático, cun 4,30% das respostas) revela a limitada articulación existente entre estes centros especializados e o tecido productivo.

En resumo, as expectativas de cara á superación do déficit tecnolóxico empresarial de Galicia reflicten un triple problema: por un lado, a falta de conciencia da necesidade da innovación por parte da maioría das empresas, que se une ós elevados custos dos cambios e á falta de rendibilidade empresarial para acomete-las iniciativas; por outro, o modesto contido innovador dos cambios que se pensan introducir, moi centrados na adquisición de tecnoloxías desenvolvidas externamente; e, por último, as carencias de articulación entre o dispositivo institucional de promoción da innovación e a tecnoloxía e a maior parte do tecido industrial de Galicia.

De cara á estimular actitudes máis activas neste terreo, a futura estratexia de desenvolvemento rexional podería contar con varias posibilidades: informar sobre as opcións existentes, rebaixa-lo custo das innovacións a través de incentivos ou facilidades financeiras e prestar servicios directamente a través do sistema público de promoción da innovación. As respostas das empresas a estas posibilidades definen distintos tipos de perfil para cada tipo de medida. Así, as subvencións son preferidas polas empresas de tamaño mediano (un 83%), como reflexo das maiores dificultades que manifestaron para acomete-lo custo dos cambios; pola súa banda, a prestación directa de servicios é demandada nunha maior magnitude polas empresas máis grandes (un 52%); por último, a información non ofrece variacións dignas de mención, dentro dunha tónica xeral de demanda relativamente elevada (un 35%).

### d) *Unha síntese dos factores clave da base empresarial de Galicia en 1998: os perfís das empresas innovadoras e exportadoras*

A análise conxunta das respostas das empresas ás numerosas cuestións formuladas na enquisa permite realizar unha síntese cuantitativa dos distintos aspectos analizados ó longo destes últimos epígrafes: factores de localización, demanda de servicios avanzados e capacidades innovadoras. Para realizar este balance global, partiuse do obxectivo de delimitar, a través dunha análise discriminante, os factores que explican en maior medida o perfil da empresa innovadora e o perfil da empresa exportadora.

Aínda que a precisión alcanzada na definición do perfil innovador foi máis reducida que no perfil exportador (no primeiro caso, o modelo logrou asignar correctamente un 69% dos casos, fronte ó 91,3% do modelo adicado ás exportacións), a representatividade de ámbolos resultados (Cadro 13 e Cadro 14) pode considerarse aceptable, dentro dos límites do razoable.

A pesar de que ámbolos perfís se levaron a cabo de forma separada, as conclusións son sensiblemente comúns. Neste sentido, cabe subliñar de forma destacada a elevada presencia da utilización presente ou futura de servicios avanzados, especialmente de forma externa, á hora de explicar tanto o comportamento innovador das empresas como a súa propensión a exportar.

**Cadro 13. Resultados da análise discriminante da empresa innovadora de Galicia**

| Variables explicativas (+: influencia positiva; - : influencia negativa) | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | | |
| | +Vehículos e material de transporte | |
| **Uso dos seguintes servicios avanzados (I- Interno; X-Externo)** | | |
| | + | Formación de persoal (X) |
| | + | Asesoramento o desenvolvemento de proxectos I+D (X) |
| | + | Control de Calidade (X) |
| | + | Publicidade (X) |
| | + | Deseño comercial (I) |
| | + | Comercialización interior (I) |
| | + | Comercialización interior (X) |
| | + | Servicios informáticos (I) |
| | + | Consulta de bases de datos electrónicas (X) |
| **Expectativas de uso dos seguintes servicios** | | |
| | + | Enxeñería/deseño industrial |
| | + | Homologación e normalización |
| | + | Publicidade |
| | + | Servicios informáticos |
| | + | Correo electrónico |
| | + | Outros servicios vía Internet |
| **Tipo de mercado ó que se dirixe** | | |
| | - | Consumidor final e reducido número de empresas clientes |

*Fonte: elaboración propia a partir da enquisa á base industrial de Galicia. Cons. Economía e Fcda. (1998)*

Cadro 14. Resultados da análise discriminante da empresa exportadora de Galicia

| Variables explicativas (+:influencia positiva; -:influencia negativa) |
|---|
| **Tamaño da empresa** |
| - Menos de 20 traballadores |
| **Sector de actividade** |
| - Manufacturas de bens de consumo |
| **Uso de servicios avanzados** |
| - Asesores financeiros (X) |
| - Selección de persoal (I) |
| + Formación de persoal (X) |
| + Enxeñería/deseño industrial (I) |
| + Asesoramento e desenvolvemento de proxectos I+D (I) |
| + Aluguer de maquinaria (X) |
| + Laboratorio/ensaios (I) |
| + Homologación e normalización (I) |
| + Publicidade (X) |
| + Comercialización exterior (I) |
| + Comercialización exterior (X) |
| + Transporte internacional (I) |
| + Transporte internacional (X) |
| + Correo electrónico (I) |
| + Consultas a bases de datos electrónicas (I) |
| + Deseño e mantemento de páxinas Web (X) |
| + Outros servicios vía Internet |
| + Xestión de residuos/ asesoría ambiental (I) |
| **Expectativas de uso dos seguintes servicios** |
| + Selección de persoal |
| + Enxeñería/deseño industrial |
| + Consultoría estratéxica, estudios económicos |
| **Factores de localización** |
| + Proximidade a portos |
| + Abundancia de servicios financeiros |
| + Existencia na zona de centros públicos de investigación ou parques tecnolóxicos |
| + Calidade dos equipamentos urbanos |
| + Boa oferta de cultura e ocio |
| **Provincia** |
| + Pontevedra |

*Fonte: elaboración propia a partir da enquisa á base industrial de Galicia. Cons. Economía e Fcda. (1998)*

Esta conclusión xeral chama a atención sobre a integración que deben te-las futuras medidas de promoción da innovación e da exportación co estímulo á utilización, preferentemente externa, de servicios avanzados. Estes tres ámbitos non constitúen senón distintas facetas interrelacionadas dun mesmo problema, a solución do cal aínda está lonxe de se producir polos déficits de cultura empresarial que aínda persisten na maior parte do noso tecido industrial e empresarial.

En definitiva, os avances logrados durante a última década no terreo da potenciación dos factores de localización non estiveron acompañados de progresos semellantes no ámbito das actitudes empresariais fronte ás necesidades de renovación constante que impón o contorno. En razón diso, parece oportuno que a futura estratexia de desenvolvemento rexional coide especialmente a superación dun problema coma este, que require un amplo prazo de maduración, dada a súa conexión con aspectos culturais e sociais. De cara á alcanza-lo dito obxectivo, o sistema de promoción económica dispón da oportunidade de estimula-la utilización dos servicios avanzados entre as pequenas e medianas empresas de Galicia, así como dun capital humano universitario enriquecido durante os últimos anos e do que a adquisición de experiencia profesional e a integración coa base empresarial deben ser obxecto dunha atención preferente nos próximos anos. A mostra de empresas de servicios tecnolóxicos recollida no Cadro 15 permite aprecia-la maior intensidade das empresas non locais na utilización de titulados superiores, así como a débil incorporación que alcanzan polo momento este tipo de capital humano na oferta de servicios avanzados.

Cadro 15. Oferta de servicios tecnolóxicos en Galicia e dotación de titulados superiores. 1998

| | | | Nº de empresas que prestan servicios relacionados | | | Nº de empregados | | | Nº de titulados superiores | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Galicia | España | Peso de Gal/Esp | Galicia | España | Peso de Gal/Esp | Galicia | España | Peso de Gal/Esp |
| Empresas con sede en Galicia | | | 23 | 599 | 3,8% | 769 | 43.259 | 1,8% | 185 | 20.415 | 0,9% |
| Empresas con delegacións en Galicia e sede noutra CC.AA. | | | 48 | 599 | 8,0% | 10.687 | 43.259 | 24,7% | 5687 | 20.415 | 27,9% |
| Total empresas que prestan servicios en Galicia | | | 71 | 599 | 11,9% | 11.456 | 43.259 | 26,5% | 5.872 | 20.415 | 28,8% |
| Servicios tecnolóxicos | 01 | Minería | 2 | 57 | 3,5% | 407 | 5.995 | 6,8% | 89 | 2.146 | 4,1% |
| | 02 | Agronomía, Gandería. Pesca | 12 | 132 | 9,1% | 541 | 8.107 | 6,7% | 135 | 3.162 | 4,3% |
| | 03 | Enerxía | 7 | 161 | 4,3% | 481 | 14.110 | 3,4% | 113 | 5.731 | 2,0% |
| | 04 | Plantas e instalacións industriais | 7 | 148 | 4,7% | 470 | 14.687 | 3,2% | 107 | 6.756 | 1,6% |
| | 05 | Alimentación | 7 | 75 | 9,3% | 451 | 5.401 | 8,4% | 103 | 2.188 | 4,7% |
| | 06 | Química e Petroquímica | 4 | 65 | 6,2% | 418 | 6.102 | 6,9% | 96 | 2.254 | 4,3% |
| | 07 | Abastecemento e aproveitamento de recursos acuíferos | 12 | 200 | 6,0% | 650 | 13.234 | 4,9% | 150 | 4.840 | 3,1% |
| | 08 | Estudios do terreo | 14 | 231 | 6,1% | 687 | 15.620 | 4,4% | 151 | 5.526 | 2,7% |
| | 09 | Arquitectura. Construcción | 13 | 219 | 5,9% | 650 | 15.231 | 4,3% | 150 | 5.472 | 2,7% |
| | 10 | Transportes. Infraestructura. Industria do transporte | 11 | 197 | 5,6% | 663 | 17.984 | 3,7% | 146 | 7.924 | 1,8% |
| | 11 | Urbanismo e Paisaxismo | 13 | 208 | 6,3% | 649 | 11.789 | 5,5% | 155 | 4.217 | 3,7% |
| | 12 | Medio ambiente | 15 | 297 | 5,1% | 706 | 20.188 | 3,5% | 159 | 8.263 | 1,9% |
| | 13 | Turismo | 5 | 116 | 4,3% | 471 | 10.842 | 4,3% | 107 | 5.731 | 1,9% |
| | 14 | Estudios macroeconómicos e sociais | 7 | 188 | 3,7% | 99 | 14.763 | 0,7% | 38 | 8.061 | 0,5% |
| | 15 | Organización. Asesoramento e xestión empresarial | 15 | 304 | 4,9% | 535 | 22.071 | 2,4% | 143 | 12.059 | 1,2% |
| | 16 | Organización da producción | 10 | 252 | 4,0% | 625 | 24.287 | 2,6% | 145 | 12.213 | 1,2% |
| | 17 | Informática. Telecomunicacións e tecnoloxías da información | 5 | 181 | 2,8% | 467 | 21.783 | 2,1% | 105 | 12.145 | 0,9% |

*Fonte: Elaboración propia a partir de "Catalogo de la oferta de servicios tecnológicos por las empresas españolas de ingenieria y consultoras" MINER*

### 1.1.3. A evolución do mercado de traballo

#### *a) Os cambios globais*

A evolución global do mercado de traballo (Cadro 16 e Gráficos 14, 15 e 16) reflicte o cambio estructural que se está producindo en Galicia, tanto na súa faceta demográfica (Gráfico 13) coma sectorial (Cadros 17 e 18). Neste último caso, o indicador máis claro é a saída de máis de 80.000 ocupados das actividades primarias durante o quinquenio 1994-1998 (Cadro 17), as actividades agrogandeiras acumularon un descenso de 68.400 persoas, principalmente por retiro, e especialmente concentrados nos efectivos femininos que absorberon o 73,6% desta reducción, é dicir, 50.400 mulleres. Como pode apreciarse no Gráfico 14, este importante cambio estructural explica que a ocupación de Galicia seguirá en moitos momentos unha evolución singular en especial na dimensión non agraria.

**Gráfico 13. Evolución da poboación de Galicia por grupos de idade**




*Fonte: elaboración propia a partir de Proxecciones de poboación de Galicia (IGE). Variante moi baixa*

**Cadro 16. Evolución das principais variables laborais de Galicia**

| Variable | 1980 | 1990 | 1993 | 1994 | 1995 | 1996 | 1997 | 1998 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Poboación (miles) | 2.807,5 | 2.739,4 | 2.731,7 | 2.729,7 | 2.726,7 | 2.723,8 | 2.720,3 | - |
| Poboación > 16 años (miles) | 2.082,2 | 2.257,2 | 2.292,6 | 2.293,2 | 2.286,3 | 2.287,9 | 2.301,2 | 2.311,8 |
| Activos (miles) | 1.136,4 | 1.169,0 | 1.156,8 | 1.136,4 | 1.114,1 | 1.119,1 | 1.106,0 | 1.110,5 |
| Ocupados totais (miles) | 1.082,0 | 1.028,5 | 948,5 | 916,2 | 918,1 | 910,9 | 902,4 | 917,9 |
| Desempregados (miles) | 54,40 | 140,60 | 208,40 | 220,20 | 196,10 | 208,10 | 203,60 | 192,6 |
| Taxa de actividade (%) | 54,58 | 51,79 | 50,46 | 49,56 | 49,9 | 48,91 | 48,06 | 48,03 |
| Taxa de paro (%) | 4,79 | 15,92 | 18,01 | 19,37 | 17,60 | 18,60 | 18,41 | 17,34 |
| Taxa de emprego (%) | 51,96 | 45,57 | 41,37 | 39,96 | 40,16 | 39,81 | 39,21 | 39,70 |

*Fonte: elaboración propia a partir de Proxecciones de poboación 1986-2005 (INE), y EPA (INE)*

**Gráfico 14. Evolución da ocupación agraria e non agraria de Galicia**




*Fonte: elaboración propia a partir de EPA (INE e elaboración IGE)*

Cadro 17. Evolución da ocupación en Galicia por ramas de actividade (1994-1998)

| Posición | Ramas de actividade: | Total 94 | Total 98 | Var 94/98 (miles) | Var 94/98 (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 22. Outros servicios | 73,3 | 87,2 | 13,9 | 18,9% |
| 2 | 19. Educación | 39,6 | 50,2 | 10,6 | 26,7% |
| 3 | 07. Mat. de transp. | 21,7 | 31,6 | 9,9 | 45,7% |
| 4 | 09. Textil | 13,7 | 22,1 | 8,4 | 60,9% |
| 5 | 21. Adm. Pública | 40,6 | 48,8 | 8,1 | 20,1% |
| 6 | 13. Construcción | 90,3 | 98,1 | 7,9 | 8,7% |
| 7 | 10. Madeira | 8,5 | 15,4 | 6,9 | 81,1% |
| 8 | 12. Outras Manuf. | 11,2 | 16,5 | 5,3 | 47,2% |
| 9 | 20. Sanidade | 36,2 | 40,9 | 4,7 | 13,0% |
| 10 | 15. Vehíc. Gasol. | 21,9 | 25,4 | 3,5 | 15,9% |
| 11 | 17. Transportes | 43,3 | 46,0 | 2,6 | 6,1% |
| 12 | 16. Hostalería | 44,8 | 47,3 | 2,5 | 5,7% |
| 13 | 06. Metál. Mat. mec. | 13,4 | 15,3 | 1,9 | 14,0% |
| 14 | 04. E. Eléc gas auga | 4,0 | 5,6 | 1,6 | 41,2% |
| 15 | 03. Industrias Extract. | 6,4 | 7,1 | 0,7 | 11,0% |
| 16 | 08. Alim., beb. Tab. | 29,5 | 30,2 | 0,7 | 2,4% |
| 17 | 18. Financ. E Seg. | 18,0 | 18,4 | 0,3 | 1,9% |
| 18 | 11. Papel | 4,1 | 4,2 | 0,1 | 2,3% |
| 19 | 14. Comercio por maior e menor | 113,9 | 111,4 | -2,5 | -2,2% |
| 20 | 05. Coq, Met.,quím. | 19,4 | 14,6 | -4,8 | -24,8% |
| 21 | 02. Pesca | 41,4 | 29,1 | -12,4 | -29,8% |
| 22 | 01. Agric. | 221,1 | 152,7 | -68,4 | -31,0% |
| | *Total* | *916,2* | *917,85* | *1,6* | *0,2%* |

*Fonte: elaboración IGE a partir de EPA (INE)*

Cadro 18. Ocupados en Galicia por ramas de actividade e sexo en 1997 e variacións 1994-1997

| Rama de actividade | Ocupados 1997 (miles) | | Variacións 1994-1997 (miles) | |
|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Var. Fem | Var. Masc |
| 01. Agric. | 72,7 | 95,6 | -40,0 | -12,7 |
| 02. Pesca | 23,9 | 4,4 | 1,0 | -14,1 |
| 03. I. Extract. | 7,4 | 0,7 | 0,2 | 1,5 |
| 04. E. eléc gas auga | 5,4 | 0,5 | 0,4 | 1,6 |
| 05. Coq, Met.,quím. | 13,6 | 2,0 | -1,9 | -1,9 |
| 06. Metál. mat. Mec. | 13,4 | 0,7 | 0,3 | 0,4 |
| 07. Mat. de transp. | 25,4 | 1,9 | 0,8 | 4,9 |
| 08. Alim., beb. Tab. | 17,2 | 10,0 | -3,2 | 0,9 |
| 09. Téxtil | 4,4 | 19,0 | 7,9 | 1,8 |
| 10. Madeira | 12,1 | 0,7 | 0,2 | 4,2 |
| 11. Papel | 3,4 | 0,6 | -0,3 | 0,3 |
| 12. Outras Manuf. | 12,7 | 0,8 | -1,0 | 3,4 |
| 13. Construcción | 96,3 | 2,3 | 0,9 | 7,4 |
| 14. Comercio maior e menor | 53,8 | 56,1 | 1,6 | -5,6 |
| 15. Vehíc. Gasol. | 22,5 | 1,6 | -0,5 | 2,6 |
| 16. Hostalería | 20,3 | 22,5 | -0,1 | -1,9 |
| 17. Transportes | 42,1 | 5,3 | 1,1 | 3,0 |
| 18. Financ. e Seg. | 13,1 | 4,1 | -0,2 | -0,7 |
| 19. Educación | 16,8 | 29,2 | 5,9 | 0,5 |
| 20. Sanidade | 11,9 | 27,7 | 3,0 | 0,4 |
| 21. Adm. Pública | 29,0 | 16,5 | 4,8 | 0,2 |
| 22. Outros servicios | 35,3 | 47,3 | 4,2 | 5,2 |
| Total | 552,8 | 349,5 | -15,1 | 1,2 |

*Fonte: elaboración IGE a partir da EPA (INE)*

**Gráfico 15. Evolución das taxas de variación do VEB p.m. non agrario de Galicia en termos reais e da ocupación non agraria**




*Fonte: elaboración propia a partir de EPA (INE) e Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE)*

**Gráfico 16. Evolución das taxas de variación do VEB p.m. de Galicia en termos reais e da ocupación total**




*Fonte: elaboración propia a partir de EPA (INE) e Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE)*

A pesar de que o cambio sectorial é a nota dominante no mercado de traballo, existen outros trazos que permiten aprecia-lo positivo cambio de tendencia que tamén se está producindo neste ámbito, en especial a partir de 1994:

- A caída na taxa de actividade contívose situándose arredor do 48%. O descenso da poboación activa, que partía de niveis superiores ós nacionais polo importante volume de mulleres empregadas no complexo agrogandeiro, debíase tanto ó envellecemento da poboación, como á prolongación do período de formación dos mozos.
- A ocupación nas ramas de actividade non primarias aumentou considerablemente desde 1994 (82.422 persoas), o que logrou compensa-la importante reducción de efectivos nas actividades primarias (80.778 ocupados), en especial na agricultura – gandería, como se indicou anteriormente.
- O desemprego descendeu, tanto en termos absolutos coma relativos. As estimacións da Enquisa de Poboación Activa mostran un descenso do volume total de desempregados (27.600 menos) e da taxa de paro (algo máis de dous puntos) seguindo a tendencia sinalada anteriormente.
- Aumento notable no nivel de estudios da poboación ocupada. Nunha tendencia prolongada chégase ó punto de que, en 1997, os ocupados con maiores niveis de estudios supoñen máis da metade do emprego en Galicia (Cadro 19), como consecuencia do descenso de ocupados

analfabetos, con estudios primarios ou sen eles (121.000 persoas en tan só cinco anos) e do incremento dos que dispoñen de formación media ou superior (122.700 no mesmo período).

**Cadro 19. Evolución da ocupación en Galicia por nivel de estudios**

| Nivel de estudios | Años | Miles persoas | % |
|---|---|---|---|
| Analfabetos | 1994 | 10,9 | 1,19% |
| | 1997 | 4,6 | 0,51% |
| Sen estudios | 1994 | 132,8 | 14,49% |
| | 1997 | 85,2 | 9,44% |
| Primarios | 1994 | 371,5 | 40,54% |
| | 1997 | 325,9 | 36,12% |
| Medios | 1994 | 314,6 | 34,33% |
| | 1997 | 372,8 | 41,32% |
| Anterior ou superior | 1994 | 46,9 | 5,12% |
| | 1997 | 54,4 | 6,03% |
| Superior | 1994 | 39,6 | 4,32% |
| | 1997 | 59,4 | 6,58% |
| Total | 1994 | 916,3 | 100,00% |
| | 1997 | 902,3 | 100,00% |

*Fonte: Elaboración IGE a partir de EPA (INE)*

A comparación da evolución do mercado laboral de Galicia coa do estatal permite apreciar con maior claridade a incidencia dos factores demográficos e sectoriais sobre a ocupación de Galicia. O cadro 20, que sintetiza os resultados dunha análise shift-share sobre esta cuestión, reflicte os seguintes resultados:

- Unha menor presión demográfica en Galicia que en España, como consecuencia do superior envellecemento rexional. A última columna do Cadro 20 presenta uns efectos netos negativos de –51.345 persoas, é dicir, aínda que a poboación potencialmente activa medrou en 18.750 persoas, de ter seguido o mesmo ritmo de crecemento do conxunto de España terá aumentado en 70.095; polo tanto, o crecemento neto de Galicia nesta variable foi de –51.345 persoas.
- Unha menor presión da poboación activa sobre o mercado de traballo: o aumento real dos activos rexionais foi inferior ó que lle houbese correspondido de ter rexistrado os ritmos de variación de España.
- Unha menor capacidade para aumenta-lo stock de ocupados que a de España e un maior aumento do desemprego. Os efectos netos en ambas variables ascenderon a –78.132 e 12.632 persoas, respectivamente.
- Unha elevada incidencia agrícola sobre a evolución global da ocupación e o desemprego. Os cambios laborais neste sector explican o 77% dos efectos netos negativos de Galicia na ocupación (-60.216 persoas respecto a un efecto neto de –78.132).
- Unha maior capacidade de xeración de emprego neto industrial que o conxunto de España (18.155 ocupados máis dos que tería creado se se comportara como España).
- Unha menor capacidade de creación de emprego neto dos servicios (22.722 ocupados netos por debaixo da variación que debería terse xerado conforme ó ritmo de España).

Cadro 20. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes do mercado de traballo de Galicia respecto ás de España. 1994-1998

| | Taxas de crecemento | | Variacións absolutas (miles de persoas) (a) | | Hipótese crecemento ocupación total Galicia (b) | Efecto neto (miles persoas) (b-a) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | | |
| Pob>16 | 0,82% | 3,06% | 18.750 | 964.950 | 70.095 | -51.345 |
| PA | -2,28% | 5,15% | -25.925 | 796.900 | 58.545 | -84.470 |
| Parados | -12,36% | -18,11% | -27.175 | -676.850 | -39.807 | 12.632 |
| Ocupados | 0,14% | 12,56% | 1.250 | 1.473.650 | 79.382 | -78.132 |
| *Agricultura* | -30,77% | -7,83% | -80.775 | -90.125 | -20.559 | -60.216 |
| *Industria* | 23,20% | 9,44% | 30.600 | 233.475 | 12.445 | 18.155 |
| *Construcción* | 8,67% | 23,4% | 7.825 | 248.275 | 21.174 | -13.349 |
| *Servicios* | 10,09% | 15,36% | 43.600 | 1.082.150 | 66.322 | -22.722 |

*Fonte: elaboración propia a partir de EPA*

### *b) A situación da muller no mercado de traballo*

Os trazos máis relevantes dos cambios que rexistrou a situación laboral da muller en Galicia durante o período 1994 – 1998 poden resumirse nos seguintes puntos (Cadro 21):

- Descenso na poboación activa (8.600 persoas), reducción no stock de ocupadas (9.700 persoas), lixeiro aumento no desemprego (1.200 persoas) e como consecuencia de todo o anterior, caída nas taxas de actividade e ocupación (1,1 puntos), aumento na taxa de desemprego (0,7 décimas) e incremento do peso feminino no desemprego (7,5 puntos porcentuais). Esta evolución, bastante menos favorable que a positiva tendencia seguida polo emprego masculino, é o resultado neto dunha ampla reestructuración e renovación dos efectivos laborais femininos marcada por varios factores interrelacionados: o envellecemento dunha boa parte da poboación ocupada, a súa concentración nas actividades agro-gandeiras e, finalmente, as maiores dificultades que atopan as novas activas para incorporarse ó mercado de traballo rexional como ocupadas.

- O nivel de formación das mulleres ocupadas experimenta unha mellora moi apreciable no curto período de tempo analizado, como consecuencia do aumento xeral do nivel educativo da poboación e das variacións demográficas (Cadro 22).

- Respecto ás ocupacións desempeñadas polas mulleres (Cadro 23), un dos trazos máis destacables é o descenso que experimentan, en termos absolutos, as empregadas en tarefas agrícolas. O feito de que a participación relativa das mulleres neste segmento case non variara, proporciona un bo indicador da estreita relación que existiu en Galicia entre a ocupación total agrícola, o emprego feminino e a demografía.

- Este feito condiciona a interpretación da comparación dos indicadores laborais femininos de Galicia cos do conxunto de España (Gráfico 17), xa que a dinámica galega relativamente máis favorable que parece deducirse a partir da reducción do diferencial de partida en taxa de paro, pode encontrar unha boa parte da súa explicación na superior reducción de efectivos laborais femininos na rexión tal e como sucede co achegamento das taxas de actividade e ocupación.

- A comparación por sexos dos principais indicadores do mercado de traballo de Galicia (Gráfico 18) sinalan a peor situación na que se encontra o emprego feminino respecto ó masculino. Neste sentido, aínda que as diferencias en taxas de actividade e ocupación fóronse reducindo paulatinamente durante os últimos anos, continúan sendo elevadas. A evolución recente da taxa de paro feminina reflicte un certo empeoramento nesta desigualdade, xa que a brecha tendeu a ampliarse. Dada esta situación, a maior especialización feminina en contratos a tempo parcial parece ser máis un reflexo da maior precarización laboral ca un mecanismo de axuste ás características e preferencias da oferta laboral feminina.

**Cadro 21. Evolución en Galicia da poboación activa, ocupada e parada por sexos (1994-1998). Medias anuais, miles de persoas**

| | 1994 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Mulleres | Homes | Total | % Fem | Mulleres | Homes | Total | %Fem |
| Pob>16 | 1.207,4 | 1.085,8 | 2.293,2 | 52,7% | 1.220,4 | 1.091,5 | 2.311,95 | 52,8% |
| P Activa | 472,0 | 664,4 | 1.136,4 | 41,5% | 463,4 | 647,1 | 1.110,5 | 41,7% |
| *P Ocupada* | 364,9 | 551,7 | 916,6 | 39,8% | 355,2 | 562,7 | 917,9 | 38,7% |
| *P Desempregada* | 107,1 | 112,7 | 219,8 | 48,7% | 108,3 | 84,4 | 192,6 | 56,2% |
| *1er emprego* | 36,1 | 16,6 | 52,7 | 68,5% | 33,7 | 16,3 | 50,0 | 67,4% |
| P Inactiva | 735,4 | 410,7 | 1.146,1 | 64,2% | 756,8 | 439,5 | 1.196,3 | 63,3% |
| Taxa de actividade | 39,1% | 61,2% | 49,6% | - | 38,0% | 59,3% | 48,0% | - |
| Taxa de paro | 22,7% | 17,0% | 19,3% | - | 23,4% | 13,0% | 17,3% | - |
| Taxa de ocupación | 30,2% | 50,8% | 40,0% | - | 29,1% | 51,5% | 39,7% | - |

*Fonte: Elaboración IGE a partir de EPA (INE).*

**Cadro 22. Evolución dos ocupados por sexo e nivel de estudios (1994-1998). Medias anuais, miles de persoas**

| | 1994 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nivel de estudios | Homes | Mulleres | Total | % Fem | Homes | Mulleres | Total | % Fem |
| Analfabetos | 2,5 | 8,3 | 10,8 | 76,85% | 1,0 | 2,4 | 3,4 | 70,59% |
| Sen Estudios | 61,5 | 71,3 | 132,8 | 53,69% | 32,9 | 34,2 | 67,1 | 50,97% |
| Primarios | 234,8 | 136,8 | 371,6 | 36,81% | 203,9 | 119,9 | 323,8 | 37,03% |
| Medios | 206,4 | 108,2 | 314,6 | 34,39% | 268,6 | 140,3 | 408,9 | 34,31% |
| Anterior | 21,1 | 25,8 | 46,9 | 55,01% | 22,9 | 35,3 | 58,2 | 60,65% |
| Superior | 25,3 | 14,2 | 39,5 | 35,95% | 33,4 | 23,4 | 56,8 | 41,20% |
| *Inferiores* | 298,8 | 216,4 | 515,2 | 42,00% | 237,8 | 156,4 | 394,2 | 39,68% |
| *Medios-superiores* | 252,8 | 148,2 | 401,0 | 36,96% | 324,9 | 198,9 | 523,8 | 37,97% |
| *Total* | 551,6 | 364,6 | 916,2 | 39,79% | 562,7 | 355,3 | 918,0 | 38,49% |

*Fonte: Elaboración IGE a partir de EPA (INE).*

**Cadro 23. Ocupados por sexo e ocupación. Medias anuais, miles de persoas**

| | 1994(*) | | | | 1997 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ocupación | H | M | T | % | H | M | T | % |
| Dirección de empresas e da Admón. Pública | 49,6 | 29,7 | 79,3 | 37,45% | 48,0 | 26,6 | 74,6 | 35,66% |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais | 31,3 | 30,7 | 62,0 | 49,52% | 37,7 | 41,8 | 79,5 | 52,58% |
| Técnicos e profesionais de apoio | 32,9 | 12,7 | 45,6 | 27,85% | 38,5 | 14,7 | 53,2 | 27,63% |
| Empregados de tipo administrativo | 33,7 | 31,0 | 64,7 | 47,91% | 30,9 | 36,9 | 67,8 | 54,42% |
| Empregados restauración e comercio | 45,8 | 63,9 | 109,7 | 58,25% | 40,3 | 57,7 | 98,0 | 58,88% |
| Empregados cualificados agricultura e pesca | 106,5 | 120,1 | 226,6 | 53,00% | 85,7 | 98,1 | 183,8 | 53,37% |
| Empregados cualificados de manufacturas, construcción e minería | 140,1 | 17,9 | 158,0 | 11,33% | 149,8 | 16,2 | 166,0 | 9,76% |
| Operadores de instalacións e máquina; montadores | 62,3 | 11,8 | 74,1 | 15,92% | 60,9 | 10,6 | 71,6 | 14,83% |
| Traballadores non cualificados | 47,4 | 46,1 | 93,6 | 49,30% | 58,8 | 46,8 | 105,5 | 44,32% |
| Forzas Armadas | 2,5 | 0,0 | 2,5 | 0,00% | 2,2 | 0,0 | 2,2 | 0,00% |
| Total | 552,1 | 363,9 | 916,0 | 39,73% | 552,8 | 349,4 | 902,2 | 38,73% |

*Nota: (*) calculado sobre os últimos tres trimestres de 1994 por cambio de clasificación*
*Fonte: Elaboración IGE a partir de EPA (INE)*

**Gráfico 17. Evolución dos diferenciais Galicia-España nos principais indicadores laborais femininos**




*Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat (Regio, 1997)*

**Gráfico 18. Comparación por sexos dos principais indicadores do mercado laboral de Galicia**




*Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat (Regio, 1997)*

A situación específica do mercado laboral feminino en Galicia respecto ó de España pode apreciarse de forma máis clara no Cadro 24, que contén os resultados dunha análise similar á do Cadro 20, comentado anteriormente. As conclusións para o caso feminino son moi similares ás expostas para o conxunto do mercado laboral, xa que:

- O crecemento demográfico das mulleres en Galicia é inferior ó das mulleres no conxunto de España (efecto neto negativo de 29.543).
- As mulleres galegas tamén exercen unha menor presión sobre o mercado de traballo, dada a súa menor velocidade de incorporación á poboación activa (efecto neto negativo de 54.640).
- O ritmo de variación da ocupación feminina en Galicia foi inferior ó das mulleres do conxunto de España (efecto neto negativo de 36.803).
- Os cambios na agricultura exercen unha incidencia considerablemente superior nas mulleres de Galicia, xa que o menor crecemento comparado do emprego neto feminino se explica nun 84% polo descenso na ocupación agraria feminina, o cambio do cal supera en 31.077 persoas ó que lle tivera correspondido de segui-lo mesmo ritmo do conxunto de España.
- O crecemento da ocupación feminina de Galicia mostrou un maior dinamismo ca nacional na industria e maior lentitude nos servicios.

**Cadro 24. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia respecto ás mulleres do conxunto de España. 1994-1998**

| | Taxas de crecemento | | Variacións absolutas (miles de persoas) (a) | | Hipótese crecemento ocupación total Galicia (b) | Efecto neto (miles persoas) (b-a) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | | |
| Pob>16 | 1,08% | 3,53% | 13.032 | 575.475 | 42.575 | -29.543 |
| PA | -1,82% | 9,76% | -8.575 | 567.600 | 46.065 | -54.640 |
| Parados | 1,07% | -7,08% | 1.150 | -129.200 | -7.581 | 8.731 |
| Ocupados | -2,67% | 17,46% | -9.725 | 696.800 | 27.078 | -36.803 |
| *Agricultura* | -35,38% | -13,02% | -49.175 | -40.310 | -18.098 | -31.077 |
| *Industria* | 17,31% | 10,02% | 5.850 | 53.960 | 3.388 | 2.462 |
| *Construcción* | 51,79% | 19,00% | 725 | 7.580 | 266 | 459 |
| *Servicios* | 17,24% | 21,77% | 32.875 | 675.590 | 41.522 | -8.647 |

*Fonte: elaboración propia a partir de EPA (INE / elaboración IGE)*

Se a referencia da situación laboral da muller en Galicia se traslada desde as mulleres de España ós homes de Galicia, o dinamismo da ocupación feminina rexional mellora en certos aspectos (Cadro 25), xa que:

- O crecemento demográfico das mulleres foi superior ó dos homes (efecto neto positivo de 6.675).
- As mulleres incorporáronse ó mercado de traballo con maior rapidez que os homes.
- A ocupación feminina descendeu menos do que tería feito de segui-lo ritmo de variación dos homes (efecto neto positivo de 8.722 persoas).
- Os servicios xeraron proporcionalmente máis emprego feminino ca masculino.
- O descenso no emprego agrario tivo unha maior incidencia nas mulleres ca nos homes.
- Sen embargo, o desemprego feminino presenta un notable saldo negativo respecto á evolución do paro masculino. Os efectos netos negativos de 28.068 persoas en contra das mulleres reflicten as superiores dificultades ás que se enfronta a muller para incorporarse ó mercado de traballo.

**Cadro 25. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia respecto ós homes de Galicia. 1994-1998**

| | Taxas de crecemento | | Diferencias reais | | Hipótese crecemento poboación feminina de Galicia como poboación masculina de Galicia | Efecto neto crecemento poboación feminina (valor) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Muller | Home | | |
| Pob>16 | 1,08% | 0,53% | 13.032 | 5.717 | 6.358 | 6.675 |
| P. activa | -1,82% | -2,61% | -8.575 | -17.350 | -12.326 | 3.751 |
| Parados | 1,07% | -25,13% | 1.150 | -28.325 | -26.918 | 28.068 |
| Ocupados (por agregación) | -2,67% | 1,99% | -9.725 | 10.975 | -18.447 | 8.722 |
| *Agricultura* | -35,38% | -25,59% | -49.175 | -31.600 | -35.566 | -13.609 |
| *Industria* | 17,31% | 25,23% | 5.850 | 24.750 | 8.528 | -2.678 |
| *Construcción* | 51,79% | 7,99% | 725 | 7.100 | 112 | 613 |
| *Servicios* | 17,24% | 4,45% | 32.875 | 10.725 | 8.480 | 24.395 |

*Fonte: elaboración propia a partir de EPA (INE / elaboración IGE)*

Por actividades, o emprego feminino conta con avantaxes fronte ó masculino nas ramas de servicios (educación, sanidade e administración, fundamentalmente) e nalgunhas ramas industriais (industrias agroalimentarias). A comparación de evolucións por grandes grupos ocupacionais (Cadro 26) é quizás máis nítida, ó reflecti-las desvantaxes do emprego feminino menos cualificado e, polo contrario, o maior dinamismo da maior parte das ocupacións máis cualificadas, a excepción dos directores e administradores de empresas.

**Cadro 26. Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes laborais das mulleres de Galicia por nivel de estudios respecto ós homes de Galicia. 1994-1997**

| | Taxas de variación | | Variacións reais | | Hipótese variación mulleres de Galicia como homes de Galicia (b) | Efecto neto crecemento mulleres Galicia (a-b) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Muller | Home | Muller (a) | Home | | |
| 01.Direct.Administ. | -10,31% | -3,28% | -3,06 | -1,63 | -0,97 | -2,09 |
| 02.Tec.Prof.Cient. | 36,12% | 20,36% | 11,10 | 6,38 | 6,26 | 4,84 |
| 03.Tec. e P.Apoio | 15,78% | 17,07% | 2,00 | 5,61 | 2,17 | -0,16 |
| 04.Emp. Admin. | 18,98% | -8,05% | 5,89 | -2,71 | -2,50 | 8,39 |
| 05.Rest. Comerc. | -9,63% | -11,97% | -6,15 | -5,48 | -7,64 | 1,49 |
| 06.Agric. Pesca | -18,35% | -19,55% | -22,04 | -20,83 | -23,49 | 1,45 |
| 07.Artesáns | -9,53% | 6,92% | -1,71 | 9,70 | 1,24 | -2,95 |
| 08.Op.Inst. Maq. | -10,21% | -2,15% | -1,21 | -1,34 | -0,25 | -0,95 |
| 09.Non cualificados | 1,39% | 23,92% | 0,64 | 11,34 | 11,03 | -10,39 |
| 10.Forzas Armadas | - | -9,99% | 0,00 | -0,25 | 0,00 | 0,00 |

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos EPA*

### *c) O cambio cualificativo*

Unha vez exposta a evolución do mercado de traballo, así como os seus elementos explicativos das diferencias rexistradas respecto ó conxunto de España, convén completa-la súa análise cunha breve referencia á dimensión ocupacional do mercado de traballo.

Nesta dimensión, Galicia, como o conxunto de España está experimentando un dobre cambio cualificativo (Gráfico 19 e Cadro 27): por un lado, a estructura de ocupacións por ramas de actividade estase a desprazar en contra das menos cualificadas (cambio ocupacional); por outro, unha mesma ocupación é desempeñada cada vez por ocupados máis cualificados (cambio educacional).

Desde un punto de vista teórico, as posibles explicacións a ambos tipos de cambio poden residir nas seguintes hipóteses:

- O cambio ocupacional pode deberse a unhas demandas cada vez máis sofisticadas por parte dos empregadores, debido ós cambios nos contidos e tarefas que deben exercerse en cada ocupación

(cambio ocupacional propiamente dito) ou alternativamente á recomposición sectorial do tecido productivo (cambio sectorial), que se despraza desde as actividades primarias e industriais cara ás terciarias, máis proclives a oficios de *colo branco*.

- O cambio educacional (Gráfico 20 e Cadro 28), pola súa parte, podería deberse ás novas demandas dos empregadores, que prefiren cada vez persoas máis formadas, ou simplemente, ó propio investimento da poboación en capital humano, como consecuencia do ascenso xeral nos niveis educativos.

As conclusións para ambas facetas do cambio cualificativo, despois de analiza-los datos da EPA, son bastante nítidas:

- O cambio ocupacional en Galicia débese nunha proporción maioritaria á forte recomposición sectorial que está a experimenta-la base productiva: máis do 56% do cambio débese a este factor. A comparación deste factor co caso de España revela unha forte singularidade rexional, xa que a nivel nacional (período 1993-1996) o factor sectorial tan só logra explicar un 13% do cambio ocupacional total.
- Polo contrario, a maior parte do cambio educativo na poboación ocupada galega explícase a partir de decisións autónomas da poboación, é dicir, o propio investimento que realiza a poboación en capital humano, de forma semellante o que ocorre no conxunto de España.

**Gráfico 19. Cambio cualificativo na poboación ocupada de Galicia. Porcentaxe do cambio debido a diferentes efectos (1994-1997)**




*Fonte: elaboración propia a partir de datos EPA*

**Cadro 27. Cambio cualificativo na poboación ocupada de Galicia. Porcentaxe do cambio debido a diferentes efectos (1994-1997)**

| | Variación real Galicia 94-97 (persoas) | Total (%) | Cambio Ocupacional (%) | | Cambio Sectorial (%) | | Cambio Residual (%) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *1.- Dirección de empresas e da Administración Pública.* | -4.689 | 100 | 63,23 | - | 34,24 | + | 2,51 | - |
| *2.- Técnicos e profesionais Científicos e intelectuais.* | 17.480 | 100 | 71,89 | + | 24,07 | + | 4,03 | + |
| *3.- Técnicos e profesionais de Apoio* | 7.614 | 100 | 63,02 | + | 33,59 | + | 3,37 | + |
| *4.- Empregados de tipo Administrativo* | 3.182 | 100 | 9,50 | - | 88,60 | + | 1,89 | - |
| *5.- Traballadores de Servicios de Restauración, Persoais, Protección e Vendedores de Comercio.* | -11.629 | 100 | 69,42 | - | 26,38 | + | 4,19 | + |
| *6.- Traballadores cualificados en Agricultura e .Pesca* | -42.870 | 100 | 15,41 | + | 80,04 | - | 4,53 | - |
| *7.- Artesáns e Traballadores cualificados de Industrias Manufactureiras, Construcción e Minería; agás Operadores de Maquinaria* | 7.987 | 100 | 25,92 | - | 73,73 | + | 0,34 | + |
| *8.- Operadores de Instalacións e Maquinaria; Montadores* | -2.550 | 100 | 54,46 | - | 44,90 | + | 0,62 | + |
| *9.- Traballadores non cualificados* | 11.983 | 100 | 44,48 | + | 47,53 | + | 7,98 | + |
| *10.- Forzas Armadas* | -246 | 100 | 70,40 | - | 25,45 | + | 4,14 | - |
| Total | -13.736 | 100 | 39,89 | | 56,43 | | 3,68 | |

*Fonte: elaboración propia a partir de datos EPA*

**Gráfico 20. Cambio educacional en Galicia. Porcentaxe do cambio imputable a diversos efectos (1994-1997)**




*Fonte: elaboración propia a partir de datos EPA*

**Cadro 28. Cambio educacional en Galicia. Porcentaxe do cambio imputable a diversos efectos (1994-1997)**

| | Variación real Galicia 94-97 | Total | Cambio nos Niveis Formativos | | Cambios sectoriais | | Cambio residual | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Analfabetos | -6.224 | 100 | 66,56 | - | 19,41 | - | 14,03 | + |
| Sen Estudios | -47.616 | 100 | 57,36 | - | 36,89 | - | 5,75 | + |
| Primarios | -45.634 | 100 | 80,60 | - | 12,16 | - | 7,24 | - |
| Medios | 58.279 | 100 | 72,09 | + | 26,28 | + | 0,82 | - |
| Anterior | 7.485 | 100 | 55,72 | + | 42,86 | + | 1,42 | - |
| Superior | 19.827 | 100 | 80,71 | + | 16,74 | + | 2,55 | - |
| Total | -13.883 | 100 | 71,02 | | 24,77 | | 4,21 | |

*Fonte: elaboración propia a partir datos EPA*

A consulta a empresas galegas sobre as súas futuras demandas ocupacionais constitúe unha vía para contrasta-los grandes cambios comentados anteriormente, xa que permite considerar sobre o terreo os seguintes aspectos, entre outros: tendencias ocupacionais por idade, sexo, nivel de estudios; posibles lagoas na oferta formativa; ou a incidencia das novas tecnoloxías sobre estas tendencias. Con este obxecto, investigouse unha mostra de 236 empresas residentes en Galicia, principalmente industriais, e cunha distribución equilibrada por tamaños (Cadro 29).

**Cadro 29. Distribución da mostra utilizada para analiza-las tendencias ocupacionais de Galicia**

| Nº ocupados | Tamaño | Nº empresas | % | Industria | % | Servicios | % | NS/NC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1-20 | Pequena | 67 | 28,4% | 35 | 14,8% | 21 | 8,9% | 1 |
| 21-50 | Mediana | 67 | 28,4% | 53 | 22,5% | 13 | 5,5% | 1 |
| 51-150 | Grande | 45 | 19,1% | 56 | 23,7% | 10 | 4,2% | 1 |
| >150 | Moi grande | 57 | 24,2% | 40 | 16,9% | 5 | 2,1% | |
| | Totais | 236 | 100% | 184 | 78,0% | 49 | 20,8% | 3 |

*Fonte: elaboración propia a partir da enquisa ocupacional de Galicia, 1997 (Plan de Crecemento e Emprego de Galicia, 1998-2001)*

O primeiro aspecto a salientar é o diferencial que manifestan as empresas entre as súas expectativas de crecemento económico e creación de emprego, un dos retos para a actual política económica en calquera ámbito. No caso de Galicia a diferencia en puntos porcentuais, entre as expectativas de mellora da situación económica e as de incrementa-lo cadro de persoal acada os 38 puntos. Medido en termos relativos, só a metade das empresas con boas expectativas económicas confía en poder acompañar a dita mellora con novos postos de traballo. A outra metade, a pesar de que agarda mellora-la súa situación económica, prevían mante-lo cadro de persoal actual.

O seguinte aspecto interesante da análise é diferenciar qué causas concretas están levando a configurar unha demanda crecente de determinados oficios e ocupacións. Nunha primeira división pódense identificar dúas causas xerais: cambios no nivel de demanda ou cambios nos contidos ou tarefas funcionais que deben desempeñar as ditas ocupacións en crecemento, debido a motivos tecnolóxicos ou outros. Os resultados obtidos indican que o pulo das ocupacións crecentes se debe maioritariamente (75%) ó crecemento da demanda. Entre os factores máis influentes nos cambios dos contidos ocupacionais (é dicir, no 25% restante dos casos), destacan a incorporación de novas tecnoloxías (53,3%), os cambios nas instalacións (19%) e os cambios nos productos e servicios ofrecidos (13,3%).

No que respecta, concretamente, ós tipos de tecnoloxías que afectan con maior intensidade a estas ocupacións crecentes, saliéntanse a informática (27%) e a robótica (24%). En ámbolos dous casos, as empresas de tamaño mediano ou grande sobresaen por enriba da media e, como cabe agardar, a industria decántase pola robótica mentres que os sevicios pola informática, así como a ofimática.

En segundo lugar, elaborouse un perfil básico dos empregados en ocupacións sinaladas como crecentes, entendendo por este, a idade preferida polos empregadores, os requirimentos de experiencia anterior, o nivel de estudios axeitado e as preferencias por sexos.

Un resultado importante para o deseño das futuras accións formativas, ben coñecido por outra parte, é que no 54% dos casos o perfil desexado para estas ocupacións dinámicas esixe que o aspirante conte con experiencia anterior. Neste sentido, as mulleres enfróntanse a dificultades engadidas para incorporarse ó mercado laboral, xa que un 36% das empresas prefire que as ditas ocupacións sexan desempeñadas por homes, fronte a tan só un 6% de entidades que opta preferentemente polo sexo feminino, a exclusividade do cal concéntrase en ocupacións de reducido nivel cualificativo (operadoras de maquinaria alimentaria, matadores, peóns, operadoras de maquinaria téxtil, enfermeiras, auxiliares de enfermería e dependentes de comercio e exhibidoras).

Por outra parte, aínda que o 18% das empresas afirma non ter preferencias especiais en canto á idade do traballador (o grao de indiferencia aumenta co tamaño da empresa), existe un trazo bastante acusado cara ós menores de 35 anos, que acumulan un 77% das mencións (destaca o tramo 30-34 anos, con máis do 41%), fronte a mencións practicamente inexistentes para idades superiores ós 40 anos ou reducidas (17%) para os máis mozos (menores 25 anos).

Respecto ó nivel de estudios axeitado, as preferencias atópanse relativamente repartidas, aínda que destaca de forma bastante clara a Formación Profesional de segundo grao, co 31% das mencións. En termos máis xerais, obsérvase a preferencia maioritaria por un nivel medio-baixo de estudios: Formación Profesional (40%) e certificado escolar ou sen requirimentos específicos (38%), especialmente no ámbito industrial. Nos servicios apréciase unha maior flexibilidade nos requirimentos de experiencia anterior e sexo así como unha superior preferencia polo persoal con maior idade e nivel de estudios.

O aspecto relativo ás ocupacións nas que se prevén tendencias crecentes refírese á enumeración das mencionadas con máis frecuencia e a un rápido estudio cualitativo destas. O Cadro 30 recolle as 35 ocupacións que foron identificadas en máis ocasións como crecentes, que en conxunto supoñen o 23% de tódalas ocupacións mencionadas nalgunha ocasión (154 nunha consulta de moderada dimensión e concentrada na industria, o que proporciona un indicador da complexidade e diversidade que entraña o estudio da faceta ocupacional do mercado de traballo) e o 58% de tódalas mencións.

A taxa de media de crecemento obtida por cada ocupación difire amplamente, segundo unha escala o rango da cal oscila entre o 100% (crecemento moi rápido) e o 0% (mantemento). O Cadro 30 permite observar, por exemplo, que sendo as ocupacións relacionadas con *secretarios administrativos e asimilados* as máis citadas, a súa taxa ponderada de crecemento (47%) é sensiblemente inferior á correspondente ós *técnicos de control de calidade* (81,3 %), ou ó bon comportamento que rexistran, en ámbalas dúas facetas, os *representantes de comercio e técnicos de vendas* (5,9% e 63%).

Outro aspecto con particular importancia dentro do enfoque ocupacional, refírese ás lagoas formativas que, a xuízo dos empresarios, posúen os traballadores actualmente empregados. A penúltima columna do Cadro 30 recolle este aspecto, no que destaca que só tres das ocupacións citadas en máis ocasións rexistran lagoas formativas superiores ó 50%. Neste mesmo sentido, as ocupacións con maiores lagoas móstranse no Cadro 31. En liñas xerais, o número de observacións correspondentes a estas ocupacións son baixas en termos comparativos.

Respecto á cobertura que proporciona en cada caso a actual oferta formativa, cabe sinalar que, na media, un 65,8% das respostas sinalan que a oferta é suficiente (un 41,8% cren que de forma completa e un 24% mediana) para cubri-las necesidades de formación das ocupacións crecentes.

A modo de interpretación global destes últimos resultados, analizáronse as relacións entre as distintas características das ocupacións crecentes, sen que os resultados obtidos permitan establecer tendencias claras e significativas entre a maior ou menor frecuencia de cada ocupación e as taxas correspondentes de crecemento, lagoas formativas e ausencia de oferta próxima. No límite, pode apreciarse unha leve tendencia das ocupacións máis citadas a rexistrar un crecemento inferior á media, menores lagoas formativas e cara á dispoñibilidade dunha maior oferta formativa. Coas mesmas reservas, a análise parece mostrar que aquelas ocupacións cunha oferta formativa insuficiente dispoñen, ó mesmo tempo, de maiores lagoas.

Cadro 30. Trazos das principais ocupacións crecentes en Galicia

| Denominación ocupacións (CON-94, 4 díxitos) | % | Taxa ponderada de crecemento | % de lagoas formativas | Carencias de oferta formativa próxima |
|---|---|---|---|---|
| Técnicos en control de calidade | 0,9% | 81,3% | 44,7% | 50,0% |
| Operadores de equipos de radio e televisión e de telecomunicación | 0,9% | 75,0% | 0,0% | 66,7% |
| Peóns de transporte e descargadores | 1,4% | 70,8% | 31,7% | 16,7% |
| Operadores de robots industriais | 0,9% | 66,7% | 36,7% | 0,0% |
| Operadores de máquinas para fabricar productos de papel e cartón | 1,1% | 65,0% | 16,7% | 40,0% |
| Representantes de comercio e técnicos de vendas | 5,9% | 63,0% | 12,1% | 29,6% |
| Enxeñeiros en electrónica e telecomunicacións | 0,9% | 62,5% | 75,0% | 25,0% |
| Traballadores da cerámica, oleiros e asimilados | 0,9% | 62,5% | 11,7% | 100% |
| Traballadores de fabricación de ferramentas, mecánicos e axustadores, modelistas, matriceiros e asimilados | 0,9% | 62,5% | 5,0% | 50,0% |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados | 1,8% | 59,4% | 39,3% | 50,0% |
| Outros operadores de máquinas para fabricar productos téxtiles e artígos de pel e coiro | 0,9% | 58,3% | 37,0% | 0,0% |
| Químicos | 0,9% | 56,3% | 0,0% | 25,0% |
| Tronzadores, labrantes e gravadores de pedra | 2,5% | 55,0% | 5,0% | 0,0% |
| Soldadores e oxicortadores | 2,9% | 54,2% | 34,4% | 53,8% |
| Escritores, periodistas e asimilados | 1,6% | 54,2% | 20,0% | 0,0% |
| Tecedores con telares artesáns ou de tecidos de punto e asimilados | 1,4% | 54,2% | 35,0% | 66,7% |
| Mecánicos e axustadores de vehículos de motor | 1,4% | 54,2% | 20,0% | 16,7% |
| Técnicos en electrónica e telecomunicacións | 1,4% | 54,2% | 5,0% | 33,3% |
| Chapistas e caldeireiros | 1,8% | 53,1% | 28,8% | 50,0% |
| Operadores de serrerías, de máquinas de contrachapado e en instalacións conexas para o tratamento da madeira | 2,3% | 50,0% | 5,8% | 30,0% |
| Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe | 2,0% | 50,0% | 57,5% | 42,9% |
| Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial | 1,4% | 50,0% | 44,0% | 20,0% |
| Operadores de máquinas de coser e bordar | 1,1% | 50,0% | 26,3% | 40,0% |
| Carpinteiros (agás carpinteiros de estructuras metálicas) | 0,9% | 50,0% | 0,0% | 75,0% |
| Axustadores e reparadores de equipos electrónicos | 0,9% | 50,0% | 33,3% | 66,7% |
| Peóns de industrias manufactureiras | 2,7% | 47,9% | 17,5% | 23,1% |
| Secretarios administrativos e asimilados | 6,3% | 47,0% | 16,3% | 23,1% |
| Montadores de estructuras metálicas | 1,1% | 45,0% | 64,5% | 20,0% |
| Electricistas de construcción e asimilados | 1,1% | 45,0% | 10,0% | 60,0% |
| Operadores de máquinas para elaborar productos derivados da carne, peixe e marisco | 2,3% | 44,4% | 0,0% | 30,8% |
| Tapiceiros, colchoeiros e asimilados | 0,9% | 43,8% | 50,0% | 25,0% |
| Lavandeiros, pasadores do ferro, e asimilados | 0,9% | 43,8% | 43,3% | 50,0% |
| Conductores de camións | 0,9% | 43,8% | 17,5% | 25,0% |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares | 1,4% | 33,3% | 16,8% | 16,7% |
| Empregados de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios | 0,9% | 31,3% | 12,5% | 0,0% |
| Total (154 ocupacións) | 100% | 53,9% | 21,5% | 33,7% |

*Fonte: elaboración propia a partir da enquisa ocupacional de Galicia, 1997 (Plan de Crecemento e Emprego de Galicia, 1998-2001)*

**Cadro 31. As 15 ocupacións coa maior porcentaxe de persoal con lagoas formativas e dispoñibilidade de oferta formativa próxima**

| Denominación ocupacións (CNO-94, 4 díxitos) | % | Taxa ponderada de crecemento | % de lagoas formativas | Carencias de oferta formativa próxima |
|---|---|---|---|---|
| Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados | 0,5% | 37,5% | 100,0% | 0,0% |
| Operadores de teares e outras máquinas tecedoras | 0,5% | 50,0% | 100,0% | 50,0% |
| Operadores de máquinas para fabricar productos de materias plásticas | 0,7% | 41,7% | 100,0% | 100,0% |
| Enxeñeiros en electrónica e telecomunicacións | 0,9% | 62,5% | 75,0% | 25,0% |
| Encargado de sección dentro dun comercio e asimilados | 0,5% | 37,5% | 75,0% | 50,0% |
| Decoradores e Deseñadores Artísticos | 0,7% | 58,3% | 66,7% | 66,7% |
| Montadores de estructuras metálicas | 1,1% | 45,0% | 64,5% | 20,0% |
| Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas | 0,5% | 62,5% | 60,0% | 0,0% |
| Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe | 2,0% | 50,0% | 57,5% | 42,9% |
| Gravadores de imprenta e traballadores asimilados | 0,5% | 25,0% | 55,0% | 50,0% |
| Auxiliares Administrativos con tarefas de atención o público, non clasificados anteriormente | 0,5% | 62,5% | 50,0% | 0,0% |
| Deportistas e profesionais similares | 0,5% | 37,5% | 50,0% | 0,0% |
| Tapiceiros, colchoeiros e asimilados | 0,9% | 43,8% | 50,0% | 25,0% |
| Técnicos en mecánica | 0,7% | 41,7% | 45,0% | 33,3% |
| Patronistas e cortadores de tea, coiro e pel (agás calzado, marroquinería e guantería de pel) | 0,5% | 37,5% | 45,0% | 50,0% |
| Total (154 ocupacións) | 100% | 53,9% | 21,5% | 33,7% |

*Fonte: elaboración propia a partir da enquisa ocupacional de Galicia, 1997 (Plan de Crecemento e Emprego de Galicia, 1998-2001)*

### 1.1.4. A evolución da producción e da converxencia real de Galicia con España

O inicio da década dos noventa marca un punto de inflexión na evolución da producción de Galicia, que modifica tendencias tradicionalmente regresivas cara á diminución do seu peso específico en España, impulsadas por unha profunda crise industrial e polo aprazamento que experimentaran ata entón os cambios estructurais da súa economía.

Os Gráficos 21 e 22 tratan de mostrar o dito cambio de tendencia desde o punto de vista do crecemento do valor engadido. A pesar das modestas diferencias existentes entre o perfil rexional de crecemento e o nacional, a inercia de Galicia a avanzar constantemente moi por debaixo de España corrixiuse ou, alomenos, xa non é tan nítida coma antes.

**Gráfico 21 . Taxas interanuais de crecemento real do VEB p.m. 1981-1998. Galicia e España**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e Contabilidade Trimestral de España (INE)*

**Gráfico 22. Taxas interanuais de crecemento real do VEB p.m. non agrario 1981-1998. Galicia e España**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e Contabilidad Trimestral de España (INE)*

Durante os últimos anos, as taxas sectoriais de crecemento evolucionaron moi en liña coas do conxunto de España, a pesar dos problemas estruturais anteriormente mencionados. De feito, as estimacións correspondentes ó período 1994-1998 (Gráfico 23) indican que o VEB total creceu, en termos reais, 1,3 puntos máis en Galicia que en España, gracias especialmente á industria, o sector no que a taxa acumulada foi 6,7 puntos superior á nacional.

**Gráfico 23. Crecemento real do VEB p.m. 1994-1998. Galicia e España**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e da Contabilidade Trimestral de España (INE)*

A evolución relativa do VEB p.m. per cápita rexional respecto ó do conxunto de España, permite apreciar con maior claridade o cambio de traxectoria que experimenta Galicia a partir dos primeiros noventa, como pode apreciarse na inflexión que rexistra a liña de tendencia que se incluíu no Gráfico 24.

**Gráfico 24. Evolución do VEB p.m. per cápita de Galicia respecto á media de España**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e Contabilidade Trimestral de España (INE)*

Unha valoración similar pode deducirse do Cadro 32, que reflicte que Galicia ocupou a terceira posición entre as diversas Autonomías en canto ás taxas de crecemento nominal ou real rexistradas durante o período 1990-1996, o que permitiu recortar algo máis de tres puntos a distancia relativa co conxunto de España.

**Cadro 32. Comparación das taxas de crecemento do VEB per cápita segundo as diferentes fontes tanto para o VEB p.m. como para a poboación**

| VEB p.m. CRE96 / poboación CRE96 | | VEB p.m Cordero y Gayoso/ Poboación (proxeccións INE 86-2006) | | VEB p.m. Cordero y Gayoso /Poboación CRE96 | |
|---|---|---|---|---|---|
| (1996-1990) | | (1996-1990) | | (1996-1990) | |
| (Ptas. correntes) | TV (%) | (Ptas. constantes de 1986) | TV (%) | (Ptas. constantes de 1986) | TV (%) |
| La Rioja | 62,3 | La Rioja | 25,7 | La Rioja | 25,7 |
| Castilla y León | 51,8 | Castilla y León | 15,5 | Castilla y León | 15,5 |
| *Galicia* | *50,7* | *Galicia* | *12,7* | *Galicia* | *12,7* |
| Cataluña | 50,6 | Cataluña | 11,5 | Cataluña | 11,5 |
| C. Madrid | 48,6 | País Vasco | 10,9 | País Vasco | 10,9 |
| Baleares | 48,5 | C. Madrid | 9,7 | C. Madrid | 9,7 |
| Asturias | 46,3 | Cantabria | 9,1 | Cantabria | 9,1 |
| País Vasco | 46,1 | Aragón | 8,9 | Aragón | 8,9 |
| Canarias | 46,1 | Baleares | 8,7 | Baleares | 8,7 |
| Cantabria | 44,0 | C. Foral de Navarra | 8,3 | C. Foral de Navarra | 8,3 |
| Aragón | 43,4 | Asturias | 7,9 | Asturias | 7,9 |
| Extremadura | 43,0 | Canarias | 7,0 | Canarias | 7,0 |
| C. Foral de Navarra | 42,1 | Extremadura | 6,0 | Extremadura | 6,0 |
| C. Valenciana | 41,1 | C. Valenciana | 5,7 | C. Valenciana | 5,6 |
| Castilla-La Mancha | 39,8 | Castilla-La Mancha | 5,5 | Castilla-La Mancha | 5,5 |
| Andalucía | 38,6 | Andalucía | 2,7 | Andalucía | 2,7 |
| Murcia | 34,4 | Murcia | 0,9 | Murcia | 0,9 |
| España | 45,7 | España | 8,6 | España | 8,6 |

*Fonte: elaboración propia a partir de CRE (INE), Serie Cordero-Gayoso e Proyecciones de poboación (INE)*

**Cadro 33. Índice da evolución da renda per cápita relativa de Galicia respecto a España (=100)**

| VEB pc | | | |
|---|---|---|---|
| VEBpm Cordero y Gayoso/ Poboación (proxeccións INE 86-2006) | | VEB Gayoso y Gayoso /Poboación CRE96 | |
| Ano | (%)Galicia/España | Ano | (%)Galicia/España |
| 1990 | 78,120 | 1990 | 78,119 |
| 1991 | 78,723 | 1991 | 78,722 |
| 1992 | 79,117 | 1992 | 79,118 |
| 1993 | 79,461 | 1993 | 79,462 |
| 1994 | 79,324 | 1994 | 79,325 |
| 1995 | 79,911 | 1995 | 79,912 |
| 1996 | 81,130 | 1996 | 81,130 |
| Variación 90-96 | +3,010 | Variación 90-96 | +3,010 |

*Fonte: elaboración propia a partir de CRE (INE), Serie Cordero-Gayoso e Proyecciones de población (INE)*

A favorable evolución da renda galega respecto á nacional tamén pode apreciarse nos índices de PIB per cápita en paridade do poder adquisitivo (PPA) elaborados por Eurostat. As estimacións máis recentes reflicten o proceso de achegamento de Galicia ós seus espacios de referencia máis próximos (Cadro 33).

O Cadro 34 e o Gráfico 25 permiten observa-la estabilización dos índices relativos de benestar da economía galega despois da profunda caída que experimentaron ó longo dos anos oitenta. En concreto, o índice de PIB per cápita de Galicia respecto á Unión Europea-15 (en PPA) pasou do 56,1 en 1989, ó 59,3 en 1994 e ó 62,25 en media do trienio 1994-1996. O Sexto Informe Periódico da Comisión Europea, sobre a situación e a evolución socioeconómicas das rexións da Unión Europea, tamén reflicte a recuperación producida durante a década que transcorre entre 1986 e 1996, durante a que Galicia mellorou oito puntos a súa situación relativa respecto ó conxunto da UE-15 en PIB per cápita en PPA, ó pasar do 55,0 % ó 63,0 % do nivel medio europeo, o que significa ter saído practicamente do grupo das 25 rexións europeas con menor renda per cápita, cando partía do nivel 18 en 1986.

**Cadro 34. Evolución do PIB per cápita de Galicia respecto á UE(15), UE(12), España e rexións Obxectivo 1 entre os anos 1980 e 1994. Ecus en PPA**

| | 1980 | 1986 | 1989 | 1990 | 1991 | 1992 | 1993 | 1994 | 1994-1996* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GALICIA | 4.308,1 | 6.142,1 | 7.864,5 | 8.349,3 | 9.159,1 | 9.293,0 | 9.670,1 | 9.866,5 | 10.819 |
| UE 15 | 7.194,4 | 11.259,3 | 13.918,6 | 14.869,9 | 15.370,8 | 15.946,2 | 15.920,4 | 16.644,4 | 17.379 |
| UE 12 | 7.087,0 | 11.053,7 | 13.623,9 | 14.582,4 | 15.096,8 | 15.741,5 | 15.813,7 | 16.508,5 | |
| ESPAÑA | 5.058,8 | 7.796,2 | 10.098,5 | 10.966,0 | 12.031,3 | 12.206,2 | 12.353,8 | 12.667,7 | 13.640 |
| REXIÓNS O1 | 4.475,7 | 6.900,3 | 8.851,7 | 9.530,6 | 10.423,3 | 10.614,7 | 10.875,6 | 11.122,7 | |
| GAL/UE 15 =100 | 59,9 | 54,6 | 56,5 | 56,1 | 59,6 | 58,3 | 60,7 | 59,3 | 62,25 |
| GAL/UE 12 = 100 | 60,8 | 55,6 | 57,7 | 57,3 | 60,7 | 59,0 | 61,2 | 59,8 | |
| GAL/ESPAÑA = 100 | 85,2 | 78,8 | 77,9 | 76,1 | 76,1 | 76,1 | 78,3 | 77,9 | 79,32 |
| GAL/REG O1 = 100 | 96,3 | 89,0 | 88,8 | 87,6 | 87,9 | 87,5 | 88,9 | 88,7 | |

*Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat (Regio, 1997)*     ** Media período 1994-1996. Fonte: Eurostat*

**Gráfico 25. Evolución do PIB per cápita (PPA) relativo de Galicia respecto á UE-15, UE-12, España e rexións Obxectivo 1 entre 1980 e 1994**




*Fonte: elaboración propia a partir de EUROSTAT (Regio, 1997)*

A converxencia de Galicia con España constitúe a traducción económica da cohesión económica e social, unha das metas políticas máis relevantes do proceso de integración europea. A dita vinculación xustifica a necesidade de levar a cabo unha análise máis detallada desta cuestión, co fin de valora-la contribución de Galicia ó proceso de converxencia interrexional de España, así como a evolución da converxencia real a escala intrarrexional, é dicir, entre as propias provincias galegas (Cadros 36 e 38).

Os ditos cambios mídense non só desde a perspectiva tradicional nas análises de converxencia rexional -o PIB per cápita -, senón tamén desde un novo enfoque (o PIB por quilómetro cadrado) que, ó incorpora-lo territorio, ofrecerá algúns matices sobre a dimensión espacial do proceso de converxencia.

Os obxectivos propostos esixen traballar cunha nova serie de datos que cubra todo o panorama español, tanto a nivel autonómico como provincial. O Gráfico 26 ofrece os perfís de crecemento real do PIB p.m. per cápita de Galicia e España deducidos desta nova serie, do que as conclusións non son substancialmente diferentes ás obtidas anteriormente a partir dos datos das Contabilidades trimestrais de Galicia e España (Gráfico 21) , agás no relativo ós exercicios de 1994 e 1995, que constitúen estimacións provisionais que deberán ser obxecto de revisión no futuro. De feito, a nova serie de VEB p.m. en termos nominais da Contabilidade rexional de España (INE), que inclúe o exercicio de 1996, incorpora xa a dita revisión, como pode observarse no Gráfico 27, que amosa esta nova serie, unha vez deflactada para reflecti-las cifras en pesetas constantes de 1986.

**Gráfico 26. Taxas anuais de crecemento do PIB p.m. en ptas. constantes de 1986. Galicia e España**




*Fonte: elaboración propia a partir de Contabilidad Regional de España, serie 1991-1995 (INE)*

**Gráfico 27. Taxas anuais de crecemento do VEB p.m. en ptas. constantes de 1986. Galicia e España**




*Fonte: elaboración propia a partir da serie Cordero y Gayoso*

As conclusións máis importantes que se deducen dos datos reflectidos no Gráfico 26 confirman dous fenómenos xa comentados anteriormente, é dicir:

- Por un lado, a profundidade do axuste que sufriu Galicia durante o período 1980-1990. A maior magnitude da crise non só se percibe no menor crecemento de Galicia en PIB por habitante ou PIB por unidade de superficie, senón tamén na elevada magnitude dos diferenciais negativos de crecemento. En concreto, o PIB per cápita creceu no dito período 113.190 pesetas menos que en España (Cadro 35) e o incremento do PIB por quilómetro cadrado no período 1980-1996 quedou 9,182 millóns de pesetas por debaixo do que rexistrou o conxunto de España (Cadro 37), diferencia que anulou a vantaxe da que partía Galicia en 1980.
- Por outra parte, o cambio de tendencia experimentado a partir de 1990. A situación final en 1995 aínda está lonxe de recupera-lo punto do que se partía en 1980 (Gráfico 28 e Gráfico 29), pero a dita tendencia cambiou de signo. Na etapa recente, o PIB por habitante creceu 5.678 pesetas máis en Galicia que en España (en termos de VEB p.m. 13.175 ptas. durante o período 1990-96, Cadro 35); e o crecemento do PIB por quilómetro cadrado superou ó nacional en 1.235.000 pesetas (Cadro 37).

**Cadro 35. Evolución do VEB por habitante en Galicia e España. Miles de ptas. por habitante. Período 1980-1996**

| VEB/habitante | ESPAÑA | GALICIA |
|---|---|---|
| 1.980 | 733,3 | 640 |
| 1.990 | 943,6 | 737,1 |
| 1.996 (A) | 1.024 | 831 |
| Variacións do VEB/hab por períodos | ESPAÑA | GALICIA |
| 1.996-1.980 | 290,96 | 190,94 |
| 1.990-1.980 | 210,26 | 97,07 |
| 1.996-1990 | 80,70 | 93,87 |

*Fonte: elaboración propia a partir da serie Cordero y Gayoso (VEB p.m. 80-96) pesetas constantes de 1986, e Proyecciones de población 1986-2005*

**Cadro 36. Evolución do PIB por habitante nas provincias galegas e España. Miles de ptas. por habitante. Período 1980-1995**

| PIB/habitante | ESPAÑA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.980 | 772,41 | 701,43 | 641,50 | 508,18 | 654,36 |
| 1.990 | 1.004,29 | 807,45 | 744,54 | 724,30 | 777,88 |
| 1.995 (A) | 1.062,6 | 887,50 | 782,36 | 822,54 | 818,69 |
| Variacións do PIB/hab por períodos | ESPAÑA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| 1.995-1.980 | 290,18 | 186,06 | 140,85 | 314,36 | 164,33 |
| 1.990-1.980 | 231,88 | 106,02 | 103,03 | 216,11 | 123,52 |
| 1.995-1990 | 58,30 | 80,05 | 37,82 | 98,25 | 40,81 |

*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE), Proyecciones de población 1986-2005*

**Cadro 37. Evolución do VEB p.m. por km$^2$ en Galicia e España. Millóns de ptas. por km$^2$. Período 1980-1996**

| VEB/Km$^2$ | ESPAÑA | GALICIA |
|---|---|---|
| 1.980 | 54,59 | 61,05 |
| 1.990 | 72,62 | 68,60 |
| 1.996 (A) | 79,68 | 76,89 |
| Variacións no PIB/Km$^2$ por períodos | ESPAÑA | GALICIA |
| 1.996-1.980 | 25,03 | 15,848 |
| 1.990-1.980 | 18,03 | 7,552 |
| 1.996-1990 | 7,061 | 8,296 |

*Fonte: elaboración propia a partir da serie Cordero y Gayoso (VEBpm 80-96) pesetas constantes de 1986, y Proyecciones de población 1986-2005*

**Cadro 38. Evolución do PIB por km² nas provincias galegas e España en millóns de ptas. por km². Período 1980-1995**

| PIB/Km² | ESPAÑA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.980 | 57,50 | 97,15 | 26,53 | 30,04 | 128,77 |
| 1.990 | 77,30 | 112,54 | 29,36 | 35,64 | 155,84 |
| 1.995 | 82,54 | 124,19 | 29,91 | 39,23 | 165,07 |
| Variacións no PIB/Km² por períodos | ESPAÑA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| 1.995-1.980 | 25,03 | 27,04 | 3,38 | 9,19 | 36,31 |
| 1.990-1.980 | 19,79 | 15,39 | 2,83 | 5,60 | 27,08 |
| 1.995-1990 | 5,24 | 11,65 | 0,55 | 3,59 | 9,23 |

*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE), Proyecciones de población 1986-2005*

**Gráfico 28. Evolución das diferencias no VEB por habitante de Galicia con respecto á media de España. Miles de ptas. por habitante**




*Fonte: elaboración propia a partir da serie Cordero y Gayoso (80-96) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

**Gráfico 29. Evolución das diferencias en VEB por km² de Galicia con respecto á media de España. Millóns de ptas. por km²**




*Fonte: elaboración propia a partir da serie de Cordero y Gayoso (80-96) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

A análise da converxencia interterritorial de España desde a óptica dos coñecidos conceptos de *converxencia-sigma*[2] e *converxencia-beta*[3]*,* que enfocan este proceso cun nivel de detalle considerablemente superior, ofrece algúns matices importantes respecto ás conclusións anteriores. As xa numerosas análises de converxencia realizadas ata o momento coincidiron en sinalar dúas conclusións básicas:

[2] É dicir, a evolución no tempo da desviación típica dos valores rexionais do indicador de referencia (PIB ou VEB per cápita ou por ocupado, medidos en logaritmos). O coeficiente de variación da serie sen transformar pódese empregar como unha boa aproximación da converxercia sigma

[3] É dicir, a verificación estatística da formulación neoclásica que sinala que os espacios con situacións de partida máis atrasadas deberían tender a crecer máis rapidamente que os máis avanzados, co que as diferencias interterritoriais en productividade e renda per cápita deben tender a reducirse ó longo do tempo.

- O proceso de igualación das rendas per cápita rexionais que se produciu en España durante os anos sesenta e primeiros setenta detívose ó inicio dos oitenta (Gráfico 30), como consecuencia, basicamente, da paralización dos fluxos migratorios interrexionais. A partir dese momento, só existe evidencia empírica do estancamento do proceso, cando non do aumento das disparidades (Gráfico 31). Desde o punto de vista da productividade aparente do traballo, os avances na converxencia foron máis substanciais, debido ó intenso proceso de reestructuración productiva que se produciu a escala rexional, no que destacou especialmente a forte reducción do peso das actividades primarias no emprego total de moitas das Autonomías españolas máis retardadas.

**Gráfico 30. Disparidades en renda por habitante das rexións españolas. Desviación típica da renda relativa. Períodos (1802 a 1983) e (1983 a 1996)**




*Fonte: Capitalización y crecimiento de la economía madrileña 1955-1997 Ernest Reig Martínéze e Andrés José Picazo Tadeo, Fundación BBV. e elaboración propia a partir da serie de Cordero e Gayoso (VEBpm 80-96) pesetas constantes de 1986) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

**Gráfico 31. Coeficiente de variación ponderado do PIB por habitante das provincias españolas**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

- Durante esta etapa, a hipótese de converxencia-beta absoluta interrexional do PIB per cápita en España non puido verificarse (Cadro 39). A contrapartida, a converxencia-beta *condicionada* presenta un elevado significado estadístico. Dita diferencia revela que as vantaxes teóricas das que partían as rexións máis atrasadas de cara ó seu futuro crecemento quedaban máis que anuladas pola existencia de *efectos fixos negativos*, ou elementos retardadores do crecemento, singulares para cada espacio. Unha desfavorable estructura sectorial, os déficits en infraestructuras, cultura empresarial, I+D ou na cualificación dos recursos humanos, parecían identificarse como os máis claros elementos retardadores do crecemento. Neste sentido, Galicia presentou, tradicionalmente, un dos coeficientes negativos de maior magnitude de todo o

panorama español. O que explica que só puidese contribuír nunha magnitude moi moderada ó proceso de converxencia interrexional española durante o conxunto do período 1980-1995.

**Cadro 39. Converxencia beta non condicionada e condicionada no VEB por habitante a escala rexional e provincial para o período 1980-1996**

| Rexión / provincia | C. Non Condicionada | C. Condicionada |
|---|---|---|
| Parámetro beta (Total rexións España) | 0,0085 (*) | 0,2833 |
| Galicia (16) | - | -0,0629 |
| Parámetro beta (Total provincias España) | 0,010 (*) | 0,522 |
| A Coruña (30) | - | -0,067 |
| Pontevedra (41) | - | -0,150 |
| Ourense (45) | - | -0,166 |
| Lugo (46) | - | -0,171 |

*Fonte: elaboración propia a partir da serie de Cordero y Gayoso (VEBpm 80-96) para las regiones, Contabilidad Regional de España (INE) (86-96) para as provincias e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

*Nota: Sinálase entre paréntese, con * , os parámetros que non son claramente significativos, e en número, a posición que ocupan os efectos fixos de Galicia e as súas provincias respecto ós correspondentes ás 18 rexións e ás 51 provincias consideradas, respectivamente*

Malia todo o anterior, ámbalas conclusións son matizables se a análise se aborda desde perspectivas temporais e territoriais máis detalladas, o que reviste unha especial importancia para Galicia, dado o cambio de tendencia experimentado a partir de 1990 e as diferentes dinámicas de crecemento que rexistran as súas catro provincias. A análise por períodos da converxencia beta interprovincial do PIB per cápita en España permite comprobar, unha vez máis, o cambio de tendencia experimentado por Galicia durante a última fase do período. Neste sentido, o Cadro 40, que sintetiza os resultados desta análise, permite comproba-la reducción da magnitude dos efectos fixos da rexión, seguindo a liña do sucedido no conxunto de España.

**Cadro 40. Converxencia beta en España, no VEB por habitante a escala rexional e provincial. Períodos 1986-1990 e 1991-1996**

| Rexións / Provincias | 1986-1990 | | 1991-1996 | |
|---|---|---|---|---|
| | C. Absoluta | C. condicionada | C. Absoluta | C. condicionada |
| Parámetro beta (Total rexións España) | 0,0162 (*) | 0,6108 | -0,0167 (*) | 0,340 |
| Galicia (16) (16) | - | -0,142 | - | -0,073 |
| Parámetro beta (Total provincias España) | 0,0262 (*) | 0,7859 | -0,0007 (*) | 0,5284 |
| A Coruña (31) (28) | - | -0,1025 | - | -0,0635 |
| Pontevedra (42) (41) | - | -0,2274 | - | -0,1490 |
| Lugo (43) (47) | - | -0,2412 | - | -0,1787 |
| Ourense (47) (42) | - | -0,2746 | - | -0,1577 |

*Fonte: elaboración propia a partir da serie de Cordero y Gayoso (VEBpm 80-96) para as rexións, Contabilidad Regional de España (INE) (86-96) para las provincias e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

*Nota: Sinálase entre paréntese, con * , os parámetros que non son claramente significativos, e con dous números, para Galicia e cada unha das súas provincias, a posición que ocupaban os efectos fixos de ditos espacios en cada período respecto ós correspondentes ás 18 rexións e ás 51 provincias, respectivamente*

Sen embargo, as novidades máis relevantes respecto ás conclusións tradicionais obtéñense ó introduci-lo *territorio* na análise (Cadro 41). Neste caso, a hipótese de converxencia absoluta dos PIB rexionais por quilómetro cadrado queda rexeitada, como no caso do PIB per cápita, pero a converxencia condicionada presenta cambios substanciais. Baixo este novo enfoque, Galicia continúa rexistrando efectos negativos, aínda que a súa magnitude relativa respecto ós doutras rexións diminúe considerablemente en relación ós que se observan desde a perspectiva do PIB per cápita, como reflicte o ascenso de posicións na clasificación rexional. En calquera caso, o feito máis relevante desta nova perspectiva percíbese ó analiza-la dinámica interprovincial, que revela que o coeficiente negativo da rexión se desagrega en dúas provincias con efectos fixos positivos de magnitude moi apreciable (A Coruña e Pontevedra) e outras dúas con factores negativos (Lugo e Ourense).

**Cadro 41. Converxencia beta en España no VEB por km$^2$ a escala rexional e provincial. Período 1980-1996**

| Rexión / provincia | C. No Condicionada | C. Condicionada |
|---|---|---|
| Parámetro beta (Total rexións España) | -0,0023 (*) | 0,2360 |
| Galicia (11) | - | -0,0086 (*) |
| Parámetro beta (Total provincias España) | -0,001 (*) | 0,518 |
| Pontevedra (11) | - | 0,346 |
| A Coruña (13) | - | 0,240 |
| Ourense (32) | - | -0,405 |
| Lugo (34) | - | -0,527 |

*Fonte: elaboración propia a partir da serie de Cordero y Gayoso (VEBpm 80-96) para las regiones, Contabilidad Regional de España (INE) (86-96) para las provincias y Proyecciones de población 1986-2005 (INE) Nota: Sinálase entre paréntese, con * , os parámetros que non son claramente significativos, e cun numérico, a posición que ocupan os efectos fixos de Galicia e as súas provincias respecto ós correspondentes ás 18 rexións e ás 51 provincias, respectivamente*

A *análise intrarrexional da converxencia sigma en Galicia* permite explica-la modesta magnitude dos cambios que experimentou, durante o conxunto do período 1980-1995, a posición relativa de Galicia, como comunidade autónoma, respecto ó conxunto de España (Gráficos 32 e 33). O dito fenómeno non é senón o resultado lóxico de agrupar nunha media as diferentes dinámicas das catro provincias galegas. As rendas per cápita provinciais de Galicia experimentaron durante os quince anos obxecto de análise un claro proceso de aproximación. Tanto Lugo como, especialmente Ourense, contribuíron positivamente a reduci-la brecha interprovincial, mentres que A Coruña e, en menor medida Pontevedra, mantiveron o seu nivel inicial, de modo que as dúas agrupacións provinciais tenderon a aproxima-los seus niveis de PIB per cápita.

**Gráfico 32. Coeficiente de variación ponderado entre as provincias galegas no PIB por habitante con respecto á media ponderada de Galicia**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

**Gráfico 33. Contribución á converxencia intrarrexional medida en renda relativa de cada provincia menos a media rexional (Galicia=1)**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

Agora ben, os factores que explican a evolución de ámbolos conglomerados provinciais son moi distintos e non son fáciles de percibir desde a perspectiva do PIB por habitante, que tan só reflicte o mantemento das posicións relativas da Coruña e Pontevedra, a mellora de Ourense e o empeoramento de Lugo.

Se se analiza a dinámica da converxencia intrarrexional desde a perspectiva do PIB por km$^2$ (Gráfico 34) pode apreciarse que a renda galega tende a aumenta-la súa concentración territorial, de maneira máis suave ca rexistrada polo conxunto de España (Gráfico 35), diferencial positivo que se engade ó menor grao de disparidades interiores existentes en Galicia respecto ás de España.

A evolución da densidade de poboación en Galicia e España (Hab./Km$^2$) recóllese no Cadro 42 para o período 1980-1996.

**Gráfico 34. Evolución do coeficiente de variación ponderado entre as provincias galegas no PIB por km$^2$**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE)*

**Gráfico 35. Coeficiente de variación ponderado provincial en España no PIB por km²**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE)*

A descomposición do PIB per cápita nunha compoñente territorial e outra demográfica[4] permite apreciar con máis claridade as diferentes dinámicas que seguiron as provincias galegas durante a etapa máis recente. Os Gráficos 36, 37 e 38 sintetizan os resultados desta análise máis detallada. Neste sentido, pode apreciarse que os avances rexistrados por Lugo e Ourense se basearon fundamentalmente na demografía e que Pontevedra, A Coruña e a media de Galicia seguen unha positiva dinámica de crecemento da renda, mesmo en relación á media de España.

**Cadro 42. Evolución da densidade de poboación en Galicia e España. Habitantes por km²**

| Habitantes por km² | ESPAÑA | GALICIA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.980 | 74,45 | 95,38 | 138,51 | 41,36 | 59,11 | 196,78 |
| 1.990 | 76,97 | 93,07 | 139,38 | 39,43 | 49,21 | 200,35 |
| 1.995 | 77,68 | 92,64 | 139,94 | 38,23 | 47,70 | 201,63 |
| 1.996 | 77,79 | 92,53 | 139,98 | 37,98 | 47,46 | 201,79 |
| Variacións por períodos nos habitantes por km² | ESPAÑA | GALICIA | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| 1.995-1.980 | 3,23 | -2,74 | 1,43 | -3,12 | -11,42 | 4,85 |
| 1.990-1.980 | 2,52 | -2,32 | 0,87 | -1,92 | -9,90 | 3,56 |
| 1.995-1.990 | 0,71 | -0,43 | 0,56 | -1,20 | -1,51 | 1,28 |
| 1.996-1.990 | 0,83 | -0,530 | 0,602 | -1,44 | -1,745 | 1,45 |

*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

---

[4] *Entre outras posibles alternativas, o PIB per cápita pódese descompoñer da seguinte forma:* $\frac{PIB}{Hab} = \frac{PIB}{Km^2} \times \frac{Km^2}{Hab} = \frac{PIB}{Km^2} \times \frac{1}{\left(\frac{Hab}{Km^2}\right)}$ *, é dicir, o PIB per cápita é igual ó producto dunha compoñente territorial (o PIB por km²) e outra demográfica (a inversa da densidade de poboación). En termos relativos, a descomposición da renda por habitante e a súa comparación temporal é a seguinte:*

$$\frac{\left(\frac{PIB}{Hab}\right)_{95}}{\left(\frac{PIB}{Hab}\right)_{90}} = \frac{\left(\frac{PIB}{Km^2}\right)_{95}}{\left(\frac{PIB}{Km^2}\right)_{90}} \times \frac{\frac{1}{\left(\frac{Hab}{Km^2}\right)_{95}}}{\frac{1}{\left(\frac{Hab}{Km^2}\right)_{90}}} = \frac{\left(\frac{PIB}{Km^2}\right)_{95}}{\left(\frac{PIB}{Km^2}\right)_{90}} \times \frac{\left(\frac{Hab}{Km^2}\right)_{90}}{\left(\frac{Hab}{Km^2}\right)_{95}}$$

**Gráfico 36. Dinámica territorial e demográfica da renda relativa das rexións españolas respecto á de España durante o período 1990-1996**




*Fonte: elaboración propia a partir da serie de Cordero e Gayoso (VEBpm 86-96) pesetas constantes de 1986 e Proyecciones de población 1986-2005 (INE). Nota: A posición que ocupa cada espacio no gráfico reflicte os diferenciais de crecemento rexistrados respecto a España en VEB por quilómetro cadrado, como indicador de renda espacial, e a densidade de poboación como indicador da dinámica demográfica do espacio correspondente. A liña de puntos define as zonas de crecementos do VEB per cápita superior á de España (dereita) e inferior(esquerda)*

**Gráfico 37. Dinámica territorial e demográfica da renda de Galicia en termos absolutos respecto á de España durante o período 1990-1996**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidad Regional de España (INE) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)*

*Notas: No gráfico reflíctese entre paréntese, e en miles de pesetas por habitante, os diferenciais de crecemento do PIB per cápita de Galicia e as súas provincias, durante o período 1990-1995, respecto ó crecemento de España neste período. No caso de España (orixe de coordenadas), reflíctese directamente o aumento do PIB per cápita durante a dita etapa.*

*A posición que ocupa cada espacio no gráfico reflicte os diferenciais de crecemento rexistrados respecto a España en dúas variables que explican o PIB per cápita e a súa evolución: o PIB por quilómetro cadrado, como indicador da renda espacial, e a densidade de poboación, como indicador da dinámica demográfica do espacio correspondente.*

*No gráfico delimítanse zonas de "crecemento virtuoso" do PIB per cápita (aquelas nas que o crecemento do PIB por quilómetro cadrado foi superior ó de España, independentemente do que sucedera coa poboación) e zonas de "crecemento regresivo" do PIB per cápita (aquelas nas que o crecemento do PIB por quilómetro cadrado foi inferior ó de España). O cuadrante superior dereito, no que se sitúan os territorios con crecementos do PIB por quilómetro cadrado e da densidade demográfica superiores á media de España, indican, en consecuencia, unha dinámica dobremente positiva (crecemento da renda espacial e da aglomeración), independentemente da variación relativa que experimentara o PIB per cápita.*

**Gráfico 38. Dinámica territorial e demográfica da renda de Galicia en termos relativos respecto á de España durante o período 1990-1996**




*Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Regional de España (86-96) (INE) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE).Notas: Este gráfico analiza a mesma cuestión do Gráfico anterior, aínda que en termos relativos. Neste caso, reflíctense entre paréntese as taxas de crecemento do VEB per cápita de España, Galicia e as súas provincias, durante o período 1990-1996. A posición que ocupa cada espacio no gráfico reflicte as diferencias no crecemento rexistrado respecto a España no VEB por quilómetro cadrado, como indicador da renda espacial, e a densidade de poboación, como indicador da dinámica demográfica do espacio correspondente. Na liña de puntos mostra as zonas de crecemento do VEB per cápita superior ó de España (dereita) e inferior (esquerda)*

En definitiva, a análise da posición de Galicia e das súas provincias dentro do proceso de converxencia real en España permite subliñar tres conclusións especialmente relevantes: a primeira, que tódalas provincias galegas contan con factores negativos de partida que reducen o potencial teórico de crecemento dos respectivos PIB per cápita; a segunda é a relativa reducción temporal que experimentaron estes efectos fixos negativos no último período; a última conclusión é a existencia de dinámicas territoriais bastante máis diversas do que pode deducirse da simple análise das medias rexionais en termos per cápita. Neste sentido, paga a pena destaca-las positivas dinámicas dos territorios da Coruña e Pontevedra, que superan os crecementos medios do conxunto de España.

En calquera caso, a positiva evolución que seguiu nos últimos anos o conxunto de Galicia na súa dinámica de converxencia real con España non debe implica-lo esquecemento dos futuros obstáculos ós que se enfrontará a aceleración deste proceso. Neste sentido, convén subliñar, de forma destacada, que a especialización nas actividades primarias continúa sendo moi elevada (Cadro 43), xa que máis de 181.000 persoas se dedican actualmente a este tipo de actividades, é dicir, case un 20% do emprego total e un 17% de tódolos ocupados en España nos ditos sectores. Por este motivo, o futuro crecemento da economía galega e a súa converxencia real con España deberá continuar compensando os axustes e efectos que necesariamente deberán derivarse da modernización da súa estructura productiva e ocupacional.

**Cadro 43. Evolución da especialización sectorial de Galicia respecto a España**

| | Ocupados | | VEB p.m. ptas. constantes 1986 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia / España 1993 | Galicia / España 1998 | Galicia / España 1993 | Galicia / España 1998 |
| Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca | 295 | 246,5 | 188 | 193,2 |
| Industria | 70 | 86,3 | 101 | 104,7 |
| Construcción | 102 | 108,0 | 110 | 106,9 |
| Servicios | 77 | 84,2 | 90 | 89,4 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

*Fonte: elaboración propia a partir da EPA (INE), Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e Contabilidade Trimestral de España (INE)*

## 1.2. *Análise da evolución territorial en Galicia*

É indubidable que Galicia experimentou notables avances económicos nos últimos anos tal e como revela a favorable evolución do seu cadro macroeconómico.

Sendo unha das rexións retardadas de Europa, avanza cara á converxencia co seu contorno nacional e comunitario; iso constitúe a resposta ó conxunto de vontades explicitamente manifestadas e organizadas a carón dun dos obxectivos centrais da Unión: a cohesión económica e social. A converxencia constátase, en esencia, a través do achegamento do PIB per cápita rexional á media nacional e comunitaria. Sen embargo, resulta cuestionable que a evolución favorable do PIB per cápita implique, necesariamente e por si soa, desenvolvemento, polo que cabe formular, entre outros, os seguintes interrogantes: ¿Estanse aproveitando as diferentes potencialidades do territorio? ¿Estanse corrixindo as debilidades territoriais? ¿Téñense en conta limitacións e condicionantes que impón o medio físico? ¿Estase mellorando a articulación territorial? ¿Pode falarse de desenvolvemento territorial propiamente dito?

As preguntas presentadas, aínda sendo de difícil e comprometida resposta, débense abordar como fase anterior ó deseño dunha nova estratexia de desenvolvemento rexional. A reflexión sobre os aspectos citados proporcionará criterios para decidir sobre a selección (continuidade, substitución, innovación), orientación, priorización e localización das accións que deben configura-lo PEDEGA. O territorio convértese, deste modo, nun *escenario activo* onde observar e sobre o que proxecta-lo proceso de desenvolvemento.

En consecuencia, este capítulo aborda a análise do sistema físico e socioeconómico galego desde a perspectiva espacial, co propósito de deduci-las claves que determinan os trazos esenciais do actual modelo de desenvolvemento territorial. A análise da distribución espacial do conxunto das máis de trescentas variables recompiladas a nivel municipal permitirá inferir pautas sobre o proceso de desenvolvemento que pode estar levándose a cabo.

### 1.2.1. O actual modelo de desenvolvemento económico de Galicia: a combinación do espacio co sistema económico e social

A configuración física do territorio galego determina, en boa medida, que a maior parte das variables socioeconómicas presenten unha acusada dispersión territorial, con importantes desviacións en relación cos valores medios rexionais, configurando un modelo de articulación territorial disperso, aínda que polarizado á vez, no que, á diversidade do medio físico, se suma un sistema socioeconómico bastante heteroxéneo.

O limitado nivel de desenvolvemento que acadou aínda boa parte de Galicia non só se manifesta nun reducido PIB por habitante, senón tamén noutros múltiples indicadores, entre os que cabería destaca-lo elevado peso do sector primario.

A pesar da persistencia de diferencias territoriais e da existencia dunha vertebración aínda feble, Galicia experimentou un notable avance desde 1986. Máis alá do mero crecemento económico global, constátase que bastantes áreas do territorio experimentaron un notable desenvolvemento: melloras de accesibilidade, protección ambiental, equipamento social, actividade productiva, elevación das rendas familiares dispoñibles e outros aspectos que determinaron, en definitiva, unha apreciable elevación no nivel de calidade de vida dunha parte considerable da poboación galega.

O esquema espacial de desenvolvemento presenta dúas vertentes: unha, que se articula arredor do Eixe Atlántico, como ámbito de maior potencialidade, e a outra, de carácter disperso, que se difunde polo conxunto do territorio a modo de "focos de desenvolvemento". Deste modo, pode dicirse que o Eixe máis dinámico (Eixe Atlántico) non protagoniza en exclusiva o proceso de desenvolvemento, senón que o comparte con outros ámbitos territoriais que representan os avances a favor da cohesión territorial: *os núcleos interiores de aglomeración e vertebración do territorio.*

En relación co punto anterior, cabe suliñar que a demografía territorial (Mapas 3 e 4) concentra o seu maior potencial precisamente nas áreas de maior nivel de desenvolvemento, fronte á acusada tendencia regresiva que mostra o resto do territorio. A dinámica demográfica constitúe, neste senso, unha faceta máis do modelo territorial que se está a configurar.

Como se pode comprobar nos Mapas 1 e 2, a distribución da poboación galega mostra unhas tendencias de estructuración definidas e con permanencia no tempo. As grandes liñas de forza que configuran a estructura espacial de Galicia posúen unhas pautas das que se pode destacar:

- En primeiro lugar, a conformación ó longo dunha dorsal atlántica entre os dous grandes polos costeiros de aglomeración, as dúas áreas metropolitanas de A Coruña-Ferrol ó Norte e Vigo-Pontevedra no Sur, onde se concentra unha gran parte da poboación galega.
- En segundo lugar, este eixe ou franxa costeira presenta tamén características salientables: dunha parte posúe unha maior intensidade na súa metade sur, as liñas de maior potencial enlazan a área Pontevedra-Vigo coa posición central ocupada pola cidade de Santiago, doutra parte móstranse claras conexións cos dous núcleos de aglomeración interior de Lugo e Ourense, e aínda que a conexión desta última obsérvase con maior intensidade, ámbalas dúas cidades están ligadas con claridade ó gran eixe costeiro.

En calquera caso, a debilidade demográfica é un elemento claramente diferenciador do conxunto de Galicia, tanto na súa distribución, en termos de densidade, como no referente a súa estructura e potencial (Mapas 5 e 6). Só nas áreas de maior nivel de desenvolvemento adquire o carácter de fortaleza. Polo contrario, nas áreas de menor desenvolvemento, a demografía adquire o carácter de debilidade, ata o punto de constituírse localmente en ameaza de despoboamento (áreas de montaña oriental). Non obstante, o despoboamento extremo non supón un problema relevante, dado o modelo territorial que se está a conformar.

O actual nivel de accesibilidade tamén actúa como factor diferenciador do desenvolvemento territorial galego, sendo o Eixe Ferrol-Vigo a área mellor dotada. Neste senso, cabe destaca-la coherencia territorial das infraestructuras levadas a cabo ata o momento, así como das proxectadas cara ós próximos anos.

MAPA 1


Coruña, A
Lugo
Santiago de Compostela
Pontevedra
Ourense
Vigo
POTENCIAL DE POBOACION (Habitantes/Km2)
>= 260.000
>= 250.000 Y < 260.000
>= 240.000 Y < 250.000
>= 230.000 Y < 240.000
>= 220.000 Y < 230.000
>= 210.000 Y < 220.000
>= 200.000 Y < 210.000
>= 190.000 Y < 200.000
>= 180.000 Y < 190.000
>= 170.000 Y < 180.000
>= 160.000 Y < 170.000
>= 150.000 Y < 160.000
>= 140.000 Y < 150.000
>= 130.000 Y < 140.000
>= 120.000 Y < 130.000
>= 110.000 Y < 120.000
>= 100.000 Y < 110.000
>= 90.000 Y < 100.000
>= 80.000 Y < 90.000
>= 70.000 Y < 80.000
>= 60.000 Y < 70.000
>= 50.000 Y < 60.000
>= 40.000 Y < 50.000
>= 30.000 Y < 40.000
< 30.000
Escala: 1/1.100.000
0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 2




POBOAMENTO: Xerarquía do sistema de poboamento

- MUNICIPIOS DE NIVEL 1
- MUNICIPIOS DE NIVEL 2

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 3




RECURSOS HUMANOS: Densidade demográfica 1996

- MAXIMA DENSIDADE DEMOGRAFICA (>=181,06 Hab/Km2)
- ALTA DENSIDADE DEMOGRAFICA (<181,06 Y >=100 Hab/Km2)
- BAIXA DENSIDADE DEMOGRAFICA (<100 Y >=18,87 Hab/Km2)
- MINIMA DENSIDADE DEMOGRAFICA (<18,87 Hab/Km2)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 4




RECURSOS HUMANOS: Evolución da densidade demográfica (1981-96)

- MAXIMO CRECEMENTO DA DENSIDADE (>=5,14%)
- MAXIMA REGRESION DA DENSIDADE (<-35,67%)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 5




RECURSOS HUMANOS: Dinámica demográfica

- AREAS AMEAZADAS POLA DESPOBOACION
  Densidade demográfica <=18,87 Hab/Km2
  - MAXIMA GRAVIDADE DA DESPOBOACION
    Densidade demográfica <=18,87 Hab/Km2 e mínimo potencial demográfico
- AREAS DE ATRACCION DEMOGRAFICA
  Demografía expansiva
  - MAXIMA ATRACCION DEMOGRAFICA
    Demografía expansiva e máximo potencial demográfico

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

**MAPA 6**




RECURSOS HUMANOS: Estructura demográfica 1996

MAXIMO POTENCIAL DEMOGRAFICO
Poboación de 15 e menos anos (1996) >= 21,66%
Crecemento vexetativo (1989-93) >=49,55%
Indice de reemprazo (1996) >=1,31%

MINIMO POTENCIAL DEMOGRAFICO
Poboación de 65 e máis anos (1996) >= 33,09%
Crecemento vexetativo (1989-93) <=9,11%
Indice de reemprazo (1996) <=0,83%

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

A actividade económica no seu conxunto, debido á elevada deslocalización espacial e ó elevado peso relativo do sector primario, non chegou aínda a diferencia-lo territorio, que aínda presenta unha feble organización funcional moi ligada ós activos naturais. Así, cando mesmo determinados aspectos empresariais, como o valor engadido, os salarios, os beneficios, a solvencia, a rendibilidade das vendas, a localización dos máximos investimentos, a distribución sectorial da ocupación e a taxa de desemprego, amosan unha clara vinculación territorial coas áreas máis dinámicas (Mapas 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15 e 16), outros, como a evolución e rendibilidade do inmobilizado, o crecemento da producción e a evolución das cotas sociais, presentan unha acusada dispersión.

As actividades agrarias tradicionais aparecen fortemente vinculadas ás áreas de menor nivel de desenvolvemento, mentres as estructuras con maior carácter empresarial, así como a industria agroalimentaria, se asocian ás áreas de mellor nivel de desenvolvemento territorial (Mapas 17 e 18).

O valor engadido e os salarios (Mapa 19), pola súa parte, amosan unha forte relación coa explotación dos recursos rexionais (sector primario, manufacturas baseadas en materias primas locais e turismo). Non obstante, apréciase unha certa distorsión nalgunhas áreas, nas que estando o VEB fortemente ligado a tales recursos, non o está o emprego, como reflexo da elevada productividade laboral característica destas zonas, así como da aparente debilidade das actividades que sustentan o emprego.

Ó analiza-la evolución temporal da estructura territorial do desenvolvemento entre 1986 e 1996 (Mapas 20, 21, 22 e 23) dedúcense as seguintes pautas:

- **P**roducíuse un notable avance en favor da consolidación do Eixe Atlántico como corredor articulado de desenvolvemento.
- Non obstante, o Eixe Atlántico non é o único ámbito de desenvolvemento; tamén se produciu unha difusión territorial do desenvolvemento a favor da cohesión intrarrexional. A evolución foi claramente favorable, xa que ós espacios de desenvolvemento existentes inicialmente (1986) engadíronse, na situación vixente (1996), outros novos.
- **P**aga a pena suliña-lo acceso ó desenvolvemento das áreas rurais en concorrencia coas áreas urbanas; o feito resulta aínda máis destacable no caso das áreas que están evolucionando favorablemente, a pesar da súa posición interior e oriental, afastadas polo tanto, do Eixe Atlántico e dos centros urbanos de maior relevancia.

Malia ós avances dos últimos anos, o territorio galego continúa presentando unha configuración dispersa e de complexa estructuración en áreas funcionais con contigüidade xeográfica. **P**or iso, a adecuada proxección territorial das accións que se van acometer nos ámbitos sectoriais e horizontais (infraestructuras de comunicación, enerxía e medio ambiente, equipamentos sociais, promoción empresarial e desenvolvemento rural), non só constitúe unha necesidade en termos de eficacia, senón que supón, ó mesmo tempo, unha excelente vía para o propósito de estructura-lo territorio.

MAPA 7




ACTIVIDADES ECONOMICAS:
Valor engadido ligado a explotación
de Recursos Rexionais

MAXIMA REPERCUSION DO VALOR ENGADIDO POR HABITANTE DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COS RECURSOS REXIONAIS

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 8




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Salarios pagados polas empresas (1996)

MAXIMO SALARIO (>=473.000 ptas./ocupado)

MINIMO SALARIO (<36.990 ptas./ocupado)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 9




ACTIVIDADES ECONOMICAS:
Salario ligado a explotación
de Recursos Rexionais

MAXIMA REPERCUSION DO SALARIO POR HABITANTE DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COS RECURSOS REXIONAIS

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 10




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Beneficios empresariais antes de impostos (1996)

BENEFICIO POSITIVO

MAXIMO BENEFICIO (>=38.160 ptas./hab)

BENEFICIO NEGATIVO

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 11




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Solvencia empresarial (1996)

- MAXIMA SOLVENCIA EMPRESARIAL (>=1,54)
- MINIMA SOLVENCIA EMPRESARIAL (<0,77)
- SOLVENCIA EMPRESARIAL POSITIVA (>=1,00)
- SOLVENCIA EMPRESARIAL NEGATIVA (<1,00)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 12




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Rendibilidade das vendas empresariais (1996)

- MAXIMA RENDIBILIDADE (>=5,00%)
- MINIMA RENDIBILIDADE (<0,50%)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 13




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Evolución dos investimentos empresariais (1993-96)

MAXIMO CRECEMENTO DO INMOBILIZADO (>=2,53%)

MINIMO CRECEMENTO DO INMOBILIZADO (<0,13%)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 14




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Distribución sectorial da actividade (1996)

- MAXIMA OCUPACION AGRARIA (>= 47,61%)
- MAXIMA OCUPACION SECUNDARIA (>= 42,43%)
- MAXIMA OCUPACION TERCIARIA (>= 49,58%)
- LOCALIZACION MAXIMO SALARIO POR OCUPADO
- MAXIMA PRODUCTIVIDADE LABORAL AGRARIA

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 15




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Taxa de desemprego (1996)

- MAXIMA TAXA DE DESEMPREGO (>=25,52%)
- ALTA TAXA DE DESEMPREGO (<=20,00% Y >25,52%)
- BAIXA TAXA DE DESEMPREGO (<=13,21% Y >20,00%)
- MINIMA TAXA DE DESEMPREGO (<13,21%)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 16




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Eficiencia económica-financeira

MAXIMA EFICIENCIA ECONOMICO-FINANCEIRA
Crecemento do Valor Engadido empresarial 1993-96 >0
Variación do paro 1992-96 <0
Beneficios empresariais >0
Solvencia empresarial >1
Variación inmobilizado 1993-96 >0
Variación cotas Seguridade Social 1993-96 >0

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 17




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Actividades agrarias e extractivas

- MAXIMA PRODUCTIVIDADE AGRARIA DO TERRITORIO (hb>=5,542 Mptas./Km2)
- MAXIMA PRODUCTIVIDADE MINEIRA DO TERRITORIO (VA>=4,336 Mptas./Km2)
- MAXIMA SUPERFICIE DO VIÑEDO (>=127 Ha)
- MAXIMA DENSIDADE BOVINA (>=39,84 vacas/Km2)
- MAXIMA DENSIDADE VACUNO LEITEIRO (>=27,73 vacas/Km2)
- MAXIMA DENSIDADE PORCINA (>=34,96 porcinos/Km2)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 18




COMPLEXOS PRODUCTIVOS LIGADOS A RECURSOS REXIONAIS:
Valor engadido en complexos productivos agroalimentarios

- VALOR ENGADIDO MOI ALTO (>= 406.425 miles ptas.)
- ALTO VALOR ENGADIDO (>= 200.358 Y < 406.425,82 miles ptas.)
- BAIXO VALOR ENGADIDO (>= 5.709 Y < 200.358 miles ptas.)
- VALOR ENGADIDO MOI BAIXO (< 5.709 miles ptas.)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 19




ACTIVIDADES ECONOMICAS:
Relación cos recursos rexionais (1996)

- LOCALIZACION DO MAXIMO SALARIO POR HABITANTE DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COS RECURSOS REXIONAIS
- LOCALIZACION DO MAXIMO VALOR ENGADIDO POR HABITANTE DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COS RECURSOS REXIONAIS

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 20




RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE POR HABITANTE (1986)*

- RENDA >= 120
- RENDA >= 100 Y < 120
- RENDA >= 80 Y < 100
- RENDA >= 60 Y < 80
- RENDA < 60

* FONTE: "Renda Municipal en Galicia". Fundación Caixa-Galicia

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 21




APROXIMACION Ó V.E.B. (1996)

- MOI ALTO VALOR ENGADIDO EMPRESARIAL POR HABITANTE (>=266.821 ptas./hab.)
- ALTO VALOR ENGADIDO EMPRESARIAL POR HABITANTE (<266.821 Y >=100.000 ptas./hab.)
- BAIXO VALOR ENGADIDO EMPRESARIAL POR HABITANTE (>=15.576 Y <100.000 ptas./hab.)
- MOI BAIXO VALOR ENGADIDO EMPRESARIAL POR HABITANTE (<15.576 ptas./hab.)

Fonte: ARDAN

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 22




ACTIVIDADES ECONOMICAS: Crecemento económico (1993-96)

- CRECEMENTO POSITIVO DO V.E. EMPRESARIAL POR HABITANTE (>0,00%)
- CRECEMENTO NEGATIVO DO V.E. EMPRESARIAL POR HABITANTE (<0,00%)
- MAXIMO CRECEMENTO DO V.E. EMPRESARIAL POR HABITANTE (>=2,30%)

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

**MAPA 23**




SINTESE DO MODELO TERRITORIAL
Nivel de desenvolvemento intrarrexional

| | Poboación (%) | Territorio (%) |
|---|---|---|
| MOI ALTO | 56,83 | 12,82 |
| ALTO | 16,96 | 16,81 |
| BAIXO | 15,32 | 30,14 |
| MOI BAIXO | 10,88 | 40,22 |
| | 100,00 | 100,00 |

LIMITE DE COMARCA
Verín NOME DE COMARCA

Escala: 1/1.100.000
0 10 20 30 40 50 Km

Estes motivos aconsellan desdobra-la estratexia de desenvolvemento nunha dobre fronte de prioridades territoriais:

- Por unha banda, a dirixida ás áreas de menor desenvolvemento relativo interno ("Baixo" e "Moi Baixo"), que inclúen o 26,20% da poboación galega, se ben a súa extensión comprende o 70,36% do territorio. Trátase de áreas con obstáculos para xerar capacidade estruturante a curto e medio prazo, nas que as accións que se van acometer deberían dirixirse a obxectivos de desenvolvemento rural, diversificación e sostemento social e ambiental, se ben guiados por criterios de contribución á consolidación dun modelo territorial máis estruturado. Neste sentido, a administración autonómica conta con tres ferramentas básicas:
  - Por unha banda, a dispoñibilidade dunha *comarcalización* coherente coas características socioeconómicas do territorio, así como coas necesidades de estruturación.
  - En segundo lugar, a posibilidade de desenvolver novos sistemas e aplicacións que aproveiten os avances tecnolóxicos ligados á denominada "*Sociedade da información*", xa que poderían constituír un excelente soporte para articula-las necesidades territoriais existentes nalgúns dos campos máis significativos dos servicios públicos, como a Administración xeral, a educación e, incluso, os aspectos máis administrativos da xestión sanitaria.
  - Por último, a importante función que pode exercer na estratexia rexional de desenvolvemento unha política activa de desenvolvemento rural que articule as relacións entre estas zonas, o resto de áreas rurais con maior grao de desenvolvemento e as zonas eminentemente urbanas, como focos de demanda potencial. O turismo constitúe, en tódalas súas vertentes e manifestacións unha vía esencial para afondar na valorización e desenvolvemento do territorio galego. Nesta dirección poden actua-las novas oportunidades que se están a configurar en relación co aproveitamento, conservación, restauración, mantemento e difusión da riqueza natural e cultural, é dicir, a nova "fronteira do desenvolvemento" constituída pola denominada "industria do medio ambiente":
    - A producción de enerxías renovables constitúe, sen dúbida, un campo de indubidable potencial en Galicia.
    - As operacións de restauración, tanto de carácter extensivo (forestal) como localizado (canteiras, vertedoiros, infraestructuras viarias, patrimonio artístico e monumental, etc.), o tratamento e xestión de residuos (industriais, gandeiros, urbanos), unido a un amplo elenco de actividades que sen dúbida se derivarán no futuro ante a crecente preocupación e ocupación a favor do medio ambiente, encontran especial razón de ser nun territorio tan valioso como o de Galicia.
- Por outra parte, as zonas de maior nivel de desenvolvemento relativo interno ("Moi Alto" e "Alto") localizadas a carón da "Dorsal Atlántica" e os núcleos interiores de aglomeración e estruturación do territorio non só resultan se-las de maior potencial, senón que inclúen o máximo de poboación (73,79%) no mínimo territorio (29,63%) (Mapa 24). A súa necesaria potenciación require adoptar unha estratexia en favor da centralidade, como contrapunto a unha tendencia abocada á dispersión extrema. Non cabe dúbida de que a viabilidade urbana require limiares de aglomeración (poboación e actividade) que aseguren unha masa crítica de demanda que, nestes momentos, é acadada por moi poucas das cidades galegas. Neste sentido, a localización preferente das accións relacionadas co sistema productivo nas zonas de maior nivel de fortalezas e de desenvolvemento interno (Mapa 25) constitúe unha opción que debe reforzarse, fronte a outras políticas alternativas orientadas á dispersión extrema. En definitiva, a consolidación da *Dorsal Atlántica*, a súa proxección cara ó Norte de Portugal a súa saída máis clara e con maiores potencialidades- e a potenciación dos núcleos interiores de aglomeración debería constituírse noutro obxectivo prioritario da nova estratexia territorial de desenvolvemento.

### 1.2.2. A proxección transnacional das tendencias territoriais de Galicia: A oportunidade de consolida-la eurorrexión Galicia- Norte de Portugal

O obxectivo dirixido a consolida-la *Dorsal Atlántica* adquire unha relevancia aínda maior desde unha perspectiva territorial máis ampla que a estrictamente intrarrexional. O importante rango que ocupa o dito eixe dentro da escala rexional redúcese considerablemente dentro do contexto español e, aínda máis, desde o punto de vista comunitario; as perspectivas permiten apreciar con claridade o afastamento de Galicia dos grandes centros de gravidade das economías española e europea, tanto en termos de distancia e tempo, coma de dimensión económica. Os Mapas 26, 27 e 28 representan as liñas de potenciais de poboación na Unión Europea, en Europa e na Península Ibérica, respectivamente, e amosan claramente a posición de Galicia na periferia atlántica e a estreita conexión da súa estructura territorial coa da Rexión Norte de Portugal artellada en torno á área metropolitana de Oporto (Mapa 29).

A experiencia internacional revela que o territorio constitúe un factor decisivo para impulsar dinámicas prolongadas de competitividade e de innovación. A globalización económica, a crecente interdependencia de economías moi distantes, a mobilidade do capital, os avances nos transportes e o pulo da sociedade da información non son fenómenos incompatibles coa tendencia que mostra a actividade económica a concentrarse en *eixes virtuosos* dos que a súa delimitación é bastante nítida desde o punto de vista xeográfico. A clara proxección demográfica e económica da Dorsal Atlántica ata o Norte de Portugal constitúe un exemplo destas tendencias territoriais de longo alcance. Galicia e a Rexión Norte de Portugal dispoñen na actualidade da oportunidade de consolida-lo seu corredor de desenvolvemento máis importante e de promove-la articulación dunha euro-rexión funcional que ofreza a ambos espacios a ampliación das súas respectivas vantaxes de aglomeración, desde os 2,7 millóns de habitantes de Galicia, ou os 3,5 millóns do Norte de Portugal, ata os máis de 6 millóns da euro-rexión.

Esta oportunidade non constitúe ningunha novidade, xa que foi conformándose no tempo gracias á proximidade xeográfica, productiva e cultural, ás melloras nas infraestructuras terrestres, á litoralización do crecemento económico e á existencia dunha rede urbana relativamente ampla e con vontade de cooperación.

O aumento das interrelacións entre ambas rexións produciuse a pesar das dificultades que se derivaban da súa inserción en realidades administrativas diferentes, con límites e prioridades non sempre coincidentes cos da euro-rexión, de natureza funcional e ámbito transnacional. De feito, aínda que Galicia e o Norte de Portugal contan con niveis de renda e especializacións sectoriais relativamente similares, os seus diferentes trazos macroeconómicos (a menor taxa de paro do Norte de Portugal, a súa inferior productividade e capitalización e o seu maior crecemento) reflicten a estreita asociación que existe entre ambos espacios e os seus respectivos ámbitos estatais, un trazo que pode atoparse en calquera dos espacios rexionais da Unión.

O que sí constitúe un feito máis novidoso é a existencia dun novo contorno institucional con vontade e experiencia para impulsar de forma máis decidida a consolidación deste eixe, unha das áreas transfronteirizas da Unión Europea con maiores posibilidades de éxito. Aínda que este novo contorno foi impulsado polas iniciativas e experiencias promovidas por diversas institucións das dúas rexións, así como polo apoio obtido das iniciativas e proxectos piloto procedentes do ámbito comunitario, a súa existencia responde ós pasos dados, hai xa tempo, por non poucas empresas e axentes privados que se decidiron a cruzar fronteiras, buscando as avantaxes de localización e de servicios que ofrece cada espacio rexional.

MAPA 24



SINTESE DO MODELO TERRITORIAL
Nivel de desenvolvemento intrarrexional 1986 (*)

ALTO (Renda* >=100)



SINTESE DO MODELO TERRITORIAL
Nivel de desenvolvemento intrarrexional 1996

| | Poboación (%) | Territorio (%) |
|---|---|---|
| ALTO | 73,79 | 29,63 |

| Evolución del desenvolvemento. 86-96 | Poboación (%) | Territorio (%) |
|---|---|---|
| FAVORABLE | 22,25 | 17,73 |
| REGRESIVO | 1,41 | 1,31 |

Escala: 1/1.100.000

0 10 20 30 40 50 Km

(*) Obtido a partir da 'Renda' municipal en Galicia'.
Fundación Caixa-Galicia

MAPA 25


Ferrol
Coruña, A
Santiago de Compostela
Lugo
Pontevedra
Ourense
Vigo
DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL: Fortaleza
MOI ALTO
ALTO
BAIXO
MOI BAIXO
Escala: 1/1.100.000
0 10 20 30 40 50 Km

MAPA 26

# A ESTRUCTURA DO ESPACIO NA UNIÓN EUROPEA



MAPA 27

# A ESTRUCTURA DO ESPACIO EN EUROPA



MAPA 28

# A ESTRUCTURA DO ESPACIO NA PENÍNSULA IBÉRICA



MAPA 29

# A ESTRUCTURA DO ESPACIO EN GALICIA E NORTE DE PORTUGAL



Sen embargo, o obxectivo esencial das iniciativas comunitarias acometidas neste sentido non se centrou tanto no aproveitamento das oportunidades de interrelación como no desexo de remove-los factores que explicaban que dúas rexións con claras posibilidades de cooperación viviran de costas. As accións emprendidas ata o momento nos ámbitos das infraestructuras, a cooperación empresarial, o medio ambiente, a incentivación do investimento privado ou, máis recentemente, da información económica, impulsaron os ditos procesos de entendemento transfronteirizo.

A unificación monetaria de Europa, co seu incerto impacto sectorial e territorial, engádese a este contexto. Indubidablemente, a Unión Monetaria facilitará considerablemente os procesos de investimento financeiro e productivo, reducirá os custos de transacción dos intercambios e abrirá novas oportunidades de investimento e emprego para ámbalas dúas rexións, que poden beneficiarse das expectativas de consolidación dunha área funcional de dous millóns e medio de traballadores e cun PIB superior ós 60.000 millóns de ecus, posibilidades que avalan que as vantaxes da cooperación superan amplamente os riscos de deslocalización ou de aumento da competencia.

Na actualidade, estas posibilidades non deixan de ser, sen embargo, oportunidades latentes, a materialización das cales dependerá de factores moi diversos, como o incremento das capacidades financeiras das iniciativas a emprender, de cara á aumenta-la dimensión dos seus efectos; o aproveitamento da experiencia de cooperación institucional acumulada ó longo dos últimos anos en diferentes ámbitos, como a *Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal*, entre outros; a elección dunha estratexia de acción meditada e o seu desenvolvemento decidido, é dicir, nos prazos adecuados e co apoio institucional de tódolos niveis institucionais implicados nela.

En calquera caso, a estratexia de consolidación da euro-rexión non pode ser independente das estratexias globais de ambas rexións, senón que debe dirixirse, con especial interese, a proxectar sobre este novo espacio suprarrexional os efectos das accións rexionais ou nacionais que poidan xerar, ademais, claros beneficios para a eurorrexión. Este referente estratéxico é coherente co destino fundamental do obxectivo -o territorio-, onde conflúen dimensións de moi diferente alcance e natureza (sectorial, comercial, tecnolóxica ou infraestructural) que revelan con claridade as necesidades de coordinación existentes neste ámbito.

No ámbito das infraestructuras de comunicación, unha vez superados os problemas de conexión rápida por estrada de boa parte do principal eixe de desenvolvemento da euro-rexión, as prioridades veñen marcadas pola mellora e cualificación dun ferrocarril obsoleto, pola potenciación e especialización das funcións económicas do sistema portuario da euro-rexión, impulsadas polas melloras na súa conexión intermodal e pola potenciación da complementariedade aeroportuaria, a través da cooperación, en especial dos aeroportos con proxección internacional.

As condicións que permitirían impulsa-la actividade portuaria en Galicia permiten apreciar que a potenciación das capacidades da euro-rexión non dependen só do incremento da articulación interna, senón que se relacionan tamén coa mellora das conexións cos respectivos espacios nacionais. Neste caso, o aumento da capacidade dos portos galegos para captar fluxos de entrada ou saída do mercado español está condicionado pola deficiente conexión ferroviaria de Galicia con Madrid, o principal nó loxístico español. O feito de que os grandes centros de distribución que se están á executar no centro da Península non teñan previsto un enlace directo cos portos do noroeste constitúe un exemplo dos problemas existentes, así como das ganancias que poderían lograrse, en termos de reducción da perifericidade da euro-rexión, a través dos proxectos de ámbito nacional. Neste sentido, o acercamento da euro-rexión a Europa constitúe unha cuestión que se encontra máis ó alcance das respectivas administracións centrais que das rexionais.

No ámbito sectorial, a existencia de *clusters* e patróns de especialización comúns (leite, viños, forestal, serradoiro, madeira, alimentación) e, en moitas ocasións, complementarios (téxtil, pesca, material de transporte, coiro, calzado,..), presenta a oportunidade de impulsar experiencias comúns de potenciación de redes productivas, mellora tecnolóxica, de provisión de servicios avanzados ás empresas ou de intensificación das relacións comerciais. A pesar dos evidentes vínculos de proximidade e afinidade, na actualidade as exportacións intraaéreas tan só supoñían, en 1994, un 5,27% das exportacións totais da euro-rexión, existindo unha maior proxección das vendas de Galicia cara ó Norte de Portugal (11% das exportacións galegas) que viceversa (un 3%), dada a forte orientación europea da área de Porto.

As posibilidades existentes para desenvolver estratexias comúns, coordina-la execución de accións rexionais ou nacionais ou, simplemente, intercambiar experiencias, non se restrinxen ó aproveitamento das oportunidades latentes no ámbito das infraestructuras de comunicación, o investimento ou os intercambios comerciais, senón que se estenden con maior intensidade, se cabe, á superación de problemas e condicionantes estructurais similares, como os que se producen en aspectos moi relevantes para ámbalas dúas rexións:

- A cooperación na realización de infraestructuras medioambientais, a xestión de plans de restauración ou prevención ambiental ou a preservación do patrimonio natural.
- A cooperación na prestación ou xestión de servicios sanitarios.
- A potenciación dos sectores tradicionais (agricultura, leite, téxtil, distribución comercial, alimentación) ante un contorno de incerteza crecente (cambio estructural, impactos sectoriais do euro, da ampliación ó Leste da UE e da reforma da PAC).
- Reforzamento do encadramento internacional da euro-rexión, tanto desde o punto de vista comercial coma institucional.
- A diversificación do tecido productivo e das exportacións, moi concentradas en ámbolos dous espacios, tanto desde o punto de vista sectorial, coma territorial ou empresarial.
- A mellora na calidade do emprego e a súa cualificación.
- Estímulo ás capacidades emprendedoras e innovadoras.
- A ampliación das capacidades de atracción turística.
- A promoción dunha cultura interna de calidade e a súa proxección cara ó exterior.
- O reforzamento e a cooperación no sistema urbano, por enriba da competencia.
- A difusión do crecemento ás áreas do interior, ás cidades de rango intermedio ou ás áreas rurais con maiores potencialidades, ben pola súa proximidade a centros de demanda, pola dispoñibilidade de recursos turísticos ou pola súa especialización agraria en segmentos de demanda crecente.
- O estímulo á oferta e a demanda dun sector terciario avanzado que debería contribuír a promover un cambio nas culturas de innovación, na renovación de mercados e na modernización de estructuras comerciais, o desenvolvemento das cales require dun mercado máis amplo que o que ofrecen actualmente os respectivos espacios rexionais.

Polo tanto, oportunidades e desafíos xustifican a necesidade de formular unha estratexia de cooperación que supoña un *salto adiante* nas relacións que veñen establecéndose neste ámbito, de cara á responder ás necesidades de proxección e ampliación territorial do corredor de desenvolvemento máis relevante de ambas rexións. En boa medida, este salto na formulación estratéxica, e o seu posterior deseño operativo, supoñen non esquecer que o actual contorno de crecente globalización aconsella promover actitudes cooperativas entre os espacios rexionais para mellora-la posición conxunta a través das sinerxías e complementariedades das que gozan as chamadas *"rexións asociativas".*

## *1.3. Reflexión sobre as actuacións recentes en favor do desenvolvemento rexional*

Neste apartado lévase a cabo unha análise crítica das intervencións en favor do desenvolvemento de Galicia executadas durante os últimos tempos, co fin de extrae-las leccións da experiencia que permitirán enlaza-lo peche do vixente período de programación (1994-1999) coa nova etapa de desenvolvemento (2000-2006) á que responde a formulación do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia.

Esta revisión de experiencias concentrarase nos dous plans de carácter global que articularon o amplo conxunto de programas formulados nos últimos tempos nos campos das comunicacións por estrada, a promoción sectorial e empresarial, a enerxía ou o medio ambiente, entre outros. En concreto, a análise centrará a atención no *Plan Económico e Social de Galicia, 1993-1996 (PES)* e, especialmente, nos diversos programas que están a canalizar en Galicia as intervencións do *Marco*

*Comunitario de Apoio, 1994-1999* (MCA), que concretan na práctica as vontades expresadas no *Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia, 1994-1999* (PDR).

Estas programacións responden en realidade a unha mesma estratexia -a trazada no PES-, que serviu de marco xeral para reforza-la coherencia do conxunto de plans de desenvolvemento rexional do período 1994-1999. A existencia dun marco de planificación tan complexo como o que se deriva dos principios de reforma da política rexional comunitaria e a positiva función de coordinación que exerceu o PES dentro dese panorama constitúen, precisamente, a primeira lección da experiencia que convén extraer cara ó futuro: o PEDEGA debe simplificar este panorama de programación, ó delimita-lo marco estratéxico que asegurará a coherencia global do conxunto de intervencións vixentes -como as derivadas do *Plan de crecemento e emprego de Galicia, 1998-2001*- ou a deseñar no futuro, ó tempo que garantirá o axuste desas intervencións as prioridades da nosa Comunidade, ben sexan cofinanciadas polos diversos fondos comunitarios ou exclusivamente con fondos propios ou financiadas pola administración central. En definitiva, a importante función que se reserva ó PEDEGA é a de constituír unha ferramenta de coordinación dos presupostos de promoción económica e do emprego a deseñar e executar durante o período 2000-2006.

### 1.3.1. Análise da estratexia formulada para o período 1994-1999

Coa *meta* de impulsa-lo proceso de converxencia real entre Galicia e España, os programas integrados no MCA 1994-1999 trataban de afronta-los problemas identificados no PES 1993-1996 a través dos seguintes *obxectivos finais*:

- Mellora-la accesibilidade e a articulación do territorio galego, así como as dotacións das infraestructuras máis ligadas á base productiva (solo industrial, enerxía...).
- Mellora-la calidade de vida da poboación residente, a través do incremento das dotacións de infraestructuras de carácter social.
- Promove-la sostibilidade do proceso de desenvolvemento, a través da preservación e mellora do contorno medioambiental.
- Apoia-lo investimento e o crecemento da base productiva, con criterios selectivos, tanto desde o punto de vista territorial como sectorial, e guiados por unha estratexia baseada na calidade dos productos e na exportación.
- Mellora-la cualificación dos recursos humanos e a capacidade de innovación, así como anima-lo desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.

Estes cinco obxectivos finais concretábanse noutros *vintenove obxectivos intermedios* de carácter operativo, os cales articulaban, á súa vez, as *93 accións* incluídas nos cinco programas obxecto de valoración neste capítulo (P.O. FEDER Galicia; P.O. FSE Galicia; P.O. FEOGA-O Galicia; Subvención Global FEDER Igape, xunto ás actuacións cofinanciadas en Galicia polo IFOP). O Cadro 44 reflicte, de forma esquemática, as correspondencias directas existentes entre obxectivos intermedios e obxectivos finais, obviando a existencia de conexións máis complexas, é dicir, de segundo nivel ou indirectas.

Co fin de analiza-las sinerxías funcionais existentes entre os distintos obxectivos intermedios, desenvolveuse un exercicio específico cuns resultados que se reproduciron no Gráfico 39 que permite destaca-las seguintes conclusións[5]:

- Entre os obxectivos onde a faceta de sensibilidade predomina sobre a de influencia (cuadrante superior esquerdo do gráfico) destacan, en primeiro lugar, os relacionados directamente coa *dinamización e diversificación do tecido productivo* (números 8, 13, 14, 15 e 29, que concentran

[5] O Dito exercicio trata de analiza-los dous tipos de relacións directas que cada obxectivo intermedio mantén cos restantes:

- En primeiro lugar, o cumprimento de cada obxectivo pode exercer unha influencia positiva nos restantes, xa que o seu cumprimento pode contribuír directamente a impulsa-la consecución dos restantes. Este é o fenómeno que se mediu nos eixes de abscisas do Gráfico 39.
- En segundo lugar, o cumprimento de cada obxectivo vese influído, á súa vez, polas accións emprendidas para logra-los restantes. Dito con outras palabras, cada obxectivo é sensible, en diferente grao, ó desenvolvemento alcanzado polos outros obxectivos. Este é o fenómeno reflectido no eixe de ordenadas do gráfico citado.

o 40% da sensibilidade total), o que indica a importancia que ten o desenvolvemento equilibrado do conxunto da estratexia para promover unha economía máis competitiva. Nesta mesma faceta, tamén destacan os obxectivos 9 e 27 (8% do total), que se relacionan directamente coa *protección do medio ambiente* e a *mellora da calidade de vida dos residentes*. Por último, o resto dos obxectivos con sensibilidade superior á media relaciónanse con sectores productivos concretos.

- Os obxectivos nos que a influencia supera á sensibilidade atópanse máis dispersos. A este respecto, cabe destaca-la *mellora dos recursos humanos* e, moi especialmente, a *mellora dos métodos de programación, xestión e avaliación* (obxectivo intermedio 1).
- Por último os obxectivos intermedios 13 (*Incrementa-lo investimento productivo*) e 8 (*Impulsa-la oferta tecnolóxica e a innovación*) dispoñen, ó mesmo tempo, dun elevado potencial de influencia e de sensibilidade, trazos que permiten deduci-la súa singular importancia estratéxica dentro do conxunto da programación.

**Cadro 44. Relacións entre obxectivos finais e intermedios das principais accións do MCA 1994-1999 aplicadas en Galicia**

| | | OBXECTIVOS FINAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº | OBXECTIVOS INTERMEDIOS | Mellora-la accesibilidade e articulación do territorio (A) | Mellora-la calidade de vida da poboación residente (B) | Recuperación e preservación do medio ambiente ( C ) | Dinamización e diversificación do tecido productivo (D) | Mellora dos recursos do coñecemento e a empregabilidade (E) |
| 1 | Mellora-los métodos de programación, xestión e avaliación | | | | | ■ |
| 2 | Estimula-la utilización dos servicios avanzados por parte das empresas | | | | ■ | |
| 3 | Mellora das comunicacións por terra, mar e aire | ■ | | | | |
| 4 | Supera-lo déficit en telecomunicacións | ■ | | | | |
| 5 | Mellora-la dotación de equipamentos sociais | | ■ | | | |
| 6 | Mellora-la dotación de infraestructuras productivas (auga, electricidade, solo) | | | | ■ | |
| 7 | Dotar á formación profesional de mellores instalacións | | | | | ■ |
| 8 | Impulsa-la oferta tecnolóxica (I+D) e a innovación | | | | ■ | |
| 9 | Protección e mellora do medio ambiente | | | ■ | | |
| 10 | Mellora da oferta turística e fomento do turismo rural | | | | ■ | |
| 11 | Mellora das infraestructuras agrarias | | | | ■ | |
| 12 | Investigación específica no sector pesqueiro | | | | ■ | |
| 13 | Incrementa-lo investimento productivo das empresas | | | | ■ | |
| 14 | Aumenta-la internacionalización da empresa galega | | | | ■ | |
| 15 | Impulsa-la capacidade innovadora e empresarial | | | | | ■ |
| 16 | Incrementa-lo uso de novas tecnoloxías de telecomunicación | | | | ■ | |
| 17 | Mellora do sistema educativo en xeral | | | | | ■ |
| 18 | Mellora da cualificación da man de obra | | | | | ■ |
| 19 | Reducir custos de contratación | | | | | ■ |
| 20 | Axuste do esforzo pesqueiro e reorientación das actividades pesqueiras | | | | ■ | |
| 21 | Renovación e modernización da flota pesqueira | | | | ■ | |
| 22 | Acuicultura | | | | ■ | |
| 23 | Zonas mariñas pesqueiras | | | | ■ | |
| 24 | Equipamento de portos | ■ | | | | |
| 25 | Transformación e comercialización dos productos pesqueiros e da acuicultura | | | | ■ | |
| 26 | Promoción de productos pesqueiros e da acuicultura. Busca de novas saídas comerciais. | | | | ■ | |
| 27 | Mellora do hábitat rural | | ■ | | | |
| 28 | Reconversión, reorientación e axuste do potencial productivo agrario | | | | ■ | |
| 29 | Mellora da calidade agroalimentaria | | | | ■ | |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos P.O. e S.G. aplicados en Galicia*

**Gráfico 39. Posición dos obxectivos intermedios en función das sinerxías potenciais da estratexia de desenvolvemento rexional**




*Fonte: elaboración propia*

As programacións financeiras iniciais dos plans analizados prevían levar a cabo, durante os sete anos do horizonte da programación, un *gasto total superior ós seiscentos mil millóns de pesetas*, de acordo cos tipos de cambio peseta-ecu e datos manexados nas respectivas avaliacións intermedias.

Desde o punto de vista da estratexia financeira destaca de forma especial o *predominio financeiro dos obxectivos dirixidos a corrixi-los déficit de infraestructuras,* na liña coas formulacións do PES. Para xustifica-la dita valoración basta comproba-lo elevado peso do "*eixe 1*" do MCA (Cadro 45) ou do obxectivo final *"mellora da accesibilidade e articulación do territorio"* (Cadro 48). A distribución dos recursos segundo obxectivos intermedios proporciona unha visión aínda máis precisa deste rasgo, xa que, os cinco obxectivos máis vinculados coa dotación de capital social físico[6] absorben máis do 50% do gasto previsto.

Non obstante o anterior, o resto dos ámbitos trazados na estratexia de desenvolvemento tamén foron atendidos na distribución dos recursos, xa que 65 accións, dun total de 93, se dedican a eles. Nestes casos, o menor custo individual das intervencións explica as diferencias de intensidade entre a complexidade da súa posta en marcha (un 70% das actuacións previstas) e a absorción de recursos (algo menos do 50%).

**Cadro 45. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por eixes. Programacións iniciais**

| Eixe | Denominación | Millóns de ptas. | % | Nº de accións |
|---|---|---|---|---|
| 1. | Integración e articulación territorial | 254.454 | 41,4% | 18 |
| 2. | Desenvolvemento do tecido económico | 63.378 | 10,3% | 14 |
| 3. | Turismo | 3.956 | 0,6% | 2 |
| 4. | Agricultura e desenvolvemento rural | 70.238 | 11,4% | 16 |
| 5. | Pesca | 115.641 | 18,8% | 21 |
| 6. | Infraestructuras de apoio ás actividades económicas | 55.613 | 9,1% | 10 |
| 7. | Valorización de recursos humanos | 49.773 | 8,1% | 11 |
| 8. | Asistencia técnica | 869 | 0,1% | 1 |
| Total | | 613.921 | 100,0% | 93 |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia*

[6] "Mellora-las comunicacións por terra, mar e aire", "Mellora-las dotacións de infraestructuras productivas", "Supera-lo déficit en telecomunicacións" e "Mellora-la dotación de equipamentos sociais".

**Cadro 46. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por programas / fondos. Programacións iniciais**

| PO / Fondo | Millóns de ptas. | % | Nº de accións |
|---|---|---|---|
| FEDER | 395.401 | 64,4% | 51 |
| FEOGA-O | 66.991 | 10,9% | 15 |
| FSE | 37.703 | 6,1% | 7 |
| IFOP | 113.826 | 18,5% | 20 |
| Total | 613.921 | 100,0% | 93 |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia*

**Cadro 47. Distribución das previsións de gasto total 1994-1999 por órgano xestor. Programacións iniciais**

| Órgano xestor | Millóns de ptas. | % | Nº de accións |
|---|---|---|---|
| Admón. Central | 158.483 | 25,8% | 11 |
| Admón. Autonómic. | 395.848 | 64,5% | 67 |
| Corporacións Locais | 5.014 | 0,8% | 3 |
| Empresas Públicas | 54.577 | 8,9% | 12 |
| Total | 613.921 | 100,0% | 93 |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia*

**Cadro 48. Distribución do gasto total previsto 1994-1999 segundo obxectivos finais. Programacións iniciais**

| Obxectivos finais | Millóns de ptas. | % | Nº de accións |
|---|---|---|---|
| Mellora-la accesibilidade e articulación do territorio | 259.242 | 42,2% | 20 |
| Dinamización e diversificación do tecido productivo | 224.461 | 36,6% | 49 |
| Mellora-la calidade de vida da poboación residente | 46.031 | 7,5% | 5 |
| Recuperación e preservación do medio ambiente | 42.076 | 6,9% | 8 |
| Mellora dos recursos do coñecemento e a empregabilidade | 42.111 | 6,9% | 11 |
| Total | 613.921 | 100% | 93 |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia*

En resumo, a distribución financeira das intervencións previstas resulta coherente coa formulación da estratexia rexional de desenvolvemento, aínda que a matiza en tres aspectos:

- A prioridade outorgada á mellora das dotacións de capital social fixo e, en especial, ás infraestructuras relacionadas coa accesibilidade externa da rexión, de forma coherente coas necesidades e debilidades de localización (véxanse os comentarios expostos no punto 2.1.2 a).
- A complexidade que entrañaba a mobilización do resto dos obxectivos, dado o elevado número de accións incluídas neles.
- Finalmente, a concentración da xestión das intervencións nos ámbitos do FEDER (Cadro 46) e da administración autonómica (Cadro 47), que concentran o 64% en ámbolos dous casos.

### 1.3.2. O desenvolvemento da estratexia durante o período 1994-1998

O primeiro aspecto a salientar do desenvolvemento da estratexia son os cambios introducidos na programación financeira do MCA, como consecuencia do axuste das prioridades ó desenvolvemento dos programas, ou do aumento de recursos en termos correntes, derivado da *indexación* dos recursos inicialmente previstos no Marco. Respecto ós cambios na programación financeira inicial cabe suliñar dúas notas esenciais: en primeiro lugar, que o gasto total previsto nos programas obxecto de análise aumentou algo máis dun 7%; segundo, que a estratexia financeira que se deduce de ambas programacións é practicamente a mesma, xa que, a finais de 1998, as principais partidas de gasto continuaban sendo as previstas inicialmente, o que reflicte que os cambios introducidos responden máis a axustes puntuais dentro de cada obxectivo que a variacións de natureza estratéxica nas prioridades.

A valoración da execución da programación vixente na actualidade realizarase desde catro puntos de vista diferentes. En primeiro lugar, detallarase a execución financeira das intervencións; a continuación resumiranse os resultados directos máis relevantes xerados pola dita execución; en terceiro lugar, valoraranse os impactos socioeconómicos especificamente imputables ás accións programadas, e por último, exporase o respecto ás outras políticas e principios comunitarios.

### *a) A execución do gasto*

A finais de 1998, a execución das accións contempladas para Galicia no MCA, 1994-1999, xerou un *gasto total superior ós seiscentos mil millóns de pesetas en termos de compromisos e próximo ó medio billón* en termos de pagamentos, o que supón un grao de execución do 92% respecto ás previsións totais para o período 1994-1999.

O ritmo de execución deste gasto tamén reflicte unha evolución coherente co calendario previsto, xa que durante o primeiro trienio de vixencia dos programa liquidáronse e pagáronse o 40% dos investimentos e gastos previstos para o conxunto do sexenio e un 33% ó longo do bienio 1997-1998. Se se ten en conta a posibilidade de realizar pagamentos ata finais do ano 2000, pode considerarse que o desenvolvemento das intervencións recuperou o atraso con que se aprobaron os documentos de programación do conxunto do MCA español.

A distribución do gasto cofinanciado tamén foi coherente co previsto na programación (Cadro 48), en especial desde o punto de vista dos obxectivos finais da estratexia de desenvolvemento, onde destaca o elevado nivel que xa alcanzaran, a finais do 98, as actuacións relacionadas coa accesibilidade e articulación do territorio.

**Cadro 49. Grao de execución, por obxectivos finais, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998**

| Obxectivos finais | Comprometido 1994-1998 | Grao de execución a 31-12-98 respecto previsións 1994-1999 | Pagamentos ó 31-12-98 respecto a previsións totais 1994-1999 |
|---|---|---|---|
| Mellora-la accesibilidade e articulación do territorio (A) | 292.936 | 105,0% | 78,9% |
| Mellora-la calidade de vida da poboación residente (B) | 45.058 | 101,6% | 81,4% |
| Recuperación e preservación do medio ambiente (C ) | 33.090 | 74,8% | 73,5% |
| Dinamización e diversificación do tecido productivo (D) | 202.707 | 82,5% | 65,8% |
| Mellora dos Recursos do coñecemento e a empregabilidade (E) | 33.598 | 73,0% | 71,9% |
| Total | 607.389 | 92,1% | 73,4% |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia e D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia*

Respecto das porcentaxes de execución pódense apreciar con claridade desde a perspectiva dos obxectivos finais (Cadro 49), por eixes do MCA (Cadro 50), por programas operativos ou fondos do MCA (Cadro 51) ou, finalmente, por tipo de órgano xestor (Cadro 52). Por enriba da execución media situáronse os eixes de *Integración e articulación territorial (105%), Turismo* (97%), *Infraestructuras de apoio á actividade económica (94%);* e, finalmente, *Desenvolvemento do tecido económico* (92%). En termos de fondos ou programas operativos, o FEDER rexistrou unha execución considerablemente máis rápida cós restantes, dada a súa concentración nos obxectivos de mellor evolución. Finalmente, a concentración da Administración Central nas intervencións ligadas á mellora das grandes dotacións de capital físico explica o bo nivel de realizacións financeiras alcanzado.

Por debaixo da media atópanse os eixes de *Asistencia técnica*, *Pesca* e, en menor medida, *Valorización dos recursos humanos*, todo iso debido ás razóns xa apuntadas nos comentarios anteriores referidos á execución dos obxectivos intermedios da estratexia de desenvolvemento.

**Cadro 50. Grao de execución, por eixes, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998**

| Eixes MCA 94-99 | Comprometido 1994-1998* | Grao de execución a 31-12-98 respecto a previsións 94-99 | Pagamentos ó 31-12-98 respecto a previsións totais 1994-1999 |
|---|---|---|---|
| Integración e articulación territorial | 286.930 | 105,2% | 79,5% |
| Desenvolvemento do tecido económico | 55.677 | 92,1% | 67,7% |
| Turismo | 4.871 | 97,3% | 77,3% |
| Agricultura e desenvolvemento rural | 53.335 | 74,0% | 74,0% |
| Pesca | 104.217 | 78,8% | 57,0% |
| Infraestructura de apoio ás actividades económicas | 53.865 | 94,1% | 86,9% |
| Valorización de recursos humanos | 48.234 | 81,9% | 73,4% |
| Asistencia técnica | 259 | 52,7% | 37,5% |
| Total | 607.389 | 92,1% | 73,4% |

*•Pagamentos no caso das intervencións cofinanciadas polo FEOGA-O*
*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia e D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia*

**Cadro 51. Grao de execución, por programas operativos / fondos, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998**

| PO/Fondo | Comprometido 1994-1998* | Grao de execución a 31-12-98 respecto previsións 1994-1999 | Pagamentos ó 31-12-98 respecto a previsións totais 1994-1999 |
|---|---|---|---|
| FEDER | 425.667 | 101,9% | 79,2% |
| FEOGA-O | 50.154 | 73,0% | 73,0% |
| FSE | 29.868 | 70,7% | 69,7% |
| IFOP | 101.700 | 78,0% | 55,9% |
| Total | 607.389 | 92,1% | 73,4% |

*•Pagamentos no caso das intervencións cofinanciadas polo FEOGA-O*
*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia e D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia*

**Cadro 52. Grao de execución, por tipo de órgano xestor, do gasto total do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998**

| Administración xestora | Comprometido 1994-1998* | Grao de execución a 31-12-98 respecto previsións 1994-1999 | Pagamentos ó 31-12-98 respecto a previsións totais 1994-1999 |
|---|---|---|---|
| Administración Central | 183.119 | 107,6% | 77,4% |
| Administración Autonómica | 371.240 | 85,5% | 71,4% |
| Corporacións Locais | 6.171 | 123,1% | 78,5% |
| Empresas Públicas | 46.858 | 94,2% | 75,9% |
| Total | 607.389 | 92,1% | 73,4% |

*•Pagamentos no caso das intervencións cofinanciadas polo FEOGA-O*
*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacions intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia e D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia*

### *b) Os resultados obtidos durante o período 1994-1998*

O desenvolvemento financeiro alcanzado pola estratexia a finais de 1998 tivo un reflexo equivalente nos *resultados físicos* alcanzados, así como na *eficacia* correspondente. A listaxe de realizacións concretas logradas en cada obxectivo é extenso (Cadro 53), pero todas elas comparten tres trazos: por un lado, a súa adecuación ó avance financeiro dos seus respectivos obxectivos; por outro, a súa dimensión microeconómica, de forma coherente coa natureza e o contido preciso das intervencións; por último, a súa coherencia cos problemas prioritarios que caracterizaban a situación de partida de Galicia no momento de programa-las intervencións.

**Cadro 53. Principais indicadores de resultados físicos da execución 1994-1998 do MCA 1994-1999 en Galicia**

| O. intermedio | Indicador | Unds | P 94-99* | R 94-96* | R 97-98** |
|---|---|---|---|---|---|
| Mellora das comunicacións por terra, mar e aire | Acondicionamento estradas | Km | 109 | 50 | 44 |
| | Autoestrada autonómica nova | Km | 32 | 20 | 12 |
| | Autoestrada nova | Km | 168 | 84 | 53 |
| | Desdobramentos | Km | 50 | 10 | 10 |
| | Renovación infraestructuras ferroviarias | Km | 138 | 6 | 8 |
| | Diques de abrigo | M | - | 1.581 | - |
| | Peirao | M | - | 2.743 | 1.206 |
| | Dársenas | M2 | - | 16 | 7 |
| | Peirao novo | M2 | 135.450 | 33.284 | 5.767 |
| | Urbanización portuaria | M2 | - | 107.258 | 47.173 |
| | Mellora de infraestructuras ferroviarias (puntos tratados) | Nº | 79 | 10 | 13 |
| Supera-lo déficit en telecomunicacións | Grao de dixitalización rede telef. | % | 65 | 61 | - |
| | Liñas de servicio por 100 habitantes | Nº | 36 | 34 | 35,4 |
| Mellora-la dotación de equipamentos sociais | Áreas destinadas á atención primaria | M2 | 200.000 | 200.000 | 35.898 |
| | Superficie construída centros educativos | M2 | - | 73.489 | 111.799 |
| | Camas de atención especializada | Nº | - | 6.930 | 1.244 |
| Mellora- la dotación de infraestructuras productivas | Km difusión enerxética (BT/100000 hab) | Km | 158 | 158 | 111 |
| | Red de tubos hidráulicas instaladas | Km | - | 110 | 16 |
| | Creación solo industrial. Superficie edificable potencial (miles) | M2 | 5.370 | 842 | 476 |
| | Preparación de solo industrial. Superficie urbanizada (miles) | M2 | 4.798 | 500 | 236 |
| Instalacións F.P. | Aulas formación profesional | Nº | 8 | 9 | 27 |
| | Talleres formación profesional | Nº | 24 | 21 | 62 |
| Impulsa-la I+D e a innovación | Proxectos de investigación | Nº | 100 | 30 | 45 |
| | Beneficiarios bolsas investigadores | Psoas | 3.112 | 544 | 752 |
| Protección e mellora medio ambiente | Áreas de devasas | Has | -. | 15.266 | - |
| | Creación de espacios protexidos | Has | 30.000 | 9.126 | - |
| | Mantemento de espacios protexidos | Has | 30.000 | 31.970 | - |
| | Mellora superficies incultas ou infrautilizadas | Has | 3.000 | 1.969 | - |
| | Queimas controladas e faixas auxiliares | Has | n.d. | 17.985 | - |
| | Repoboación forestal | Has | 50.000 | 10.739 | - |
| | Superficies en programas contra ax. nocivos | Has | 100.000 | 74.718 | - |
| | Traballos preventivos loita incendios forestais | Has | 30.000 | 746 | - |
| | Tratamentos silvícolas | Has | 50.000 | 26.549 | - |
| | Creación e mellora de camiños para penetración | Km | n.d. | 4.255 | - |
| | Infraestructuras forestais | Km | 1.200 | 3.972 | - |
| | Novo colector instalado | Km | | 100 | - |
| | Recuperación de ríos salmónidos | Km | 300 | 307 | - |
| | Agricultores en programas contra ax.nocivos | Nº | 50.000 | 36.517 | - |
| | Centros de recuperación biodiversidade | Nº | n.d. | 4 | - |
| | Creación e mellora de puntos de auga | Nº | n.d. | 862 | - |
| | Creación e mellora de puntos de vixilancia | Nº | n.d. | 57 | - |
| | Exemplares biodiversidade atendidos | Nº | n.d. | 1.019 | - |
| | Programas contra axentes nocivos de vexetais | Nº | 360 | 203 | - |
| Mellora da oferta turística e turismo rural | Casas e balnearios rehabilitados | Nº | 440 | 133 | 92 |
| | Edificios do patrimonio artístico rehabilitado | Nº | 50 | 28 | 93 |
| Mellora das infrestructuras agrarias | Superficie achegada concentración parcelaria | Has | n.d. | 36.714 | 14.396 |
| | Superficie en proceso de concentración parcelaria | Has | 150.000 | 135.400 | 53.092 |
| | Superficie nova de concentración parcelaria | Has | 75.000 | 94.835 | 37.186 |
| | Superficie terminada de concentración parcelaria | Has | 75.000 | 39.270 | 15.398 |
| | Camiños rurais vinculados concentración parcelaria | Km | 10.700 | 3.804 | 1.492 |
| | Mellora camiños rurais | Km | 607 | 471 | 185 |
| | Parcelas achegadas concentración parcelaria | nº | n.d. | 300.924 | 117.997 |
| | Parcelas reemprazadas | nº | n.d. | 58.085 | 22.776 |
| | Propietarios afectados concentración parcelaria | nº | n.d. | 26.926 | 10.558 |

| O. intermedio | Indicador | Unds | P 94-99* | R 94-96* | R 97-98** |
|---|---|---|---|---|---|
| Incrementa-lo investimento productivo | Empresas en modernización e ampliación con axudas financeiras | nº | 527 | 1.121 | 761 |
| | Empresas novas beneficiadas con axudas financeiras | nº | 154 | 222 | 151 |
| | Novos postos de traballo creados (SG) | nº | - | 6.111 | 4.147- |
| | Postos de traballo mantidos (SG) | nªº | - | 7.134 | 4.842 |
| | Solicitudes subvencionadas con axudas financeiras | nº | 3.327 | 1.364 | 926 |
| | Investimento privado subvencionable (millóns) | ptas | 138.750 | 45.228 | 30.695 |
| Aumenta-la internacionaliza-ción da empresa galega | Grandes accións de promoción exterior | nº | - | 45 | - |
| | Proxectos de captación de investimentos ext. | nº | - | 23 | 31 |
| | Postos de traballo inv. ext. Ex-ante | nº | - | 1.286 | 1.705 |
| | Investimento estranxeiro previsto (millóns) | ptas | - | 76.355 | - |
| Impulsa-la capacidade innovadora e empresarial | Empregos xerados (ex-ante) novos emprendedores | nº | - | 160 | 244 |
| | Empresas creadas novos emprendedores | nº | - | 52 | 79 |
| | Empresas participantes redes coop. Empresarial | nº | - | 90 | 92 |
| | Empresas programas de mellora da organización e calidade empresarial | nº | - | 250 | 328 |
| | Proxectos novos emprendedores presentados | nº | - | 539 | 822 |
| | Postos de traballo creados en empresas de mozos emprendedores | | - | 393 | 599 |
| | Proxectos novos emprendedores seleccionados | nº | 300 | 203 | 310 |
| | Proxectos programas de mellora a organización e calidade empresarial | nº | - | 513 | 673 |
| | Redes de cooperación empresarial | nº | - | 6 | 6 |
| | Sectores beneficiados programas de mellora da organización e calidade empresarial | nº | - | 11 | 11 |
| Incrementa-lo uso de novas tecnoloxías de telecom. | Actuacións a domicilio telecom | nº | - | 334 | 342 |
| | Altas servicio telecom. | Nº | - | 487 | 420 |
| | Atencións telefónicas | Nº | - | 1.886 | 1.933 |
| | Conexións ó sistema telecom. | Nº | - | 35.884 | 36.774 |
| | Promedio de conexións telecom. por usuario | Nº | - | 47 | 295 |
| | Novos usuarios telecomunicacións | Psoas | - | 298 | - |
| Mellora do sistema educativo en xeral | Beneficiarios FP educacional | Psoas | 152.464 | 43.105 | 85.365 |
| Mellora da cualificación da man de obra. | Beneficiarios FP ocupados | Psoas | 7.215 | 3.275 | 1.380 |
| | Beneficiarios FP ocupacional maiores 25 años | Psoas | 11.050 | 10.826 | 5.727 |
| | Beneficiarios FP ocupacional menores 25 años | Psoas | 11.050 | 10.787 | 4.873 |
| | Beneficiarias formación ocup. Específica mulleres | | - | - | 705 |
| | Taxa de colocación beneficiarios cursos para desempregados | % | - | 29,1% | 48% |
| Reducir custos de contratación. | Beneficiarios axudas contratación maiores 25 años | Psoas | 3.703 | 2.097 | 4.274 |
| | Beneficiarios axudas contratación menores 25 años | Psoas | 3.703 | 1.850 | 10.026 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e reorientación das actividades pesqueiras | Despece e afundimento | GT | - | 9.711 | 2.703 |
| | Despece e afundimento | TRB | - | 10.357 | 411 |
| | Despece e afundimento | Kw | - | 21.530 | 5.581 |
| | Despece e afundimento. Buques | nº | - | 108 | 30 |
| | Despece e afundimento. Armadores | nº | - | 103 | 29 |
| | Exportación | GT | - | 708 | - |
| | Exportación | Kw | - | 881 | - |
| | Exportación | TRB | - | 348 | - |
| Renovación e modernización da flota pesqueira | Construcción de Novos Buques de Pesca | GT | - | 6.237 | - |
| | Construcción de Novos Buques de Pesca | Kw | - | 16.141 | - |
| | Construcción de Novos Buques de Pesca | TRB | - | 7.050 | - |
| | Construcción de Novos Buques de Pesca. Buques | nº | - | 86 | - |
| | Construcción de Novos Buques de Pesca. Armadores | nº | - | 97 | - |
| | Remotorización, mellora das condicións de seguridade. Armadores | nº | - | 125 | - |
| | Remotorización, mellora das condicións de seguridade Buques | nº | - | 128 | - |
| Transformación e comercialización dos productos pesqueiros e da acuicultura | Novos sistemas de producción pesqueira | nº | - | 486 | - |
| | Unidades adaptadas á norma. Sanitaria-hixiene | nº | - | 1 | - |
| | Toneladas/Ano de Ameixas | Tn/ano | - | 1 | - |
| | Toneladas/Ano de Ostras | Tn/ano | - | 1 | - |
| | Toneladas/Ano de Rodaballo | Tn/ano | - | 50 | - |
| | Toneladas/Ano de Salmón | Tn/año | - | 480 | - |
| | Novos sistemas de producción pesqueira | Unds | - | 1 | - |
| Zonas mariñas pesqueiras | Zonas mariñas acondicionadas | Km² | - | 646 | - |

| O. intermedio | Indicador | Unds | P 94-99* | R 94-96* | R 97-98** |
|---|---|---|---|---|---|
| Equipamento de portos | Metros lineais de peiraos | m | - | 3 | - |
| | Equip. Port. Pesq. adaptados á normativa sanitaria-hixiene | Nº | - | 2 | - |
| | Equip.port. pesq. adaptados á normativa en medioambiente | Nº | - | 1 | - |
| | Equipos de mantemento portuario pesqueiros | Nº | - | 2 | - |
| | Outros equipamentos portuarios pesqueiros | Nº | - | 46 | - |
| | Portos pesq. Con novos sist. Mellora servicios | Nº | - | 30 | - |
| | Equip. Tranf. Pesq. adaptados á normativa medio ambiente | nº | - | 13 | - |
| | Equip. Transf. Pesq. adaptados á normativa medio ambiente | nº | - | 6 | - |
| | Equip. Transf. Pesq. adaptados á normativa sanitaria-hixiene | nº | - | 70 | - |
| | Equip. Transf. Pesq.adaptados á normativa medio ambiente | nº | - | 1 | - |
| | Equipos pesq. Adaptados á normativa sanitaria-hixiene | nº | - | 36 | - |
| | Unds. Transf. Pesq. con novos sistemas de mellora de servicios | nº | - | 12 | - |
| | Unids. Transf. Pesq. novos sistemas de mellora de servicios | nº | - | 499 | - |
| Promoción de productos pesqueiros e da acuicultura | Productos pesq. En conserva ou semiconserva | Tn/año | - | 25 | - |
| | Axudas á venda, outros servicios (peixes) | nº | - | 13 | - |
| | Campañas de promoción (peixes) | nº | - | 6 | - |
| | Participación en feiras e exposicións (peixes) | nº | - | 43 | - |
| Mellora do hábitat rural. | Obras en materia de auga | nº | 73 | 1.234 | 891 |
| | Obras en materia de iluminación | nº | 85 | 151 | 109 |
| | Obras en materia de camiños | nº | 80 | 723 | 522 |
| | Obras en materia de saneamentos | nº | 63 | 141 | 102 |
| Reconversión, reorientación e axuste do potencial productivo agrario | Agricultores agrupados | nº | 6.750 | 14.085 | - |
| | Agrupacións agrícolas | nº | 1.500 | 961 | - |
| | Agrupacións comunitarias agrícolas | nº | 50 | 16 | - |
| | Doses seminais. De touros | nº | 1.000.000 | 1.768.347 | - |
| | Embrións | nº | 1.200 | 369 | - |
| | Ensaios realizados | nº | 240 | 110 | - |
| | Explotacións leiteiras controladas | nº | 20.000 | 8.674 | - |
| | Explotacións que abandonan | nº | 5.213 | 5.069 | - |
| | Explotacións reestructuradas | nº | 12.500 | 9.276 | - |
| | Explotacións reproductoras controladas | nº | 25.000 | 12.461 | - |
| | Femias de recría | nº | 81.000 | 6.126 | - |
| | Reproductores en testaxe | nº | 110 | 41 | - |
| | Vacas leiteiras controladas | nº | 500.000 | 242.429 | - |
| | Vacas reproductoras controladas | nº | 600.000 | 308.460 | - |
| | Variedades ensaiadas | nº | 240 | 1.251 | - |
| | Abandonos de Tm leiteiras | Tm | 35.000 | 34.854 | - |
| | Tm reasignadas | Tm | 250.000 | 179.865 | - |
| | Áreas de Vide substituídas ou reestructuradas | Has | 630 | 117 | - |
| | Actos promocionais calidade agraria | nº | 60 | 37 | - |
| Mellora da calidade agroalimentaria | Animais bovino | nº | 4.500.000 | 2.341.853 | - |
| | Animais caprino | nº | 288.000 | 95.283 | - |
| | Animais equino | nº | 1.000 | 0 | - |
| | Animais ovino | nº | 1.800.000 | 807.442 | - |
| | Animais porcino | nº | 600.000 | 421.990 | - |
| | Apiarios (colmeas) | nº | 10.000 | 4.292 | - |
| | Explotacións acuicultura | nº | 160 | 50 | - |
| | Explotacións de bovino | nº | 600.000 | 288.413 | - |
| | Explotacións de ovino-caprino | nº | 156.000 | 69.542 | - |
| | Explotacións leiteiras controladas | nº | 57.000 | 45.734 | - |
| | Explotacións porcino | nº | 6.000 | 1.000 | - |
| | Explotacións visóns | nº | 204 | 102 | - |
| | Programas control de calidade | nº | 48 | 21 | - |
| | Puntos de control de máquinas muxidoiras | nº | 120.000 | 86.809 | - |
| | Revisión e actualización censos | nº | 9 | 3 | - |

*Notas: P 94-99: previsto 1994-1999; R 94-96: realizado 1994-1996; R 97-98: realizado 1997-1998*
*Fontes: * Avaliacións intermedias, 1994-1996, dos P.O. e S.G. do MCA, 1994-1999, aplicadas en Galicia*
***: estimación*

### *c) A relación coas outras políticas comunitarias*

A valoración do desenvolvemento da estratexia durante o seu primeiro período de vixencia non podía concluír sen levar a cabo unha revisión sintética do axuste que houbo entre a súa execución e os contidos das outras políticas comunitarias máis relacionadas coa cohesión, é dicir, a política de competencia, a de Pemes, a de protección do medio, o principio da igualdade de oportunidades e as recomendacións existentes en materia de emprego, que se detallan a continuación:

- As actuacións do MCA máis afectadas pola *política comunitaria de competencia* canalizáronse, dentro do ámbito rexional, a través do réxime xeral no que se encadran a práctica totalidade dos incentivos que compoñen o sistema de promoción empresarial da Xunta de Galicia (Decreto 309/95). A aprobación do dito réxime por parte da Comisión aseguraba a adecuación *ex-ante* das axudas programadas ás regras de defensa da competencia.

  En calquera caso, a avaliación *ex-post* do cumprimento da dita política confirma que as axudas concedidas durante o trienio analizado respectaron as directrices da política de competencia, tanto na súa vertente de teitos máximos de subvención como na de *minimis*[7]. O Cadro 54 permite apreciar que os incentivos canalizados a través da dita forma de intervención se situaron lonxe dos límites admitidos en ámbolos casos.

**Cadro 54. Porcentaxes medias de subvención bruta equivalente acadadas polos incentivos financeiros canalizados a través da Subvención Global FEDER-Igape durante o período 1994-1996**

| Provincias | Subvención bruta equivalente | Nº expedientes | Subvención bruta equivalente (media aritmética) [8] |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 11,22% | 565 | 3.828.743 |
| Lugo | 15,32% | 185 | 5.621.314 |
| Ourense | 10,15% | 114 | 3.818.237 |
| Pontevedra | 11,07% | 500 | 4..528.398 |

*Fonte: avaliación intermedia da subvención global FEDER-Igape*

- A observancia da *política comunitaria de Pemes* articulouse, basicamente, a través da subvención global FEDER-Igape, na que o programa máis relevante (*Axudas ó investimento productivo*) mobilizou 1.364 expedientes de axuda durante o período obxecto de valoración, correspondentes a 1.234 empresas, todas elas Pemes.

  Esta coherencia é unha consecuencia lóxica dos obxectivos institucionais do Igape, a súa estratexia de actuación buscou aliñarse, desde un principio, cos novos enfoques da política rexional comunitaria. Con este punto de partida, o Igape puxo en marcha desde 1993 varios programas cuns obxectivos que foron asumidos posteriormente polos diversos Programas Integrados da Comisión en favor das Pemes. Neste sentido, paga a pena destaca-la correspondencia que existiu entre as intervencións da subvención global (*bonificacións de tipos de xuros, subvencións ó investimento* e programas *LANZA, PIMEGA* e *IGATEL*) e as orientacións comunitarias referidas á mellora do contorno financeiro, o fomento do espírito empresarial, o estímulo ás novas técnicas de xestión ou a promoción de servicios de información, respectivamente.

  Ponse así de manifesto non só o respecto á política de Pemes no seu conxunto, senón a anticipación con que se levou a cabo o deseño estratéxico do Igape respecto dos principios orientadores da política comunitaria dirixida ás Pemes.

- De forma coherente coa *política comunitaria de medio ambiente*, un dos obxectivos finais da estratexia de desenvolvemento é a *"Recuperación e preservación do medio ambiente",* ó que se destinaron 85.189 millóns de pesetas ata finais de 1996, canalizados, principalmente, a través dos programas operativos FEDER e FEOGA-O, así como de diversas intervencións do IFOP. En calquera caso, a importante sensibilidade que amosa este obxectivo respecto do desenvolvemento dos restantes é influído por outros nove obxectivos intermedios (Gráfico 39), especialmente en Galicia, onde manteñen unha estreita relación coas dotacións e infraestructuras municipais, elevaría de forma notable os recursos involucrados no cumprimento desta política.

- O principio comunitario da *igualdade de oportunidades laborais* entre homes e mulleres atópase recollido de forma implícita no obxectivo final da estratexia de desenvolvemento que se dirixe a

---

[7] É dicir, que as débedas non notificadas non superasen os 100.000 ecus por empresa, nun período de tres anos e en termos de subvención neta equivalente.

[8] No caso da regra de *minimis*, tan só 7 empresas superaron o teito permitido, é dicir, deberíase notifica-la súa concesión se non se houbese aprobado antes o réxime xeral de débedas no que se encadraban (Decreto 309/95).

*Mellora-la cualificación dos recursos humanos, a capacidade de innovación e o desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.*

No ámbito do MCA, o cumprimento do dito principio atópase especialmente vinculado ás intervencións canalizadas a través do Programa Operativo FSE-Galicia. Durante o seu primeiro trienio de execución, as diversas accións deste programa beneficiaron a máis de 25.000 mulleres, é dicir, un 45% dos beneficiarios totais (Cadro 55). A finais de 1998 o número acumulado de beneficiarias ascendía a 64.213 mulleres, mantendo a mesma taxa de participación. A pequena desviación en contra da participación feminina débese máis ás características sociais da poboación activa ou ás singularidades de cada medida, que ó posible déficit de atención a este principio. Neste sentido, paga a pena destacar que a avaliación intermedia do P.O. FSE-Galicia sinala a orientación preferente que tiveron, durante o primeiro trienio de execución, as accións formativas cara á poboación feminina situada en ámbitos rurais, xa que máis dun 50% das entidades colaboradoras encontrábanse vinculadas ás asociacións de mulleres e un 42% delas localizábanse, ademais, en ámbitos rurais. Esta preferencia, máis próxima ó principio de equidade que ó de eficiencia, xunto ás maiores dificultades de inserción da poboación feminina, permite explica-lo diferencial negativo que rexistraron as mulleres respecto dos homes na taxa de colocación dos beneficiarios das dúas accións de formación profesional ocupacional do P.O. FSE: un 24,3% fronte ó 37,4% dos homes.

A participación da muller no empresariado galego resulta insuficiente como reflicte a reducida participación acadada polas mulleres no programa LANZA da Subvención Global FEDER-Igape, dirixido a promover e apoia-las iniciativas empresariais dos mozos. A avaliación intermedia desta forma de intervención sinala que só 39 dos 203 proxectos presentados a este programa durante o trienio 1994-1996 foron promovidos por mulleres e que estas tiveron menos éxito á hora de facer realidade as iniciativas (31,8% fronte a un 52,6%). Outros datos relevantes sobre esta cuestión sinalan o desfavorable perfil das mulleres en canto a capacidade innovadora, xa que os seus proxectos incorporan un contido menos novidoso que os dos homes e ademais, dispoñían de menor taxa de persistencia que a dos homes á hora de emprender segundas iniciativas empresariais unha vez fracasada a inicial (6,7% fronte ó 45,9% dos homes).

**Cadro 55. Participación feminina durante o período 1994-1998 nas accións do P.O. FSE-Galicia 1994-1999**

| Beneficiarias por accións | Beneficiarias 94-96 | Beneficiarias 97-98 | Beneficiarias 94-98 | Participación feminina 94-96 | Participación feminina 97-98 | Participación feminina 94-98 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Beneficiarias FP educacional | 12.146 | 24.292 | 36.438 | 43% | 42% | 42% |
| Beneficiarias bolsas investigadores | 141 | 114 | 255 | 70% | 51% | 60% |
| Beneficiarias FP a ocupados | 1.911 | 611 | 2.522 | 58% | 44% | 54% |
| Beneficiarias FP ocupacional menores 25 años | 5.078 | 1.457 | 6.535 | 47% | 34% | 43% |
| Beneficiarias FP ocupacional maiores 25 años | 4.920 | 3.312 | 8.232 | 45% | 33% | 39% |
| Beneficiarias axudas contratación menores 25 anos | 721 | 4.478 | 5.199 | 39% | 78% | 69% |
| Beneficiarias axudas contratación maiores 25 años | 788 | 3.539 | 4.327 | 38% | 73% | 62% |
| Formación ocupacional específica de mulleres | 0 | 705 | 705 | - | 100% | 100% |
| Total | 25.705 | 38.508 | 64.213 | 45% | 45% | 45% |

*Fonte: avaliación intermedia do P.O. FSE-Galicia, 1994-1999 e Segunda avaliación intermedia P.O. FSE-Galicia, 1994-1999*

- A evolución da participación da muller no *mercado de traballo*, así como os resultados do MCA en termos de emprego, incluíronse no apartado 2.1.3. b) adicado a valora-la evolución do contexto operativo no que se desenvolveu o MCA. As conclusións do dito epígrafe permitirán deducir que o respecto á igualdade de oportunidades e as recomendacións dirixidas a potencia-la capacidade das intervencións estructurais para crear emprego de forma directa non foron incompatibles cunha evolución macroeconómica que garda unha relación máis estreita coa complexa situación estructural da que partía Galicia nos ditos ámbitos nin cos impactos das intervencións do MCA, de natureza, necesariamente, microeconómica.

### *d) Os impactos das intervencións*

Unha vez identificados os cambios experimentados polo contexto operativo no que se desenvolve o MCA, neste epígrafe abórdase a tarefa de cuantifica-lo impacto específico derivado das

intervencións, é dicir, a contribución que xerou a execución do MCA ós cambios experimentados polo contexto socioeconómico.

A dimensión relativa do gasto executado do MCA constitúe unha primeira aproximación ó complexo exercicio de cuantifica-lo impacto macroeconómico. En boa medida, os ditos impactos deben gardar algún tipo de relación, polo menos na vertente da demanda, co alcance financeiro dos recursos mobilizados.

Os resultados desta análise preliminar do impacto (Cadro 56) permiten extraer dúas conclusións bastante claras. A primeira é a *importancia estratéxica* que ocupa o MCA dentro dos recursos da Administración Autonómica, as intervencións estructurais da cal non poderían acada-la dimensión actual sen o concurso dos Fondos Comunitarios. A segunda é o apreciable descenso da dita dimensión cando o gasto executado se compara coas macromagnitudes rexionais, como, por exemplo, co VEB, onde a dimensión relativa do MCA tan só alcanza un modesto 2,1%.

**Cadro 56. Ratios de dimensión relativa dos medios financeiros mobilizados en Galicia (1994-1998) con cargo ó MCA 1994-1999**

| Variables comparadas | 1994-1998 (medias) |
|---|---|
| Media anual 1994-1998 de gasto executado MCA / Presuposto anual Xunta de Galicia | 10,0% |
| Media anual 1994-1998 de gasto do MCA executado pola Admón. Autonómica/ Presuposto anual Xunta de Galicia | 6,4% |
| Media anual 1994-1998 de gasto executado polo P.O. FEDER / Presuposto anual de capital da Xunta de Galicia | 30,4% |
| Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FSE en formación / Presuposto anual Xunta de Galicia en políticas activas de emprego | 3,2% |
| Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FSE en formación investigadores / Presuposto anual Xunta de Galicia en investigación | 1,6% |
| Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FEOGA-O e o PO IFOP / VEB agrario de Galicia | 8,2% |
| Media anual 1994-1998 de gasto executado polo MCA / VEB total de Galicia | 2,1% |

*Fonte: elaboración propia a partir de "Informe Económico Financiero de las Administraciones Territoriales" (MAP), IGE, D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios; avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia*

Esta aproximación coincide, a grandes trazos, con medicións máis precisas do impacto das intervencións, como as contidas nos Cadros 57 e 58, que evidencian porcentaxes similares ás indicadas polas ratios de dimensión financeira. Esta similitude resulta coherente coa natureza das intervencións do MCA -esencialmente microeconómica-, a pesar da apreciable dimensión absoluta dalgúns dos seus resultados máis relevantes.

**Cadro 57. Impactos específicos dalgunhas actuacións do MCA en Galicia no ámbito das políticas activas de emprego**

| Variables comparadas | 1994-1996 | 1996-1998 |
|---|---|---|
| Beneficiarios formación ocupacional/parados Galicia | 4,8% | 4,19% |
| Beneficiarios axudas ó emprego/parados Galicia | 1,0% | 2,00% |
| Desempregados que atopan emprego despois de cursos ocupacionais/parados Galicia | 1,4% | 4,43% |
| Beneficiarios formación de ocupados/ocupados Galicia (media anual) | 0,2% | 0,11% |

*Fonte: elaboración propia a partir de Avaliación intermedia do P.O. FSE-Galicia (1994-1996) e Segunda Avaliación intermedia do P.O. FSE-Galicia (1996-1998)*

**Cadro 58. Impactos específicos dalgunhas actuacións do MCA en Galicia no ámbito da promoción do investimento privado**

| Variable comparada | 1994-1996 |
|---|---|
| Investimento inducido pola SG/FBC de Galicia sen construcción (1994-1996) | 4,5% |
| Investimento inducido pola SG/FBC de Galicia (1994-1996) | 2,1% |
| Fondos mobilizados pola SG/Total fondos prestados en Galicia (1994) | 0,73% |
| Emprego creado gracias a bonificacións nos tipos de xuro cofinanciadas pola S.G. / variación de ocupados non agrarios en Galicia (1993-1996) | 4,0% |
| Emprego creado e mantido gracias a bonificacións nos tipos de xuro cofinanciadas pola S.G./ ocupados non agrarios en Galicia en 1994 | 1,8% |
| Empresas creadas pola SG/empresas creadas en Galicia (1994-1996) | 2,46% |
| Certificados ISO da SG/certificados ISO Galicia (1994-1996) | 44% |
| Usuarios IGATEL/usuarios de internet Galicia (1996-1997) | 1,32% |

*Fonte: elaboración propia a partir da Avaliación Intermedia da Subvención Global FEDER-IGAPE*

Co obxecto de estimar con maior precisión o *impacto de demanda* xerado polos Fondos Estructurais, realízase unha análise input-output baseada no coñecido modelo de demanda (Cadros 59 e 60).

Os principais resultados desta análise centráronse no primeiro trienio de vixencia das intervencións. As principais conclusións deste exercicio, onde se expón a dimensión relativa dos ditos impactos, ó comparalos co crecemento nominal experimentado pola economía galega entre 1993 e 1996, poden resumirse nos seguintes trazos:

- O gasto dos Fondos Estructurais tivo unha especial incidencia a curto prazo nas distintas ramas de actividade, especialmente sobre a construcción e a industria manufactureira, que absorberon unha parte moi considerable do impacto total.
- En ausencia dos fondos executados, o crecemento nominal da economía galega durante o trienio 1994-1996 sería aproximadamente cinco puntos menor, o 17,27 %.
- O emprego total, mantido ou creado, derivado do impacto de demanda superou os 17.000 ocupados ó ano. Este impacto acadou unha dimensión relativa do 1,85% respecto ó total de ocupados en 1994 e un 2,58% sobre o emprego non agrario dese ano.
- O peso do efecto medio anual sobre o VEB respecto do VEB de 1994 foi un 1,7%. A diferencia entre esta cifra e o 2,2% como medida do peso relativo do gasto do MCA respecto do VEB 94-96, débese ás fugas de impacto que se produciron cara a España e ó resto do mundo, como consecuencia das importacións finais e intermedias que foi necesario realizar para satisface-lo aumento de demanda final asociada ós investimentos do MCA.

**Cadro 59. Impacto de demanda derivado do gasto público executado no período correspondente ó MCA 1994-1996. Millóns de ptas. correntes e número de persoas**

| Ramas de Actividade | Efecto inicial total | Efecto sobre producción interior | Efecto sobre VEB interior | % | Efecto emprego anual (media) | *% sobre emprego '94* | Efecto VEB anual (media) | *% sobre VEB'94* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Productos da agricultura, silvicultura e pesca | 14.137 | 5.558 | 4.099 | *2,31%* | 437 | 0,17% | 1.365 | *0,58%* |
| Productos enerxéticos | 23.390 | 7.507 | 4.593 | *2,59%* | 43 | 0,52% | 1.530 | *0,48%* |
| Productos industriais | 46.476 | 134.511 | 50.994 | *28,74%* | 4.229 | 3,35% | 16.997 | *2,88%* |
| Construcción e obras de enxeñería civil | 143.123 | 172.971 | 82.947 | *46,74%* | 10.055 | 11,14% | 27.649 | *11,14%* |
| Servicios destinados á venda | 47.936 | 50.713 | 34.812 | *19,62%* | 2.498 | 0,80% | 11.604 | *0,62%* |
| Servicios da Admon. Xeral, ensino e investigación, sanidade, servicio doméstico e outros servicios non destinados á venda | 15.033 | 17 | 15 | *0,01%* | 68 | 0,05% | 5 | *0,00%* |
| *Total* | 290.095 | *371.276* | *177.460* | *100%* | 17.329 | 1,85% | *59.150* | *1,72%* |

*Nota: utilizando coeficientes de VEB e de productividade aparente de 1994*
*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia; Táboa Input-Output de Galicia,1990 (IGE) e Contabilidade Rexional de Galicia 1990-1994, serie homoxénea (IGE)*

**Cadro 60. Resumo dos principais datos e indicadores obtidos da análise Input-Output. Miles de millóns de ptas. e persoas**

| Variable | Variacións 94-96 |
|---|---|
| Gasto total MCA | 265 |
| Impacto do gasto 94-96 sobre producción efectiva | 371 |
| Impacto do gasto 94-96 sobre VEB p.m. | 177 |
| Impacto do gasto 94-96 sobre o emprego (ocupados fase execución) | 51.768 |
| Fugas do VEB por importacións finais e intermedias | 103 |
| Fugas de emprego por importacións finais e intermedias | 17.852 |
| Gasto 94-96 / incremento VEB 94-96 en termos correntes | 22,66% |
| Puntos de crecemento do VEB inducidos por Gasto total MCA | 5,06% |
| Taxa de crecemento do VEB sen Gasto MCA (hipótese) | 17,27% |

*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia; Táboa input-output de Galicia,1990 (IGE); Contabilidade Rexional de Galicia 1990-1994; serie homoxénea (IGE) e Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE)*

Co obxecto de completa-la avaliación do impacto macroeconómico das intervencións do MCA consideradas durante a preparación do PEDEGA, desenvolveuse un *modelo econométrico de avaliación de impactos estruturais* específico para Galicia[9] que permitiu valora-los efectos de oferta das intervencións, é dicir, o aspecto que xustifica realmente a posta en marcha das accións estruturais, máis alá dos seus efectos conxunturais sobre a demanda agregada ou o emprego.

A avaliación dos impactos macroeconómicos baseouse na comparación dos resultados presentados polo modelo baixo un primeiro escenario de referencia, que non incluía as intervencións do MCA, cos derivados doutros dous escenarios alternativos:

- O primeiro deles é o escenario de referencia mailos recursos MCA programados para o conxunto do período 1994-1999, axustados no seu calendario de execución 1997-1999 ás realizacións efectivas que se executaron durante o primeiro período, segundo se describiron no epígrafe 2.3.2 deste capítulo. A comparación dos resultados do escenario de referencia cos derivados deste segundo escenario constitúen, pois, unha medición *ex–ante* do impacto global do conxunto do MCA, unha vez revisado o ritmo de desenvolvemento de acordo co acontecido a metade do seu percorrido.
- O segundo escenario tan só incorpora ó escenario de referencia as realizacións efectivas do trienio 1994-1996. A comparación dos seus resultados cos derivados do escenario de referencia constitúen, polo tanto, unha estimación *ex–post* do impacto dos fondos realmente executados durante o primeiro trienio de vixencia do MCA.

Das distintas simulacións obtidas para os diferentes escenarios seleccionáronse os resultados que se resumen no Cadro 61. Para construír este cadro calculouse en cada simulación a renda agregada dos anos 1994-2013, 1994-2004, 1994-1999 y 1994-1996, e expresáronse os valores dos totais obtidos con programas MCA en porcentaxe da correspondente renda agregada da economía de referencia. Lémbrese, no que segue, que a renda se aproxima polo valor engadido bruto privado non agrario.

**Cadro 61. Avaliación do impacto do MCA en Galicia: Renda en economía con MCA en porcentaxe da renda (VEB p.m. non agrario) na correspondente economía de referencia**

| Período de referencia do impacto | Escenario 2: Realizado 1994-1996 + Programación 1997-1999 axustada | Escenario 3: Realizado 1994-1996 |
|---|---|---|
| 1994-2013 | 103,2 | 101,7 |
| 1994-2004 | 103,6 | 102,0 |
| 1994-1999 | 103,1 | 102,1 |
| 1994-1996 | 101,8 | 101,8 |

*Fonte: elaboración propia*

[9] Os parámetros estruturais dese modelo foron estimados coa información mostral proporcionada por un panel de datos correspondente ás dezasete comunidades autónomas españolas, que, en termos efectivos, permitiu cubri-lo período 1980-1992. O modelo está integrado, en concreto, polas seguintes ecuacións:

1. Unha función de produción, que explica a renda (produción) a partir do emprego, o stock de capital privado e o stock de capital público.
2. Unha función de demanda de traballo, que explica o nivel de emprego pola renda e o stock de capital humano.
3. Unha función de investimento privado, que explica o investimento do sector privado pola renda.
4. Unha ecuación de acumulación de capital privado, que determina este a partir do investimento privado e da depreciación do stock existente. As variables endóxenas do modelo son: o Valor Engadido Bruto a prezos de mercado privado non agrario, como indicador de renda; o emprego total privado non agrario, o stock de capital privado non agrario e non residencial; e o investimento bruto privado non agrario e non residencial. Pola súa parte, as variables esóxenas son: o peso da poboación activa con estudios medios ou superiores na poboación activa total, como indicador de capital humano, e o stock total de capital público; tamén se traballou por separado co stock de capital público productivo e o stock de capital público social. Unha vez resolto o modelo, chégase á ecuación de forma final de crecemento da renda, que determina este a partir de:

- A dinámica do proceso investidor privado de carácter endóxeno, recollida no peso do investimento privado inducido no período anterior no correspondente stock de capital. Esta dinámica ten un efecto propio directo e un efecto indirecto modificando os coeficientes que miden os cambios na renda a partir de cambios nas variables esóxenas.
- O investimento MCA en capital privado, que agrega os fondos que proceden directamente da Unión Europea, os fondos públicos internos e os fondos privados internos. O seu efecto sobre o crecemento da renda depende da súa magnitude en relación co stock de capital privado da rexión.
- O crecemento total do stock de capital humano, onde se combina o compoñente autónomo co efecto dos fondos MCA destinados ó programa de recursos humanos.
- O crecemento total do stock de capital público, onde tamén conflúen investimentos estrictamente autónomos e o crecemento asociado ó programa de infraestructuras do MCA.

A análise dos impactos que tamén se expoñen no Gráfico 40, permite extrae-las seguintes conclusións:

- A realización completa das intervencións programadas no MCA fará que o VEB total non agrario de Galicia do período 1994-2013 sexa un 3,2% máis alto do que sería sen estas actuacións. Como se pode apreciar, a magnitude deste impacto prolóngase máis alá da finalización do programa, a diferencia do que sucede cos efectos de demanda, e alcanza o seu máximo potencial durante o período 1994-2004, do que a súa renda total sería un 3,1% máis reducida sen a execución do MCA. Máis alá deste período, o impulso vaise esgotando e o escenario tendencial, ou de referencia, recorta distancias, aínda que o saldo dos vinte anos que van desde 1994 ata 2013 é claramente favorable á economía con MCA.
- Os impactos estimados para a execución efectiva do primeiro trienio da programación ofrecen unha valoración similar á anterior. Neste caso, o suposto realizado sobre a non continuidade das intervencións máis alá de 1996 rebaixa o impacto global sobre a renda total (non agraria) do período 1994-2013 ata o 1,7%, pero os seus efectos tamén se prolongan máis alá da data de interrupción das intervencións, acadándose o máximo impacto durante o período 1994-1999, do que a súa renda total será un 2,1% máis elevada gracias ás intervencións xa desenvolvidas. No que respecta ó período 1994-1996, a renda non agraria acadada foi un 1,8% máis elevada cá que se obtería en ausencia do MCA. É dicir, o crecemento interanual que se obtén na economía de referencia (sen MCA) é do 2,78% en 1994, 2,75% en 1995 e 2,73% en 1996; con MCA, as cifras son, respectivamente, o 3,64%, 3,85% e 3,44%, é dicir, case un punto máis de crecemento anual durante os tres anos do período.

No Gráfico 40 móstrase a contribución do MCA á renda galega ano a ano, medida como a diferencia entre a renda simulada con fondos MCA e a renda dese ano para a economía de referencia, expresada en porcentaxe desta última. Compárase o impacto estimado nos dous escenarios alternativos: revisión a 1996 dos efectos previstos e efectos observados do subperíodo 1994-1996.

Tal e como mostra o Gráfico 40, no escenario que toma todo o MCA, o impulso máximo producirase en 1999, cunha renda que se prevé un 4,93% maior cá correspondente á economía de referencia. A partir de aquí a brecha vaise pechando lentamente, pese a que aínda no 2013 se agarda que a renda dese ano sexa un 2,5% máis alta do que sería se non existise o MCA. A avaliación do subperíodo 1994-1996 segue un perfil temporal similar.

**Gráfico 40. Estimación dos impactos de oferta do MCA sobre o VEB p.m. non agrario de Galicia**




*Fonte: elaboración propia*

O Gráfico 41, pola súa parte, mostra os efectos do MCA sobre o emprego galego, baixo os dous escenarios analizados. No momento de máxima desviación, o emprego chega a ser superior na economía con MCA en pouco máis de tres puntos, o que supón aproximadamente 20.000 empregados

máis, algo menos do 4% do emprego privado non agrario de 1992. A diferencia respecto á economía de referencia non cae tan rapidamente como ocorre con outras variables, xa que ó final do horizonte de análise é case un 1,69% máis alto na economía con MCA. Se se considera unicamente a execución do trienio 1994-1996, os impactos resultan moito máis moderados. O maior diferencial lógrase en 1996, no que o impacto diferencial se situou nun 1,59% máis de emprego que na economía sen MCA. Baixo este suposto, no ano 2013 a ocupación da economía con MCA aínda superaría ó emprego do escenario de referencia nun 0,73%.

**Gráfico 41. Estimación dos impactos do MCA sobre o emprego non agrario de Galicia**




*Fonte: elaboración propia*

Por último, os Gráficos que pechan o capítulo recollen a estimación dos efectos do MCA sobre os stock de capital privado (Gráfico 42), capital público (Gráfico 43) e capital humano (Gráfico 44) da economía galega nos dous escenarios considerados.

Atendendo ó escenario que se corresponde co primeiro trienio de execución do MCA, obsérvase que en 1996 o stock de capital privado chega a ser un 3,5% maior do que o sería sen o paquete de fondos MCA. Posteriormente, as diferencias redúcense, pero no 2013 a desviación aínda se atopa ó redor do 2,5%. A execución completa do MCA ampliaría estes impactos ó 9,01% en 1999 e ó 5,63% no 2013, sempre respecto ós valores expresados pola economía de referencia.

**Gráfico 42. Estimación dos efectos do MCA sobre o capital privado de Galicia**




*Fonte: elaboración propia*

O stock de capital público ten un crecemento algo maior (Gráfico 43), chegando a un máximo do 5,20% en 1999. Posteriormente, e a partir da finalización do MCA, a diferencia empeza a diminuír, ata situarse no 1,26% cara ó 2013. O escenario de execución total do MCA situaría os efectos sobre o capital público no 10,63% en 1999 e o 2,58% en el 2013.

**Gráfico 43. Estimación dos impactos de oferta do MCA sobre o stock de capital público de Galicia**




*Fonte: elaboración propia*

Finalmente, dado o suposto de ausencia de depreciación do capital humano, unha vez que o impacto se fai máximo, se estabiliza nese valor, que se estima ó redor dos 0,98 puntos de diferencia entre os respectivos índices de dotación (porcentaxe de poboación activa con estudios medios e superiores sobre o total de activos).

**Gráfico 44. Estimación dos efectos do MCA sobre o capital humano de Galicia**




*Fonte: elaboración propia*

### 1.3.3. Balance final das intervencións

De cara á elaborar un balance final sobre a *calidade que acadou a xestión do MCA en Galicia*, elaborouse o Cadro 62, que sintetiza as observacións contidas nas distintas avaliacións intermedias. Como pode observarse, trátase dunha valoración cualitativa, graduada en tres escalas (alta, media, baixa) divididas, á súa vez, noutros tres *chanzos* intermedios. A valoración de cada aspecto situouse no centro do recadro correspondente e coincide co punto onde se inicia a liña quebrada que transcorre ó longo das diferentes facetas consideradas.

O trazo dominante desta "radiografía" do MCA en Galicia é a *abundancia de valoracións medias-altas*, malia existencia dalgúns extremos. No lado positivo, atópanse varias cuestións que avalan a conveniencia de persistir na estratexia de desenvolvemento, como a coherencia da programación cos problemas do contorno; o cumprimento das políticas comunitarias de competencia e Pemes; os efectos microeconómicos producidos sobre os beneficiarios; ou a evolución do contorno máis relacionado cos obxectivos específicos das intervencións.

Polo contrario, a coordinación coa Comisión, xunto a algúns obxectivos intermedios -como a mellora dos procedementos internos de seguimento, a internacionalización das empresas ou outros vinculados ó IFOP-, indican algúns dos pasos recomendados nas avaliacións.

Malia estes problemas, os resultados das intervencións executadas influíron positivamente nos factores de desenvolvemento de Galicia, na súa evolución macroeconómica, nas expectativas dos seus axentes económicos e na imaxe da rexión no exterior.

As avaliacións intermedias da aplicación do MCA en Galicia coincidiron en dous aspectos relevantes cara ó futuro: por un lado, a adecuación das intervencións ós problemas fundamentais da economía galega e, por outro, a necesidade de persistir no esforzo. Gracias ó actual MCA, a política rexional galega orientouse con especial intensidade cara á solución destes problemas estructurais. Os

logros físicos acadados son importantes, feito que debe ter contribuído a remover unha magnitude non desdeñable dos efectos fixos negativos para o desenvolvemento rexional.

O listado de realizacións concretas é extenso, pero todas elas comparten o mesmo rasgo: un avance positivo, aínda que tamén modesto, en xeral, en canto á dimensión relativa do impacto xerado sobre a magnitude dos problemas que se pretenden resolver. Unha reflexión citada con certa frecuencia ó longo das avaliacións intermedias coincide con esta apreciación, ó sinalar que os impactos das intervencións do MCA son esencialmente microeconómicos, polo que non é estraño que os seus efectos acaben diluíndose ó comparalos con macromagnitudes das que o seu tamaño se atopa lonxe do alcance financeiro do MCA. Neste sentido, só a maduración a medio e longo prazo dos programas, a difusión destes e a xeración de efectos demostración, poderían eleva-lo alcance cuantitativo duns resultados, a incidencia dos cales foi especialmente relevante para os seus beneficiarios.

Cara ó futuro, non parece arriscado afirmar que a boa marcha das medidas de política rexional, xunto á experiencia adquirida na súa complexa xestión, facilitarán o logro dos obxectivos financeiros, físicos e económicos previstos. Este feito permitiría introducir certos cambios na estratexia de desenvolvemento a formular cara ós próximos anos.

**Cadro 62. Valoración cualitativa do desenvolvemento do MCA 1994-1999 en Galicia**

| | VALORACIÓN | | |
|---|---|---|---|
| | Baixa | Media | Alta |
| Coherencia externa da programación | | | |
| Avaliabilidade dos programas | | | |
| Sinerxias funcionais da programación | | | |
| Ferramentas informativas dispoñibles para avaliar | | | |
| Calidade do seguimento | | | |
| Execución financeira | | | |
| Posibilidade de cumprir 100% execución financeira | | | |
| Coordinación interna Admón rexional e con outras entidades rex. | | | |
| Coordinación Admón rexional coa Comisión | | | |
| Coordinación Admón rexional coa Admón central | | | |
| Efectos sobre beneficiarios | | | |
| Efectos sectoriais | | | |
| Efectos territoriais | | | |
| Eficacia (financeira/física) | | | |
| Eficiencia (custos medios) | | | |
| Evolución do contorno-obxectivo | | | |
| Impactos macroeconómicos | | | |
| Cumprimento Pol. Competencia | | | |
| Cumprimento Pol. Pemes | | | |
| Efectos sobre medio ambiente | | | |
| Cumprimento orientacións de mercado de traballo | | | |
| Mellora-los métodos de programación, xestión e avaliación | | | |
| Estimula-la utilización dos servicios avanzados por parte das empresas | | | |
| Mellora das comunicacións por terra, mar e aire | | | |
| Supera-lo déficit en telecomunicacións | | | |
| Mellora-la dotación de equipamentos sociais | | | |
| Mellora-la dotación de infraestructuras productivas(auga, electricidade, solo) | | | |
| Dotar á formación profesional de mellores instalacións | | | |
| Impulsa-la oferta tecnolóxica (I+D) e a innovación | | | |
| Protección e mellora do medio ambiente | | | |
| Mellora da oferta turística e fomento do turismo rural | | | |
| Mellora das infrestructuras agrarias | | | |
| Investigación específica no sector pesqueiro | | | |
| Incrementa-lo investimento productivo | | | |
| Aumenta-la internacionalización da empresa galega | | | |
| Impulsa-la capacidade innovadora empresarial | | | |
| Incrementa-lo uso das novas telecomunicacións | | | |
| Mellora do sistema educativo en xeral | | | |
| Mellora da cualificación da man de obra | | | |
| Reducir custos de contratación | | | |
| Axuste do esforzo pesqueiro | | | |
| Renovación e modernización da flota pesqueira | | | |
| Acuicultura | | | |
| Zonas mariñas pesqueiras | | | |
| Equipamento de portos | | | |
| Comercialización dos productos pesqueiros | | | |
| Promoción de productos pesqueiros e da acuicultura | | | |
| Mellora do habitat rural | | | |
| Axuste do potencial productivo agrario | | | |
| Mellora da calidade agroalimentaria | | | |



*Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias P.O. e S.G. aplicados en Galicia*